


Guía de literatura
infantil e xuvenil
para a igualdade

XUNTA DE GALICIA



Guía de literatura
infantil e xuvenil
para a igualdade

XUNTA DE GALICIA



Edición

Xunta de Galicia
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza
Secretaría Xeral da Igualdade

Selección e elaboración de fichas

Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, GÁLIX

Coordinación

Pilar Sampedro Martínez (GÁLIX)

Redacción de fichas

M.^a Dolores Tobío Iglesias
M.^a Isabel Serantes Gómez
Pilar Sampedro Martínez
Atenea Ruibal Durán
Maruxa Caamaño Varela (GÁLIX)

Corrección ortográfica

Mercedes Pacheco Vázquez

Diseño e maquetación

Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Depósito Legal: C 147-2019

Introducción

A promoción da igualdade entre mulleres e homes é un principio que a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia ten como obxectivo reitor da súa acción. Un dos ámbitos nos que é prioritario que se incorpore a igualdade entre mulleres e homes é o ámbito da educación, xa que é a semente da sociedade presente e futura. Por isto, a coeducación, a educación en igualdade, ten que estar presente en todos os elementos do sistema educativo e da sociedade. A través da coeducación recoñecemos as diferenzas entre homes e mulleres e tentamos impedir que estas diferenzas sexan a orixe de relacións desiguais e de dominación dun sexo cara ao outro.

Coeducar consiste en educar en igualdade dende a diferenza, tendo en conta todos os aspectos que se consideran positivos e necesarios para a formación dunha persoa, independentemente do seu sexo. Da responsabilidade de educar, de coeducar, sen prexuízos a nenas e nenos somos responsables todas e todos, os pais e as nais, a sociedade e a Administración. Desde a Secretaría Xeral de igualdade, conscientes da transcendencia que ten cara o futuro esta responsabilidade, decidimos presentar esta publicación: GUÍA DE LITERATURA LITERATURA INFANTIL E XUVENIL PARA A IGUALDADE.

Esta guía proposta pola Secretaría Xeral da Igualdade, foi realizada en colaboración con GALIX, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, e contén unha escolma de obras literarias que son un complemento educativo para o profesorado, para nais e pais e para o noso alumnado. Recolle 51 libros publicados entre os anos 2014-2017 que consideramos que son adecuados e significativos para conseguir unha sociedade máis igualitaria, unha sociedade libre de estereotipos de xénero, onde as nenas e os nenos teñan as mesmas oportunidades, que haxa igualdade e polo tanto unha sociedade máis xusta.

Esta guía ten a súa orixe en dúas publicacións anteriores: a primeira *Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria* publicada no 2004 e a *Guía de literatura infantil e xuvenil non discriminatoria II* do ano 2007. Nace, polo tanto, con afán de continuar traballando neste camiño da igualdade.

Con esta guía pretendemos amosarlle ás nenas e nenos e ás mozas e mozos que outros contidos na literatura son posibles: o empoderamento das mulleres, a corresponsabilidade e repartición de tarefas no fogar, a ruptura cos estereotipos sexistas e cos roles tradicionais, a visualización das mulleres na historia ou na ciencia. Que as nenas poden ser as protagonistas dos contos, que poden decidir e escoller o que queren facer da súa vida ou que en Galicia hai e houbo mulleres bravas e loitadoras. Aos nenos poden amosarlles que hai outros modelos de masculinidades non hexemónicas. En definitiva, queremos ensinarlle ás nenas e nenos que hai outros modelos e outros referentes nos que poden mirarse e que poden imitar.

Desexamos que esta escolma de contos sexan como pequenas sementes que deixamos no camiño da educación das nosas nenas e nenos para que dean froito. O froito da igualdade entre mulleres e homes e da non discriminación por razón de sexo para que consigamos un mundo máis xusto e igualitario.

Susana López Abella
A secretaria Xeral da Igualdade

Presentación

GALIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil) congratúlase por esta nova publicación que pretende destacar aqueles libros, dirixidos á infancia e mocidade, que superan a discriminación de xénero, salvando estereotipos, prexuízos e roles de corte tradicional.

Os libros que aparecen nesta selección (publicados nos anos 2014, 2015 e 2016) ofrecen modelos de muller acordes coa actualidade, mostran novas masculinidades e ábrense ao respecto pola diversidade de opcións sexuais. Son libros que provocan a reflexión necesaria para superar obstáculos que limitan o papel da muller na sociedade. Avanza a sociedade e a literatura recolle os progresos que se están a producir neste ámbito, ao tempo que fai visibles os riscos que seguen a existir, a violencia de xénero, os micromachismos ou o ciberacoso como unha manifestación contemporánea.

Helena González, no ensaio *Elas e o paraugas totalizador*, lembra que a literatura é a única arte sensible para construír e debater identidades. Rapazas e rapaces necesitan novos personaxes cos que identificarse e novos espellos nos que reflectirse para recoñecerse con empoderamento e asertividade. A literatura molla aos lectores e lectoras como chuvia mansa, de aí a necesidade de que recolla valores como a sororidade, a diversidade, a tolerancia, o respecto polo outro, a solidariedade, o compromiso coa defensa do máis débil, a tolerancia cero ante as discriminacións... que vaian empapando a mirada e as emocións.

As obras distribúense en tres tramos de idade: primeiras lecturas de cor verde, lecturas autónomas de cor vermella (a partir de 8 anos) e lecturas expertas de cor azul (a partir de 12 anos).

De cada un dos libros que forma parte da escolla, elabórase unha ficha na que se recollen datos bibliográficos, unha pequena sinopse, os contidos da obra relacionados coa igualdade de xénero (superación de estereotipos sexistas, novas masculinidades, ruptura de roles sexistas, símbolos e tradición, opcións sexuais diversas, visibilidade e empoderamento da muller, linguaxe non sexista, ocupación do espazo público e privado, distribución do traballo doméstico, mitos, ar-

quetipos, tratamento dos temas tabús, a ética do coidado, distintas tipoloxías de familias,...), temáticas e xéneros (temas xerais; xéneros clásicos: teatro, poesía, narrativa, banda deseñada, biografía...; humor, novela negra, misterio, ciencia ficción, fantasía...). A ficha inclúe tamén un pequeno fragmento significativo que -a modo de cata- ilustra o ton da obra, posibles actividades arredor das temáticas que se recolleron como etiquetas relacionadas co xénero e ligazóns que nos remiten ao libro, ao autor ou autora e ao ilustradora ou ilustrador.

Este recurso quizás debería ser encadrado no devir destes libros, dirixidos á infancia e mocidade, para entender mellor a súa razón de ser.

A literatura infantil e xuvenil galega é unha manifestación artística de éxito que en menos dun século de vida se colocou ao nivel das literaturas que corresponden ás lingua normalizadas na nosa contorna. A súa calidade está fóra de toda dúbida, como o demostran os premios acadados fóra de Galicia e a tradución dos nosos libros a outras linguas. Os creadores e creadoras teñen feito un esforzo ímprobo por dotar a rapazada galega dos produtos literarios que necesitaba e merecía. Estes autores e autoras, moitas veces dedicados á docencia e encadrados nos movementos de renovación pedagóxica, puxéronse a escribir para encher o baleiro e, ao tempo que se comprometían coa lingua, fixérono tamén cos valores democráticos de igualdade, paz ou ambiente, de aí que entre nós abunden as obras que achegan unha mirada coeducativa. Correspóndenos, ás persoas mediadoras, destacalos, facilitar a súa lectura e traballalos para facer consciente, á rapazada, da inxustiza presente nalgunhas situacións e da necesidade de mudalas.

GALIX agradece a oportunidade que a Secretaría Xeral de Igualdade lle ofrece para colaborar na elaboración deste recurso, poñéndoo nas mans das familias, profesorado, persoas bibliotecarias e outros axentes que posibiliten unha nova mirada no camiño da igualdade.

Índice

PRIMEIRAS LECTURAS

A cociñeira do rei	11
A nena do parque	14
As redes de Inés	17
Caer de cu polo universo	20
Maruxa	23
Os Bolechas ven unha moura	26

LECTURAS AUTÓNOMAS

A meiga e o emperador.....	31
A vendedora de palabras.....	34
Aleida, cidade sen alma	37
As terapias da doutora Leticia	42
Emilia Pardo Bazán. Unha nena seducida polos libros	45
Escarlatina, a cociñeira defunta	50
Esmeraldina a pequena defunta	54
María Victoria Moreno	58
Marta e a píntega	61
Historia das mulleres galegas. Das marchas nómades á Marcha Mundial das Mulleres.....	65
Nena e o mar	70
O anano máis alto conta a historia de Brancaneves.....	73
O capitán Maimiño	76
O corazón da maxia	80
Ovella descarreirada	83
Quen dá a quenda?	86

Mulleres bravas da nosa historia. Rosalía de Castro	90
Sira e o robot. Adventures on Titan	93
Todo o tempo do mundo	96
Volvo! O regreso de Usha	99
Un ronsel de ardora. Pequena biografía de Ángeles Alvariño.	103

LECTURAS EXPERTAS

A caixiña dos rancores.....	109
A cea das enaguas.....	113
Alaia e a deusa.....	117
Ámote Leo A. Terminal de chegadas?	121
Ámote Leo A. Estación de tránsito	125
Aram o armenio.....	129
Ari e o Minotauro	133
As aventuras de Margaret White. A balada do Solitario.....	136
As palabras poden matar	141
Cans.....	145
De domingo a domingo	148
Denébola a Roxa.....	152
As crónicas de Landereina. Feitizo de sangue	157
Maelström, Maelström.....	162
Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta	165
Non hai luz sen escuridade.....	169
Norteáns	174
O camiño da Estadea. O regreso de Sheila e Said.....	179
Ons	183
Os que levan o lume	186
Penúltimas tendencias.....	189
Sangue de Lúa	193
Tártarus	197
Xa non estou aquí	202

Primeiras lecturas

A cociñeira do rei



Texto: Soledad Felloza

Ilustracións: Sandra de la Prada

OQO Editora, 2014

Colección O

ISBN: 978-84-9871-501-9

Premio de Narración Oral
Cociña de Contos

Sinopse

O rei está triste, as cousas en palacio non poden ir peor. Reunida a comisión de sabios decídese facer un bando para buscar cociñeiro real. Todos os cociñeiros do reino e doutros próximos e afastados se puxeron en camiño para optar ao posto, e entre eles, unha cociñeira, Mencía. Animouse, a pesar de que pedían un cociñeiro, porque todos dicían que cando ela cociñaba era día de festa.

Púxose a cociñar seguindo o libro de receitas da avoa, engadiulle o ingrediente secreto, ao bacallau, perdiz e torta. Cando todo estivo listo, meteu a comida en dúas cestas e encamiñouse a palacio. Polo camiño, saían detrás dela seguindo o arrecendo e pedindo a receita.

Cando o rei probou o que Mencía preparara acudiron a el as lembranzas da infancia e recuperou a alegría. Nomeouna cociñeira real; cando lle preguntaron acerca do ingrediente secreto, respondeu que a resposta era a ilusión, tal como a avoa lle ensinara.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Linguaxe sexista.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Ruptura de prexuízos.
- Visibilidade da muller.
- Os saberes das mulleres.
- Empoderamento das mulleres.

Temática e xéneros

- Álbum ilustrado.
- Recursos da narración oral.
- Tradición na forma.

Pequeno fragmento significativo

Todos os cociñeiros... e unha cociñeira!, porque, aínda que ben claro se pedía un COCIÑEIRO, Mencía pensou: E por que non eu?

Actividades

1. O emisario pide un cociñeiro de forma que poderíamos pensar que non pode presentarse unha cociñeira. A linguaxe pode considerarse sexista porque oculta a existencia das mulleres. Vexamos que ocorre nos seguintes enigmas: "Hai unha xirafa grande e outra pequena. A pequena é filla da grande, pero a grande non é nai da pequena. Como pode ser?", "García vivía co seu pai, pero o pai de García morreu; con todo, o pai de García nunca tivo un fillo nin viviu con el. Cal pode ser a resposta?" A partir destas adiviñas podemos sacar conclusións sobre a necesidade de visibilizar as mulleres tamén na linguaxe.
2. Observar que nas casas seguen a cociñar maioritariamente as mulleres porén, cando se escoita falar de cociñeiros famosos normalmente son homes. Cal pode ser a razón?
3. Hai aprendizaxes que acostuman pasar de avoas a netas ou de nais a fillas, como sucede neste caso, pois Mencía ademais

de ter o receitairo da avoa coñece o seu ingrediente secreto. Que outras aprendizaxes pasan dunhas a outras mulleres?

4. Deste conto chama a atención que entre todos os homes que se propoñen para ser cociñeiros do rei resulte gañadora unha cociñeira, que ademais semella ser unha nena, pois aínda que no texto non se nos di nada, nas ilustracións así nola presentan. Que outros casos ou contos coñecemos nos que sexa unha muller a que destaque?
5. Un libro construído só por mulleres: Soledad Felloza no texto e Sandra de la Prada na ilustración. Realizar unha listaxe de libros que cumpran este requisito.
6. Citemos nomes de mulleres destacadas no campo da ciencia, no da literatura e no das artes.

Ligazóns

Escritora:

<http://soledadfelloza.com/>

Ilustradora:

<http://www.sandradelaprada.com/>

Libro:

<http://www.manuelgago.org/blog/2014/06/19/a-cocineira-do-rei-o-primeiro-libro-lix-de-sole-felloza/>

<http://www.crtvg.es/cultural/corte-a-corte/a-cocineira-do-rei-de-soledad-felloza-e-sandra-de-la-prada-premio-de-narracion-oral-cocina-de-contos>

A nena do parque



Texto: Antonio García Teijeiro

Ilustracións: Nuria Díaz

Edicións Embora, 2014

Colección O Globo

ISBN 978-84-92644-89-6

Sinopse

Noa, a nena que protagoniza este relato, ama a natureza. A ela dóenlle os estragos que se fan nos bosques, nos ríos... É sensible: escoita a música con atención e emociónase coas lecturas que os pais lle fan en voz alta. Vive co irmán, Antón. Ten un elefante de peluche e un can.

Gústalle xogar co balón, bailar e pintar, pero sobre todo ir ao parque. Aí estende a súa fantasía e comunícase coa natureza. Descubre que o parque está cada vez máis abandonado, coma se se tratase dun ataque á beleza e pregúntase que pode facer ela para evitalo.

A súa preocupación fai que desde a fantasía resolva o problema. Unha estrela verde aparece no ceo e ela vaina buscar. A estrela déixalle un po verde que ela estende polo parque para devolverlle a vida.

Noa, ademais de ser sensible, está disposta a actuar para salvar o parque.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilidade da muller.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Empoderamento da muller.

Temática e xéneros

- Narración.
- Natureza.
- Preocupación medioambiental.

Pequeno fragmento significativo

Noa rebelábase contra o que estaba a ver. Non estaba disposta a aceptalo. Ela, tan coidadosa coas plantas -as súas plantas- tan rebuldeira coas bolboretas -as súas bolboretas-, tan respectuosos coas árbores -as súas árbores-, tan cantaruxeira cos paxaros -os seus paxaros-, comezaba a pensar con desacougo que lle estaban a roubar o seu tesouro máis valioso: a fragancia dun xardín onde as cousas recendían a felicidade. A súa felicidade

(...)

E, por fin, a idea apareceu e brillou coma unha lámpada na súa cabeza. Abriu o armario onde tiña os útiles de debuxo. Colleu unha cartolina amarela, un rotulador negro (agora xa sabía dicilo correctamente) e pintou unha escaleira. Apoiouna na fiestra, cara á estrela. Sen pensalo máis, comezou a subir por ela, banzo a banzo, para chegar ata aquel corpo celeste que brillaba con luz propia. Dark fitábaa abraiado. Noa seguía avanzando e, á fin, agarrouna con coidado. Acariñouna e, xuntas, principiaron a viaxe de regreso. A estrela levaba no seu interior todo o verde do parque e de infinitos parques máis.

Actividades

1. Escribir sobre o que temos en común cadaquén de nós con Noa.
2. Explicar as razóns polas que a protagonista desta historia nos resulta interesante.
3. Buscamos e copiamos a definición de sensibilidade para ver se lle acae a Noa. Reflexionamos sobre os roles de xénero e por que a sensibilidade e a empatía son algo que valorar nas mulleres e criticar nos homes dentro dun contexto convencional e pouco igualitario.
4. Localiza un texto no que se demostre que a protagonista é unha persoa emotiva.
5. Argumenta as razóns polas que consideras que é unha nena moi autónoma.
6. Unha das definicións de ecoloxista é "persoa que se interesa pola natureza e o medio ambiente e procura protexelos", xustamente o que fai Noa. Imaxina que es Noa e redactas o decálogo do bo ecoloxista.

Ligazón

Páxina do escritor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Antonio_Garc%C3%ADa_Teijeiro

<http://garciateijeiro.blogspot.com.es/>

Páxina da ilustradora:

<http://www.nuriadiaz.es/>

Outras ligazóns relacionadas co libro:

http://www.edicionsembora.es/producto_detalle.php?producto=1051

<http://garciateijeiro.blogspot.com.es/2015/05/a-nena-do-parque-noa-duas-decadas.html>

As redes de Inés



Texto: Elvira Riveiro

Ilustracións: Fino Lorenzo

Edicións Xerais de Galicia, 2014

Colección Merliño

ISBN 978-84-9914-633-1

Sinopse

Inés traballa no peirao, sentada no tallo e atando redes. Observa o mar e fala de mil cousas: de lugares, peixes, mouras, mariñeiros, da avoa e a nai que tamén foron redeiras... Faino todo ben, sen que nunca se enleen as redes, que unha vez amañadas volven ao mar.

Inés protagoniza unha historia de mulleres que continúan a tradición.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Saga feminina.
- Os saberes das mulleres.
- Muller transmisora da tradición.
- Visibilidade das mulleres.

Temática e xéneros

- Poesía.

- O mundo do mar.
- Un oficio.
- A valoración do traballo ben feito.

Pequeno fragmento significativo

(...)

*Ela cun sorriso,
sorriso de mel,
fálame gustosa
do antigo Berbés.
Da avoa Esmeralda,
redeira de ben,
do avó Olegario
guiando un batel.
Da súa nai, Rosa,
redeira tamén,
que anoaba a malla
mesmo do revés.
O mundo é maior
cando escoito a Inés,
no seu ollar mouro
son capaz de ler
historias salgadas
que me fan crecer.
(...)*

Actividades

1. Contestar as preguntas:

En que consiste o traballo das redeiras? En que lugar o realizan tradicionalmente? Coñeces outros usos da redes que non sexan a pesca?

2. Comentar cando e onde observaron este tipo de oficios, se lles parecen duros ou non, se teñen visto homes realizándoos ou hai algunha diferenza entre os traballos duns e das outras.

3. As mulleres galegas, ademais de redeiras, acostuman desenvolver outro traballo no mar, o de mariscadoras. Conseguir información acerca destes dous oficios, recoller imaxes e elaborar unha presentación.
4. Moitos dos traballos anteriores acostuman pasar dunha xeración a outra, de avoas a nais e netas, tal como se explica no libro. Pensar noutros nos que tamén suceda o mesmo.
5. Inés conta historias mentres ata as redes. Hai traballos que se prestan a falar mentres se realizan, cales coñeces? A quen tes visto traballar e contar a un tempo? Que contaba?
6. Inés fala do antigo Berbés e daquela sabemos que estamos en Vigo, o seu lugar. Fala da avoa e do avó, da nai, do tío... da familia. As mulleres acostumamos falar das cousas que nos interesan, do lugar de onde somos, da familia de onde vimos. Comentar, a ser posible en verso, algo acerca da familia e o lugar de cadaquén de nós.
7. Inés conta historias de peixes e da nena que quere vestirse con redes... pero tamén dunha moura. Buscar información sobre as mouras e algunha das súas historias que poidamos contarnos uns a outras.
8. Dise no libro que o quefacer da redeira ao estar ben feito se vira en arte, e tamén que se establece como unha danza entre as mans, as redes, a lanzadeira, os dedos... Seguro que a poesía tamén se pode danzar. Probamos?

Ligazón

Páxina da escritora:

<https://blog.xerais.gal/2015/elvira-riveiro-tobio-rescribo-en-parte-o-que-me-rodea-o-que-vexo-o-que-leo-o-que-ouzo-o-que-me-revolve/>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Elvira_Ribeiro_Tob%C3%ADo

Ligazón ao ilustrador:

http://finolorenzo.es/el_autor_fino_lorenzo/

Outras ligazóns relacionadas co libro

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=3598270>

<http://www.asega-critica.net/2014/09/as-redes-de-ines-elvira-riveiro.html>

Caer de cu polo universo



Texto: Estíbaliz Espinosa

Ilustracións: Lucía Cobo

Apiario, 2015

Colección Niño de abella

ISBN 978-84-943210-4-7

Sinopse

Pandora é unha rapaza astronauta coa que viaxaremos polo espazo, con ela visitaremos constelacións, estrelas, a Lúa e incluso o Sol.

A trama xira arredor dun diálogo continuo entre Pandora e os outros personaxes; a través de divertidas rimas e xogos de palabras vainos ensinar facer diferenza entre as estrelas e os planetas cando ollamos o ceo escuro. Este álbum ten unha coidada proposta editorial e nel destaca a tipografía que "baila" ao son da narración.

Nas historias espaciais os protagonistas adoitan ser homes, pola contra Pandora é unha rapaza aventureira e chea de curiosidade que racha cos estereotipos.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de roles tradicionais.
- Muller no espazo público.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Socialización de xénero.

Temáticas e xéneros

- Álbum ilustrado.
- Universo e corpos celestes.
- Astronautas.

Pequeno fragmento significativo

Cantas veces din que algo está
«no cu do mundo»!
Pero, sabemos onde queda o cu do mundo?
E alguén lle viu o cu ao mundo?
Pois parece que si...
Pandora, a viaxeira astronauta
Contounos un conto
Que nos puxo en órbita!

Actividades

1. Cada neno e cada nena deberá facer unha listaxe de profesións que asocie a roles femininos e masculinos. Posteriormente, desmontaremos ese listado conversando e observando que todos os traballos poden ser realizados por ambos sexos.
2. Observar nun catálogo de disfraces como se relaciona o xénero coas diferentes profesións. Conversar e reflexionar conxuntamente.
3. Redactar cal queren que sexa o seu futuro traballo e as súas motivacións.
4. Este é un libro escrito e ilustrado por mulleres. Pensemos noutros que coñezamos onde tamén sexan mulleres as creadoras.
5. Xoguemos a dicir ou escribir nomes de escritoras e escritores para observar se hai máis homes ou mulleres coñecidos que publiquen libros.
6. Podemos facer o mesmo exercicio con ilustradores e ilustradoras.
7. Buscar nomes de astronautas.

Ligazóns

Escritora:

<https://estibalizespinosa.com/>

Ilustradora:

<http://pintaquetepinta.blogspot.com.es/>

Libro:

<http://apiario.eu/nino-de-abella/8-caer-de-cu-polo-universo.html>

Maruxa



Texto: Eva Mejuto

Ilustracións: Mafalda Milhães

OQO, 2014

Colección O

ISBN: 978-84-9871-490-6

Recoñecida pola Cookbook
Gourmand ward 2014 na
categoría Best Illustrations
CookBook

Sinopse

O quefacer cotián na casa de Maruxa e Pepiño non está distribuído dun xeito equilibrado e a coitada muller debe facer todos os labores mentres a súa parella folga. Pero as cousas comezan a mudar cando estando esfameado Pepiño esixe á súa compañeira que lle prepare o xantar. Maruxa está cansa desta situación e decide mudar as tornas. Neste conto ollamos o machismo nunha situación da vida cotiá e como Maruxa se empodera procurando que a súa relación sexa máis xusta.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Modelos igualitarios.
- Distribución do traballo doméstico.
- A dobre xornada laboral da muller.
- Socialización de xénero.
- Empoderamento das mulleres.

Temáticas e xéneros

- Álbum ilustrado.
- Convivencia familiar.
- Relacións amorosas.

Pequeno fragmento significativo

Maruxa e Pepiño vivían na aldea. Maruxa labraba, cosía e barría. Pepiño folgaba, cantaba e durmía. Ate que un bo día...

[...]

- *“E, desde aquel día, traballo e descanso... sempre en compañía!*

Actividades

1. O alumnado fará un diario do menú semanal. Nel anotará os seus almozos, comidas, merendas e ceas e as persoas que o elaboraron.
2. Reflexionar acerca de quen traballa máis na súa casa, se o pai ou a nai, ou se o fan por igual.
3. Elaborar unha receita de cociña entre persoas adultas e infantís. Falar de se a cuestión de xénero debe incidir nas tarefas cotiás.
4. Comparar este conto con *E ti que farías por min?*, de Fina Casalderrey
5. Nun cadro, recoller as tarefas da casa e a persoa que as realiza:

Tarefa	Persoa que a realiza
Facer o almorzo	
Limpar a cociña	
Lavar a roupa / Poñer a lavadora	
Lavar a louza / Poñer o lavalouzas	
Cociñar	

Tarefa	Persoa que a realiza
Facer as camas	
Limpar o po	
Limpar o chan	

Ligazóns

Escritora:

<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/eva-mejuto>


Ilustradora:

<http://www.obichinhodeconto.pt/>

Obra:

<http://oqo.es/gl/produto/maruxa/>

Os Bolechas ven unha moura



Autor: Pepe Carreiro

Editorial: Bolanda, 2016

Colección: Os Bolechas

ISBN: 978-84-608-9422-3

Sinopse

Sarela, curmá dos Bolechas, fálalles unha noite das mouras. Braulio non é quen de durmir e cre ver unha pola fiestra do dormitorio.

As mouras son personaxes míticos femininos que aparecen en múltiples lendas.

Esta obra forma parte da serie infantil *Os Bolechas*.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilidade da mulleres.
- Linguaxe non sexista.
- Símbolos e mitos femininos.
- Modelos igualitarios.

Temática e xénero

- Álbum ilustrado.
- Serie.
- Relacións familiares.

Pequeno fragmento significativo

— *É unha moura. Ten o cabelo longo e dourado e estao a peitear
—di a Sarela, que sabe disto.*

Actividades

1. Nesta lectura atoparás un ser mitolóxico. Investiga sobre os seres mitolóxicos femininos galegos. Que características teñen? Teñen cualidades positivas ou negativas? Con quen interaccionan habitualmente, con homes ou con mulleres?
2. Buscar lendas de mouras na páxina Galicia encantada. Ler algunha e ver os aspectos que se repiten en moitas delas.
3. Cales son os trazos que destaca Sarela da moura?
4. Comenta a que ser ou seres dos contos clásicos pode parecerse unha moura.
5. Cos datos obtidos nas actividades anteriores, inventade colectivamente un pequeno texto (narrativa, teatro, poesía) no que a moura decida desfacerse dalgún dos seus atributos máis característicos.
6. Realizar unha colaxe representando mouras.

Ligazóns

Autor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Pepe_Carreiro

Imaxe tomada de:

Bolanda- <http://www.bolanda.es/bolechas/moura.html>

Lecturas autónomas

A meiga e o emperador



Texto: Raquel Castro Martínez

Ilustracións: Alfredo Pérez

Edicións Fervenza

Colección A Pinguela
Teatro escolar para ler e representar

ISBN 978-84-944750-3-0

Sinopse

A meiga Breogana é quen de ver, mirando na pota das apócemas, o emperador romano durmindo no seu triclinio, abrazado a un osiño. O que podería resultar un detalle agarimoso e tenro, é aproveitado pola meiga e as súas aprendices Dubra e Sarela para chantaxear o invasor do seu territorio. Como na aldea gala pero neste caso adaptado ás terras de Breogán, trátase de negociar o segredo co emperador. Primeiro secuésttranlle o osiño e só llo devolverán cando el prometa realizar as obras públicas que se están a necesitar: unha calzada, un acueduto e unhas termas.

Trátase do enfrontamento entre dous mundos, o invasor e o dominado, este aproveita todas as oportunidades de conseguir algo de quen ten o poder, e para iso vale indagar na súa vida privada, coñecer as súas debilidades...

Que un home coma o emperador durma cun osiño semella entrar dentro das novas masculinidades, e converter os guerreiros en construtores é unha bonita maneira de defender a paz.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Símbolos e mitos femininos.
- Empoderamento das mulleres.
- Os saberes das mulleres.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Novas masculinidades.

Temática e xéneros

- Obra de teatro.
- Imperio romano.
- Soldados construtores.
- Humor.
- Emocións: a tenrura.

Pequeno fragmento significativo

MEIGA.- Estou a ver como dorme o emperador romano, tirado enriba do seu triclinio.

SARELA.- Ollo Breogana, que te poden acusar de invasión da intimidade.

DUBRA.- E que interese pode ter ver durmir a un romano? Durmirá coma calquera, digo eu!

MEIGA.- Coma calquera neniño, que este dorme cun osiño!

DUBRA.- (Arrimándose á pota) Ai, que home tan sensible e parecía tan temible!

MEIGA.- A noite, nestas terras da Gallaecia, faise moi longa e moi negra; precisará compañía.

SARELA.- (Erguendo do chan e indo ver a pota da meiga) Déixame ver! Déixame ver! Isto non o pode crer!

DUBRA.- (Mira tamén) Nunca vin tal cousa, un emperador romano a un osiño abrazado.

MEIGA.- *E, polo día, teno debaixo do triclinio agochado, non quere que llo vexa ninguén.*

Actividades

1. As meigas son mitos femininos. Indagar acerca deles tanto nos libros como na rede ou preguntando ás persoas que poden saber máis ca nós destes asuntos.
2. Mostrar as diferenzas entre as meigas e as bruxas, de habelas.
3. Case sempre a mellor arma é o coñecemento. Realizar un discurso argumentando a favor desta aseveración.
4. Pódese considerar que os personaxes protagonistas desta obra son mulleres ou están compartidos cos masculinos? A autora tamén é unha muller, cres que iso ten algunha repercusión na maneira de resolver o conflito?
5. Relacionar esta obra co cómic *Astérix* e comparar a maneira de defenderse contra o invasor.
6. Comentar en grupo os bonecos e xoguetes preferidos por cada un ou cada unha delas e ver se cumpren cun rol sexista ou non. Buscar a causa das preferencias.
7. Realizar unha busca en internet relacionada con xoguetes para nenos e para nenas. Anotar as observacións.

Ligazóns

Escritora:

<http://editorialgalaxia.gal/autor/raquel-castro/>

Libro:

http://www.edicionsfervenza.es/index.php?id_product=88&controller=product

<http://palabrasymundos.blogspot.com.es/2017/01/as-terapi-as-da-doutora-ledicia-de.html>

A vendedora de palabras



Texto: Raquel Castro Martínez

Ilustracións: Xeila Farrapeira

Edicións Fervenza

Colección A Pinguela
Teatro escolar para ler e representar

ISBN 978-84-944750-4-7

Sinopse

As palabras da lingua propia van desaparecendo, de maneira misteriosa. As musas e a mestra van descubrir cal é a causa da ausencia desas palabras. O engaiolador vaias roubando para eliminar este idioma e poder venderlles outros.

O papel activo das musas e da mestra resolverá non só o enigma senón tamén o problema.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Símbolos e mitos femininos.
- A muller transmisora da tradición.
- Empoderamento das mulleres.
- Visibilidade da muller.

Temática e xéneros

- Obra teatral.
- Escola.
- Linguas.
- Defensa o propio.

Pequeno fragmento significativo

TALÍA.- Faiado..

ERATO.- Lóstrego...

URANIA.- Billa...

EUTERPE.- Parafuso...

CALÍOPE.- O lóstrego deu no faiado e fixo romper o parafuso e a billa.

ENGAIOLADOR.- E que gaña vostede facendo súas as palabras que eles desbotan?

CALÍOPE.- Dáme mágoa deixalas ir sen ensarillalas por última vez.

ENGAIOLADOR.- De nada lle serve: están esquecidas por todos lados, non hai ninguén que as queira. Non dou abasto a metelas na gaiola.

CALÍOPE.- Non podo crer esta desfeita! Onde estará aquela mestra que quería ser poetisa, que tantas veces nos chamou pedíndonos palabras?

ENGAIOLADOR.- Seica vai mercar outra lingua, que din máis suave e agarimosa.

Actividades

1. Buscar información sobre as musas e as súas representacións. Opinar e debater acerca do seu papel desde unha perspectiva de xénero.
2. Indagar sobre outros seres míticos femininos e o seu papel (activo e protagonista ou pasivo e subalterno).
3. Semella que esa especie de parábola en relación ás linguas reflicte o caso galego con certa liberdade. Tradicionalmente, as mulleres, como nais e educadoras, tiveron unha alta responsabilidade na

aprendizaxe e transmisión da lingua (non por acaso, falamos de “lingua nai” ou “lingua materna”). Relacionemos este feito co papel que agora cumpren os medios de comunicación, as institucións e a escola na prevalencia de linguas máis “fortes”, coma o castelán, sobre outras máis “febles” coma o galego.

4. A obra está escrita por unha autora. Vexamos que outras dramaturgas coñecemos.
5. A ilustradora é tamén unha muller. Isto pode servirnos para pensar que outras ilustradoras coñecemos.

Ligazóns

Escritora:

http://editorialgalaxia.gal/?s=Raquel+Castro&authors=0&post_type=autor

<http://www.comarcasnarede.com/o-condado/item/7109-raqel-castro-presenta-en-salvaterra-dous-novos-libros-de-teatro>

Libro:

<http://www.noticieirogalego.com/2015/12/raqel-castro-presenta-en-salvaterra-de-mino-as-suas-duas-ultimas-obras-de-teatro-infantil/>

Aleida, cidade sen alma



Autor: Víctor Boullón

Editorial: Demo Editorial / Kómic Librería

Año de edición: 2016

ISBN: 978-84-943403-9-0

Sinopse

Aleida, filla de León, canteiro que traballa ás ordes do Mestre Mateo para unhas obras da reforma da catedral de Santiago, presencia o momento en que se atopa o corpo sen vida de Frei Bieito no altar maior da catedral. A súa curiosidade lévaa a pescudar sobre as causas da inesperada morte.

Historia ambientada na Compostela de finais do século XII, que ten como único personaxe feminino unha rapaza, presentada como a filla de León, o canteiro da catedral. Aleida faise co protagonismo ao saltarse os convencionalismos e tomar a iniciativa de pescudar unha estraña morte acaecida na catedral.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de roles tradicionais.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Visibilidade da muller.
- Empoderamento das mulleres.

Temática e xénero

- Novela de aventuras.
- Intriga. Misterio.
- Loitas de poder.
- Historia. Idade Media.
- Compostela.

Fragmento significativo

- E pódese saber o que faciades ti e mais a filla de León na fraga pola noite?
- Pois, verá meu señor, nós andabamos á procura do lobo que...
- Do lobo! Ti non as pensas! A fraga non é sitio para unha moza. E menos a esas horas!
- *Deberas estar buscando un bo home para casar e non de troula por aí!* (páx. 25)

Actividade 1

Relaciona as expresións recollidas nas viñetas co trazo da personalidade de Aleida que lle corresponda.

1. Aleida: - *Un morto! Teño que ir ver* (páx. 13).
2. Casto: - *Non podo crer que sempre me acabes convencendo coas túas tolerías* (páx. 16).
3. Aleida: - *Ninguén ten por que o saber. Iremos pola tardiña* (páx. 16).
4. Aleida: *Non me digas que lle tes medo a un simple can de palleiro!* (páx. 16).
5. Casto: - *Arre, demo! Non ten parada* (páx. 17).
6. Aleida: - *Hai cousas que non me cadran* (páx. 29).
7. Lucas: *Non se cansa nunca* (páx. 31).
8. Lucas: *Siii, xefa!* (páx. 32).
9. Aleida: *Temos que facer algo* (páx. 43).
10. Aleida: *Haberás pasar por riba de min!* (páx. 43).

- 11.** *Aleida: Evidentemente, o do lobishome só era un engano (páx. 47).*
- Curiosa.
 - Convincente.
 - Líder.
 - Intelixente.
 - Incansable.
 - Reflexiva.
 - Arriscada.
 - Decidida.
 - Valente.
 - Inquieta.
 - Heroína.

Actividade 2

Aleida é a única muller nun mundo de homes. Cada vez que ela quere facer algo todos lle dan “consellos”, ou tentan convencela para que se bote atrás. Localiza quen llas di en cada caso.

- Aleida, non deberas estar aquí (páx. 15).*
 - Vai para casa facer as túas tarefas (páx. 15).*
 - Non podemos ir ás batidas. Iso é para cazadores e cabaleiros. Non para rapazas e clérigos (páx. 16).*
 - Deberas estar buscando un bo home para casar (páx. 25).*
 - Ti non as pensas! A fraga non é sitio para unha moza e menos a esas horas! (páx. 25).*
 - Non deberías estar na casa? (páx. 29).*
 - Aleida, por Deus! Seica non tiveches dabondo? (páx. 47).*
- O pai.
 - Casto.
 - Lucas.

Que conclusións extraes ao respecto? Pensas que se fose un rapaz lle dirían o mesmo tipo de expresións?

Actividade 3

Aleida, de vivir na Compostela de hoxe, de seguro que sería unha moza que estaría liderando as actividades que se levasen a cabo no seu instituto ou formando parte dalgunha organización xuvenil. Como a imaxinas se fose unha amiga ou compañeira túa? Que estudaría, de que actividades cres que lle gustaría encargarse?

Actividade 4

Na páxina 34 recóllese o momento en que os homes que traballan nas obras da catedral rematan a súa xornada laboral. Fíxate na linguaxe empregada e no contido do que din. Localiza as respostas a estas preguntas e extrae conclusións ao respecto. Seguen estando vixentes situacións como esta?

- *Un pouco de viño non virá mal.*
- *Podemos ir á pousada da Maruxa.*

Actividade 5

Infórmate sobre a lenda do lobishome en Galicia. Coñeces se existe o seu equivalente feminino? Comentádeo no grupo.

Obradoiro de creación

Continúa as aventuras de Aleida. Seguimos na Idade Media. A cidade pode ser Compostela ou se o prefires a túa vila. Pero, agora as personaxes son femininas e a trama terá relación coa defensa dos dereitos das mulleres naquela época na que o poder o sustentaban os homes. Elabora un cómic. Utiliza para iso algunha ferramenta dixital.

Ligazóns

Sobre o autor:

Twitter: @victorboullon


<https://twitter.com/victorboullon>

<http://www.agpi.es/ilustrador.php?id=36>

Sobre a obra:

<http://komic.es/gl/lecturas/619-aleida-cidade-sen-alma-victor-boullon-komic-libreria-demo-editorial.html>

As terapias da doutora Leticia



Texto: Raquel Castro

Ilustracións: Almudena Aparicio

Editorial: Galaxia, 2016

Colección: Árbore

ISBN: 978-84-9865-671-8

Recibiu en 2014 o Premio de Honra dos Premios Estornela de Teatro

Recomendación da editorial:
de 10 anos en adiante

Sinopse

Peza teatral nun só acto con dúas escenas en clave de humor. Cun escenario moi sinxelo que facilita a posta en escena. A protagonista, a doutora Leticia, é unha intelixente e optimista psicóloga e psiquiatra que trata de curar os seus pacientes cunha terapia de grupo baseada nun taller de risoterapia, no que tamén se canta e abundan as apertas. Carolina é a súa axudante, moi retranqueira e descrida. Os seus pacientes son recoñecibles pola rapazada, ou mesmo poden servir de desculpa para coñecer algo sobre eles: Apalpador, home do saco, as tres Marías, o lobishome... aínda que cadaquén se presenta co seu nome propio.

Todos, eles e elas, mostran problemas propios da súa identidade, de maneira cómica e desmitificadora e a doutora tratará de solucionar estes problemas sen medicación, con afecto, humor e paciencia, facéndolles sentirse a gusto consigo mesmas.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de roles tradicionais.
- Visibilidade da muller.
- Os saberes das mulleres.
- Linguaxe non sexista.
- Símbolos e mitos femininos.
- A imaxe da muller na publicidade e medios de comunicación.

Temática e xénero

- Teatro.
- Relacións interxeracionais.
- Retranca.
- Autoestima.
- Poder curador da alegría.

Pequeno fragmento significativo

Carolina: Tócalle a vostede, señora. Anímase a falarnos do seu problema?

Vella: *Falar? Falar? Falar, tiñamos que falar todos.*

Doutora: *Iso facemos.*

Vella: *Moi pouco, moi pouco. Cada día fálase menos.*

(...) *Eu...é que ... vin á terapia da doutora Leticia porque oín dicir que falaban moito e que tiña moitas ganas de oír falar e tamén... esperaba que me falasen.*

Actividades

1. Nesta obra aparecen personaxes da literatura de tradición oral, masculinos e femininos. Elabora unha listaxe coas características de cadaquén que aparecen na obra. Busca información e engade algunha característica máis que non apareza no libro. Hai diferenzas entre as dos personaxes masculinos e as dos femininos?

2. A doutora Leticia é optimista, sempre disposta a axudar a súa clientela. Que aspectos destacarías dela? Se fose un home, destacarías eses mesmos aspectos? Por que?
3. Neste libro, tanto a autora como a ilustradora son mulleres; algo non demasiado común. Escribir nomes de escritoras e nomes de ilustradoras que coñezamos. Buscar outros libros nos que tanto o texto como as imaxes sexan de creadoras.
4. Houbo un tempo non demasiado afastado no que as mulleres non acostumaban ser doutoras. As primeiras mulleres licenciadas en Medicina na Universidade de Santiago foron as irmás Fernández de la Vega. Indaguemos acerca da súa vida.

Ligazóns

Ligazón á páxina da escritora:

<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/raquel-castro>

Ligazón á páxina da ilustradora: <http://www.almudenaaparicio.com/>

Outras ligazóns relacionadas co libro:

<http://blogs.airadasletras.gal/remuino-de-libros-33-as-terapias-da-doutora-leticia-de-raquel-castro/>

Emilia Pardo Bazán

Unha nena seducida polos libros



Texto: María Xosé Queizán

Ilustracións: Ana Santiso

Editorial: Edicións Xerais

Data de edición: 2014

ISBN: 978-84-9914-618-8

Sinopse

Partindo do contexto sociocultural e histórico de mediados do século XIX, M^a Xosé Queizán achega aos máis cativos á figura da escritora galega Emilia Pardo Bazán. Céntrase, sobre todo, no perfil humano que mostra que como muller tivo que facer fronte a múltiples dificultades ao longo da súa vida, incluso cando xa era unha escritora recoñecida. Completa a biografía unha escolma de textos ilustrativos do seu pensamento.

Biografía dunha das máis importantes escritoras galegas pioneira na loita dos dereitos da muller. A súa vida está marcada pola ruptura constante dos convencionalismos da época que lle tocou vivir, dende ben cativa cando xogaba cunha locomotora en lugar de bonecas, rebelándose coas clases selectas para señoritas ou tomando a decisión de separarse do seu marido para vivir por ela mesma. A escolma de textos é tamén significativa dende o punto de vista da defensa e da loita dos dereitos das mulleres.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Visibilidade da muller.
- Muller e historia.
- Socialización de xénero.
- Feminismo.
- A muller no pasado.
- Mulleres senlleiras.

Temática e xénero

- Biografía.
- Lectura.
- Escritura.

Fragmentsos significativos

- *A nai e o pai consentiron en abri-la a biblioteca, pero colocaron en lugares moi altos, no último estante, certos libros que non eran adecuados para unha nena. Ela sentía unha enorme curiosidade e o mesmo desexo de alcanzalos ca se fosen lambonadas. (Páx. 19)*
- *Cando Emilia era nova, o pai díxolle algo moi importante: “Es unha rapaza, si, pero podes facer as mesmas cousas ca un rapaz. Non o esquezas”. Nunca o esqueceu. Foi unha activa feminista e defendeu toda a vida os dereitos das mulleres. (Páx. 29)*

Actividades

1. Nesta biografía María Xosé Queizán fai unha homenaxe á muller escritora, precursora do activismo feminista. Recoller algúns dos tópicos construídos arredor da súa figura que se poidan asociar á loita polos dereitos das mulleres. Indicar a páxina na que aparecen.

2. Mulleres e lectura van collidas da man na vida de Emilia Pardo Bazán. A lectura dos libros da biblioteca familiar e o afán por saber marcan a súa vida dende nena. Recoller algún fragmento no que se aprecie este amor polos libros e responder a pregunta: consideras que foi o motor que fixo que chegase a ser quen é? Ler de novo as páxinas 21-22 para saber o que pensa M^a Xosé Queizán ao respecto; coincides con este razoamento?
3. Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán coñecéronse e foron amigas. A poeta tamén se preocupaba pola situación que vivían as mulleres en Galicia. Nesta época moitos homes emigraban a América e aquí quedaban as "viúvas dos vivos". Explica esta expresión e recolle os versos de Rosalía que exemplifican esta situación. (Páxs. 15-16)
4. María Pita foi a heroína que defendeu A Coruña ou *Marineda*, (nome que Emilia Pardo Bazán lle dá á cidade nos seus relatos) dos ingleses. Recolle algo máis de información sobre este feito (páxs. 22-23). Na actualidade os nomes de *Marineda* e María Pita, a que fan referencia?
5. Emilia Pardo Bazán reflectiu nas súas obras unha visión da sociedade do seu tempo na que incluía o retrato de aspectos silenciados coma a vida cotiá das mulleres. Relaciona a temática tratada co título da obra na que se recolle.
 - a. As cigarreiras: mulleres traballadoras na industria do tabaco.
 - b. Inmoralidade da fidalguía. Violencia machista.
 1. *Los Pazos de Ulloa. La madre Naturaleza.*
 2. *La Tribuna.*
6. Pardo Bazán afirma que as rapazas no seu tempo recibían unha educación que non era tal pois o que aprendían era a ser submisas e obedientes cos seus maridos. A que clases renunciou Emilia Pardo Bazán e cales outras eran da súa preferencia?
7. O acceso á universidade estaba daquela vetado para as mulleres. Unha xurista, coetánea de Pardo Bazán tivo que disfrazarse con vestimenta de home para poder asistir ás clases. A quen nos referimos? Busca información sobre a súa persoa.
8. A Emilia Pardo Bazán cásana aos 16 anos e aos 33 decide separarse do seu marido. Cal foi a causa? Explicar a razón pola que foi un escándalo na época.

9. Emilia Pardo Bazán recibe constantes críticas pola publicación das súas obras, simplemente porque ser muller e escritora era un atrevemento na súa época. Asocia cada crítica coa obra que a suscitou.
- "Ten cerebro dun home encerrado nunha cabeza feminina."
 - Obra tachada de inmoral polo seu amago de adulterio.
 - A crítica acusouna de "oprobio para o seu sexo", mala cristiá e herexe.
- Crítica de *Un viaje de novios*.
 - Crítica a *La cuestión palpitante*.
 - Crítica ao escribir a súa primeira novela *Pascual López*.
10. M^a Xosé Queizán apunta como referentes femininos de Emilia Pardo Bazán a Gertrudis Gómez de Avellaneda, Fernán Caballero, George Sand e a Madame de Stäel. Pescudar sobre quen foron e elaborar un breve traballo. Achegar unha fotografía de cada unha.
11. Os seguintes trazos definen a personalidade de Emilia Pardo Bazán. Elaborar unha sopa de letras con dez destes atributos. (Utilizar unha ferramenta dixital)
- Filla única mimada.
 - Curiosidade innata.
 - Afán por saber.
 - Lectora voraz.
 - Perseverante.
 - Talante democrático.
 - Xesto alegre.
 - Políglota.
 - Cultísima.
 - Feminista.
 - Defensora dunha sociedade máis xusta e humanitaria.
 - Ponse ao lado dos que sofren.
 - Amante do bo comer.

Obradoiro de creación

- Crear un acróstico coas letras de EMILIA PARDO BAZÁN no que se reflicta a súa personalidade como muller e escritora.
- Elaborar unha presentación da vida de Emilia Pardo Bazán en verso. Elixo o teu estilo: tradicional, empregando as coplas a modo de cantar de cego ou un estilo máis actual que imite o ritmo do *rap*.

Ligazóns

Sobre a escritora:

<http://escritoras.com/escritoras/Maria-Xose-Queizan>

Sobre a ilustradora:

<http://anasantiso.blogspot.com.es/>

Sobre a obra:

Comentario de Ramón Nicolás

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2014/04/15/emilia-pardo-bazan-unha-nena-seducida-polos-libros-de-maria-xose-queizan/>

Escarlatina, a cociñeira defunta



Texto: Leticia Costas

Ilustracións: Víctor Rivas

Edicións Xerais de Galicia, 2014

Colección Merlín

9ª edición

ISBN: 978-84-9914-739-0

Premio Merlín 2014

Premio Nacional de Literatura Infantil
2015

Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro
Infantil 2014

Premio Fervenzas Literarias á Mellor
Portada de LIX 2014

Premio Neira Vilas ao Mellor libro Infantil e
Xuvenil 2014

Lista de Honra do IBBY 2016

Sinopse

Román, un neno de dez anos, cóntanos en primeira persoa que sucedeu cando os seus lle agasallan un curso de cociña que conseguen en Internet con motivo do seu aniversario que ten lugar o día de defuntos. Os pais están no paro e teñen poucos cartos, así que buscan a opción máis barata que resulta ser unha cociñeira proveniente do Alén que se monta cun manual de instrucións. Escarlatina é o nome desta nena da mesma idade que Román que leva anos morta e que

ten a posibilidade de volver á vida se consegue elaborar con el un prato que guste tanto a mortos coma a vivos; iso ha de facerse en tres horas do mundo do Aquén que equivalen a tres días no Alén. Román aceptará o reto porque ten moitas ganas de ver o avó que leva por aqueles mundos un tempo e por pura solidariedade coa nena.

Grandes aventuras nas que o caciquismo ha de ser vencido e onde cada un ha de tomar as súas decisións. O libro de cociña de Román irase elaborando ao tempo que el nos fai partícipe das súas sobremesas preferidas.

Un neno e unha nena liberados de estereotipos.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Os saberes das mulleres.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Visibilidade das mulleres.
- Novas masculinidades.

Temáticas e xéneros

- Novela fantástica.
- Relacións familiares.
- Relacións interxeracionais (avoa e neta, avó e neto. Neno e nena responsables e comprensivos coas situacións dos maiores).
- Amizade.
- Solidariedade.
- Afectividade e emocións.
- Coidado das mascotas.

Pequenos fragmentos

- *Ultimamente as cousas non van moi ben na casa. Eles tratan de disimular, que é facer que pareza que todo vai de marabilla cando non é certo, pero eu son moi listo e decátome do que sucede en realidade. E o que sucede é que papá non ten traballo e mamá tampouco. E así é difícil chegar a fin de mes.*

(...)

- *Porque todo o mundo sabe que as persoas mandan máis que as súas mascotas, pero Dodoto ás veces semella esquecer este pequeno detalle. Tamén hai ocasións en que sucede ao revés, e son os donos os que pasan das súas mascotas. Iso é moi feo. Se penso en Dodoto abandonado no medio do monte e morto de fame, pícame a gorxa e éntranme ganas de chorar. Non me gusta ter ese tipo de pensamentos.*

(...)

- *Escarlatina abriu moito os ollos e a súa boca torceuse nun gran sorriso fanado. Lady Horreur aplaudiu coas súas catro patiañas dianteiras. Nese momento fixéronme sentir o neno máis importante do mundo. Estaba a piques de saír de viaxe á terra dos mortos! Xamais imaxinara algo así. Daquela, a cociñeira defunta deume unha aperta fría e punzante. Unha aperta co seu corpo osudo, fedorento e delicado.*

Eu non dubidei Confíabame en Escarlatina. Apertei forte a Dodoto, que non se laiou en ningún momento, e precipiteime ao interior da terra.

Niso consiste a felicidade. Na fermosura das cousas pequenas, do día a día.

Actividades

1. É o neno Román, o cociñeiro e aprendiz de *chef*, quen nos conta esa aventura que se escribe antes de *Esmeraldina a pequena defunta* pero sucede despois. El tamén é un rapaz moi especial que non responde ao estereotipo tradicional. Descríbeo facendo fincapé naquilo que che chama máis a atención do seu comportamento.
2. Entre o rapaz e a rapaza hai séculos de distancia e moitos quilómetros. Aínda así, seguro que atopas moitos dos aspectos que teñen en común.
3. Da mesma maneira, nos seus mundos do Aquén e o Alén hai xentes que non nos gustan. Fagamos unha listaxe cos seus nomes e calidades negativas.
4. Dous libros: *Escarlatina, a cociñeira defunta* e *Esmeraldina a pequena defunta* que se escriben de maneira inversa a como sucede a historia e así se len. Unha nena morta e un neno que

axudará a salvara, pero nun caso e no outro o título leva o nome da rapaza que dá pé a toda a historia. Cal será a razón?

Ligazóns

Escritora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Ledicia_Costas

Ilustrador:

<http://vriustracion.blogspot.com.es/>

Libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=3591495>

Esmeraldina a pequena defunta



“Precuela” de *Escarlatina, a cociñeira defunta*

Texto: Leticia Costas

Ilustracións: Víctor Rivas

Edicións Xerais de Galicia, 2016

Colección Merlín

4ª edición. Premio Fervenzas 2016 ao Mellor Libro de Literatura Infantil

ISBN: 978-84-9914-988-2

Sinopse

Na voz de Esmeraldina (o nome da rapaza, antes de morrer de escarlatina) cóntasenos como era a súa vida nas cociñas do Hotel Fastantique situado no salvaxe oeste. Unha nena feliz que está a aprender os trucos culinarios da súa avoa, A Tremenda, cando se ve sorprendida pola morte. Cóntasenos, tamén, como foron os seus primeiros tempos de morta mentres non quería saír do hotel no que vivía cos pais e a avoa. As aventuras cos cazafantasmas e con todos os espíritos que veñen quedarse aproveitando que hai un morto no lugar.

A defensa das causas xustas e o afecto serán constantes a ter en conta neste divertido relato. Ao final, recóllese o *Libro de receitas d’A Tremenda*, que Esmeraldina levara con ela á tumba.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Empoderamento da muller.
- Sororidade.
- Visibilidade das mulleres.
- Saga feminina.
- Os saberes das mulleres.
- Ruptura de estereotipos sexistas.

Temáticas e xéneros

- Novela fantástica.
- "Precuela" de *Escarlatina, a cociñeira defunta*.
- Relacións familiares (neno e nena responsables e comprensivos coas situacións dos maiores).
- Amizade.
- Afectividade e emocións.
- Coidado das mascotas.

Pequenos fragmentos

(A nai e a avoa de Esmeraldina)

- *Semellaba que en lugar de dous brazos tivesen oito, coma os polbos. Só iso explicaría a cantidade de cousas que eran quen de sacar adiante. Veña a amasar, a bater unhas claras a punto de neve, a fritir uns allos, a derreter manteiga, a preparar petiscos, a decorar pratos, a organizar o resto do persoal da cociña.*

(Nicoleta Cody e Buffalo Bill, o seu irmán)

- *Nicoleta aprendera do seu irmán a montar, a botar o lazo e máis o oficio de mensaxeira. Ambos os dous cabagaban a toda velocidade polas grandes chairas. Eran inseparables. Nin sequera as devastadoras tormentas de area os daban freado. Desafiaban o clima e o tempo.*

(Escarlatina)

Eu sempre fora doce, calada, tranquila. E agora, de súpeto, tiña que enfrontarme a bandidos, momias, serpes e outros seres que deixarían pálido a calquera humano. Se alguén me preguntase, non sabería se me gustaba aquilo en que me convertera. Mais algo dentro de min dicíame que tiña que aprender a quererme. Aprender a ser eu. Por moito que custase deixar atrás o pasado, non me quedaba outro remedio.

- Esmeraldina protexeranos –dixo a avoa antes de se retirar ás cociñas—. A miña neta coidará de nós.

A medida que falaba, sentíame como unha xusticieira do Salvaxe Oeste. Ía gañando confianza e seguridade en min mesma. Os bandidos fitábanme coa boca aberta e Lady Horreur cos ollos escintilando de satisfacción.

Eu tamén estaba morta de medo, sería unha parvada negalo. Pero se algo tiña claro, é que o medo non podía gañarme a partida. Ía plantarlle cara ao xinete decapitado. Non sabía como, xa atoparía a maneira.

Eu fun detrás, cabalgando nas tebras, disposta a enfrontarme con valentía a todo aquilo que me deparase o futuro.

Actividades

1. En *Esmeraldina* é a nena quen toma a palabra para relatar a súa propia morte e as aventuras que lle suceden. Despois de ler o libro, animámonos a definir esta protagonista con dez palabras.
2. Podemos contestar ás seguintes preguntas:
 - Dirías que Esmeraldina é unha rapaza apoucada?
 - Quen son a alma do hotel Fastastique?
 - Quen manda na cociña?
 - Que teñen en común as tres mulleres da familia?
 - Como describirías a Nicoleta Cody?
 - Que causas xustas defende Esmeraldina?
 - Quen vai colaborar con ela nesa loita?
 - En que semella que se parecen o mundo do Aquén e o do Alén?

3. Comentar os fragmentos escollidos nos que se fai máis evidente o valor do libro en relación á igualdade de homes e mulleres.

Ligazóns

Escritora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Ledicia_Costas

Ilustrador:

<http://vriustracion.blogspot.com.es/>

Libro

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=4287334>

María Victoria Moreno



Texto: Eli Ríos

Ilustracións: Eva Agra

Urco Editora, 2016

Colección: Mulleres bravas da nosa historia

ISBN: 978-84-16121-63-2

Sinopse

Navia relata a biografía de M^a Victoria Moreno, escritora e profesora, nacida nun período de entre guerras que empobreceu a poboación, obrigándoa en moitos casos á emigración ou ao exilio. Nada nunha vila de Cáceres, a proximidade a Portugal permitiulle aprender o portugués. Logo de estudar en Madrid, terá o seu primeiro destino en Galicia.

Coñecía polo menos seis idiomas e decide escribir en galego e espallar o seu amor por esta lingua por todo o país. Foi represaliada por impartir as clases en galego; a policía rexistrou o seu domicilio e retiráronlle o pasaporte, pero ela non cedeu na súa defensa do idioma.

Foi pioneira na escrita en galego para a rapazada, con obras nas que as rapazas tamén tiñan un papel protagonista.

Entre as súas obras, *Mar adiante*, *Leonardo e os fontaneiros*, *Guedellas de seda e liño*, *E haberá tirón de orellas?...*, *Anagnórise* foi un dos primeiros títulos da literatura galega seleccionado na Lista de Honra do IBBY.

Dirixiu a colección Árbore de Galaxia.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Linguaxe non sexista.
- Empoderamento das mulleres.
- Visibilidade da muller.
- Feminismo.
- Muller no espazo público.
- Mulleres senlleiras.

Temáticas e xéneros

- Biografía.
- M^a Victoria Moreno.
- Divulgación do idioma.
- Relacións interxeracionais.
- Libro didáctico, con actividades.

Pequeno fragmento significativo

- *Non só trata as crianzas con respecto, senón que tamén nos ofrece a posibilidade ás nenas de ler historias de rapazas igualiñas a nós. Si, si, nenas que non precisan contos de fadas, nin ser submisas e esperar que un príncipe nos veña rescatar para que aconteza algo.*

Actividades

1. Enumerar os feitos que fan de M^a Victoria Moreno unha muller pioneira na súa época.
2. Seleccionar no libro os parágrafos nos que se reflicta a xenerosidade e o afecto da escritora pola rapazada e polo galego.
3. Reflexionar sobre a importancia de que, naquela época, aparecesen protagonistas femininas nas obras de literatura destinadas á rapazada.

4. Elaborar unha listaxe de títulos nos que as protagonistas femininas sexan personaxes fortes, capaces, confrontalas cos roles atribuídos a mulleres nos contos clásicos ou tradicionais que coñecen.

Ligazóns

Escritora:

<http://elirios.blogaliza.org/>

Ilustradora:

<https://komorebiart.wordpress.com/>

<http://www.7hcoop.es/eva-agra-2/>

Ligazóns a páxinas sobre M^a Victoria Moreno:

- Cultura Galega/álbum de mulleres:
<http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=60>
- Biblioteca Virtual Galega:
http://www.bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=MarMoren1&alias=Mar%EDa+Victoria+Moreno_&solapa=obras
- AS-PG:
<http://literaturagalega.as-pg.gal/autoras-es/moreno-marquez-maria-victoria.html>

Libro:

<http://urcoeditora.com/titulos/mulleres-bravas-da-nosa-historia-maria-victoria-moreno/>

Caderno da crítica:

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2016/12/21/maria-victoria-moreno-por-eli-rios-e-rosalia-de-castro-por-maria-lado-ilustracions-de-eva-agra/>

Na prensa:

<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/cultura/mulleres-bravas-da-nosa-historia-rosalia-maria-victoria-moreno/20161020114551052107.html>

Imaxe tomada de:

<https://www.verkami.com/projects/15892-mulleres-bravas-da-nosa-historia>

Marta e a píntega



Texto: Eli Ríos

Ilustracións: Patricia Román

Editorial Galaxia, 2016

Colección: Árbore

ISBN: 978-84-9865-698-5

Sinopse

Marta ten sete anos e aínda non sabe escribir. Vive na Coruña co seu irmán Tomé e coa súa nai, retranqueira e paciente, coa que se enra-becha de cando en vez. Nun destes enfados, promete non saír do seu cuarto até que a Lúa sexa triangular, sen saber que esa é unha clave secreta. É así como coñece a Olimpia, Oli, unha píntega falangueira e fedella, que a levará ata o Mundo dos Contos, onde a reciben como a Gardiá da Memoria. Nel atópase coas personaxes femininas dos contos clásicos (Carapuchiña co lobo, Rapunzel, Gretel, Brancaneves) que se asociaron, fartas do papel que neles lles tocou representar, para sobrevivir do seu traballo e poder acadar os seus soños. Marta deberá escribir os contos como elas desexan co fin de evitar que a Lúa se transforme en triangular. Non é tan fácil como semella xa que non sabe facelo e terán que organizarse para solucionalo e salvar algunha batalla.

Interesantes referencias a personaxes dos contos clásicos (ananos, dragóns, príncipes, princesas...) e da mitoloxía grecorromana (Hades, Hércules, Cerbero, Caronte...), así coma á tradición oral (as píntegas e o lume, furacroios, fendetestas) e da literatura galega (Fraga Encantada).

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Visibilidade da muller.
- Linguaxe non sexista.
- Símbolos e mitos femininos.
- Muller transmisora da tradición.
- Socialización de xénero.
- Empoderamento das mulleres.
- Distintas tipoloxías de familia.

Temáticas e xéneros

- Novela fantástica.
- Relacións familiares.
- Mitoloxía.
- Educación emocional e en valores.
- Relacións interxeracionais.
- Retranca. Humor.

Pequeno fragmento significativo

- *Xa comezou... –murmura Rapunzel–. A primeira esquina do triángulo... Estamos nas mans dunha píntega...*
- *Podémonos dar por perdidas –sentencia Gretel–. Nunca ha chegar a tempo...*
- *Non é xusto –choromica Chiña–. Non é nada xusto... Eu non quero matar o lobo outra vez...*
- *Nin eu sería capaz de regresar á casa do príncipe a sentarme nunha cadeira mirando para el e preocupándome do que me di un espello toleirán...*
- *Parade de rosmary! Xa é suficiente! –bérralles Marta moi anoxada–. Oli será unha píntega gorrovella e todo o que queirades, a máis pequena, a máis de todo o que vos pete pero estades sendo unhas princesas moi moi moi moi mal criadas!*

Non queredes que vos miren polo de fóra, por se sodes guapas ou feas e... e... non o podo crer! Metédesvos con Oli porque é unha fervellasverzas pequeneira!? De verdade que non hai quen vos entenda! Pois para que o saibades: moito bla bla bla bla bla, pero ela foi a única que arriscou a vida no mundo das humanas mentras vós seguiades aquí, tan tranquilas! Confiades nela para que sexa a Gardiá do Lume e para que traia a tableta, pero logo, cando todo se pon feo..., sodes as primeiras en metervos con Oli. Vergoña vos debería dar!

Actividades

1. Nesta historia mestúranse actualidade, fantasía, mitoloxía. Investigar e cubrir unha táboa para completar as calidades que se lles adxudican aos personaxes nos contos e mitos orixinais e neste conto. Que diferenzas se atopan entre personaxes masculinos e femininos en ambos casos?

		No conto ou mito orixinal	Nesta historia
Personaxes de contos clásicos			
Personaxes da mitoloxía			

2. Debate arredor das razóns polas que as personaxes dos contos desexaban cambialos.

3. Comentar cales son as expectativas de cada lector ou lectora de cara ao futuro. Que lles gustaría facer, en que lles gustaría traballar... Consideran que hai algo que as rapazas non poidan facer por ser rapazas? Cren que hai algo que os rapaces non poidan facer por ser rapaces?
4. Nesta lectura atópanse personaxes mitolóxicos da cultura grecorromana, todos masculinos. Investigar sobre outros personaxes mitolóxicos femininos destas mesmas culturas. Que características teñen? Son positivas ou negativas? Con quen interaccionan habitualmente, homes, mulleres?
5. Buscar, na biblioteca ou na rede, versións de contos clásicos nos que se cambiou o papel da protagonista feminina. Elaborar unha pequena bibliografía co atopado.
6. Observar e analizar como cambia o personaxe de Marta dende o primeiro capítulo, ao longo da historia, ata o remate da mesma. En que cambiou? Mudou en algo a súa actitude ou o seu xeito de pensar?

Ligazóns

Escritora:

<http://elirios.blogaliza.org/>

Libro:

<http://elirios.blogaliza.org/eli.rios/2016/05/24/marta-e-a-pintega/>

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2016/09/20/marta-e-a-pintega-de-eli-rios/>

<http://brabadegos.blogspot.com.es/2016/09/mudar-o-conto-marta-e-pintega.html>

<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/eli-rios>

Historia das mulleres galegas

Das marchas nómades á Marcha Mundial das Mulleres



Texto: Pepe Carreiro

Ilustrador: Pepe Carreiro

Editorial: Baía Edicións

Ano: 2014

ISBN: 978-84-9995-127-0

Sinopse

Seguindo unha liña cronolóxica que parte do Paleolítico e do recoñecemento das *Mulleres Sapiens*, nómades que vivían da caza e da recolección de froitos, o autor vai dando conta dos acontecementos máis salientables da historia galega dende o punto de vista da muller: as dificultades polas que atravesas, a súa relación cos homes, coa igrexa, coa sociedade no seu conxunto; as súas reivindicacións... ata chegar aos nosos días, nos que a loita pola defensa dos dereitos da muller continúa.

As mulleres recuperan o protagonismo nunha historia que sempre foi contada polos homes e para os homes, na que a presenza femi-

na quedaba á marxe, ou simplemente non existía. Pepe Carreiro fai un percorrido dende o Paleolítico ata o momento actual, deténdose nos episodios máis salientables vividos, sobre todo, polas mulleres do común para achegar a historia de Galicia á rapazada dende a perspectiva de xénero.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilización da muller.
- Muller e historia.
- Feminismo.
- A imaxe da muller na publicidade e medios de comunicación.
- A muller no pasado.
- Muller no espazo público.
- Patriarcado.
- Mulleres senlleiras.

Temática e xénero

- Texto de divulgación.
- Ensaio.
- Historia.
- Parodia. Humor.
- Didáctica.

Fragmento significativo

- *Non debeu advertir a muller galega a entrada na Idade Moderna. (...) A emigración interior masculina, moi alta nestes séculos, aumentoulles o traballo, por se era pouco, e iso nótase, polo menos no lombo. Agora ben, sen homes na aldea, tiveron elas que tomar o mando e, naturalmente, unha muller afeitada a levar a economía e o traballo da casa non é fácil de domear. Aquelas mulleres derrubaron moitas barreiras sociais e atrancos xurídicos que se lle apoñían. (páx. 46)*

- *As mulleres, as pouquísimas que podían estudar, xa non se conformaban coa carreira de Maxisterio, a única á que podían acceder, querían entrar en todas como calquera home. (páx. 72)*
- *Cara á Segunda República, as mulleres foron entrando en sindicatos, partidos políticos e outras organizacións, mesmo feministas. Así e todo, a súa participación foi escasa. (páx. 74)*

Actividade 1

Relaciona o nome destas mulleres cos feitos que protagonizaron na época na que viviron.

Mulleres senlleiras

1. Exeria.
2. María Castaña.
3. María Balteira.
4. Concepción Arenal.
5. Francisca Herrera Garrido.

Quen foron?

- a. Primeira muller na Real Academia Galega.
- b. Para estudar Dereito tivo que disfrazarse de home.
- c. Enfrontouse ao bispo de Lugo por considerar abusivas as rendas que este lle cobraba á súa familia.
- d. Soldadeira, amante do rei Afonso X, criticada por blasfemar coma os homes.
- e. Monxa que percorreu a Terra Santa. Escribiu as súas experiencias no libro *Itinerarium*.

Época na que viviron

- I. Idade Antiga.
- II. Idade Media.

III. Século XIX.

IV. Século XX.

Actividades 2

Na páxina 42 fálase das mulleres ás que se acusou de bruxas e foron queimadas na fogueira. Foi o caso de María Soliña, viúva de Cangas, cuxo lamento recolle Celso Emilio Ferreiro nun coñecido poema. Indica a verdadeira razón pola que se actuaba así contra as mulleres e, en concreto, contra as viúvas.

Actividade 3

A muller non sempre tivo dereito á educación. Aínda no século XIX tiña que disfrazarse de home se quería estudar. Foi o caso de Concepción Arenal. Investiga outras mulleres que tiveron que pasar pola mesma situación.

Actividade 4

A Segunda República foi unha época de avances nos dereitos das mulleres. Un deles foi o logro do voto feminino. En que eleccións poden votar as mulleres por primeira vez?

Actividade 5

As mulleres tamén se enfrontaron aos golpistas do 36. Na páxina 84 cítanse algúns nomes propios. Relaciona cada nome co feito ocorrido.

Mulleres labregas

1. Bríxida Muñiz.
2. Anunciación Casado.
3. Adoración Fernández.
4. Manuela Sánchez.

Quen foron? Que lles aconteceuu?

- a. Concelleira de Boiro. Paseárona pola vila coa cabeza rapada.
- b. De Verín. Asasinada por comunista.
- c. Labrega do Val. Aforcada xunto á súa filla por guerrilleira.
- d. Labrega de Curtis. Morreu nun enfrontamento contra a Garda Civil.

Coñeces algún caso similar que se dera na túa familia ou na túa vila? Se é así, teñen algún tipo de recoñecemento público?

Obradoiro de creación

Crea unha liña do tempo na que inclúas os acontecementos máis salientables que ao longo da historia supuxeron un feito importante na transformación da vida das mulleres. (Utiliza unha ferramenta dixital).

Ligazóns

Sobre o escritor:

http://www.culturagalega.org/bd/autores_detalle.php?Cod_prsa=12&busca=Pepe%20Carreiro

Sobre a obra: Comentario de Ramón Nicolás

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2014/04/11/historia-das-mulleres-galegas-das-marchas-nomades-a-marcha-mundial-das-mulleres-de-pepe-carreiro/>

Nena e o mar



Texto: Érica Esmoris

Ilustracións: Dani Padrón

Editorial: Xerais, 2015

Colección: Merlín

ISBN: 978-84-9914-944-8

Premio Merlín de Literatura Infantil 2015

Sinopse

Nena vive co seu pai en Porto Balea, vila mariñeira na que todos os habitantes, agás o seu pai e ela, son anciáns cansos e desesperanzados que coidan dela mentres o pai sae a navegar. Cando este naufraga, será a única, xunto co gato Kilik (que vive co fareiro), en ousar saír a buscalo.

Paralela á aventura de Nena, vaise narrando o pasado, o presente e as expectativas de cada personaxe, creando historias dentro da propia historia.

Aventura, valentía, fantasía, esperanza nesta novela ben construída e cunha fermosa linguaxe literaria que presenta non só unha nena valerosa e arrichada disposta a defender o que ama, tamén a cada un dos habitantes, unidos polo afecto á pequena, e os seus motivos para actuar como o fan.

Trátase dunha obra amena, lonxe de discursos didácticos, pero que constitúe unha ferramenta útil para a educación emocional, en valores e a coeducación.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Visibilidade da muller.
- A dobre xornada laboral da muller.
- Linguaxe non sexista.
- Símbolos e mitos femininos.
- Muller transmisora da tradición.
- Muller no espazo público.
- A muller no pasado.

Temáticas e xénero

- Novela de aventuras e fantasía.
- Relacións familiares.
- Relacións interxeracionais.

Pequeno fragmento significativo

- Como calquera muller de Porto Balea, atendía a súa casa e criaba o seu pequeno e non só iso, senón que, debido ao éxito do seu primeiro xersei (...) montou un taller e contratou unha ducia de mozas que a axudaron a afrontar a disparada demanda. As súas tecelás dicían dela que, como xefa, era esixente pero xusta. A súa capacidade de traballo era sobrehumana e rara era a noite en que non quedaba ata altas horas da madrugada rematando un encargo. Ninguén na vila a entendía: o seu home era rico, o seu negocio de punto era próspero, por que, logo, traballar ata a extenuación? Non era ambición senón orgullo. O diñeiro era só unha mostra de que, ela, que apenas estudara un par de anos na escola con Adinida e que xamais saíra de Porto Balea, podía levar a cabo o seu propio proxecto.

Actividades

1. Enumerar as calidades de Nena ao longo do relato.
2. Fixarse nos nomes de todos os personaxes deste libro. Todos, agás o de Nena, cumpren a mesma característica. Cal pode ser o motivo?
3. Ao longo da historia, todos os personaxes teñen características, realizan accións e toman decisións que os definen. Realizar uha táboa comparativa entre as dúas personaxes femininas e os masculinos, sen esquecer a gata Kilik!
4. Nesta lectura atópase algún ser mitolóxico. Investigar sobre os seres mitolóxicos femininos galegos. Que características teñen? Son positivas ou negativas? Con quen interaccionan habitualmente: homes, mulleres?
5. Reflexionar sobre cales son as decisións importantes que toman as mulleres de Porto Balea. Forons decisivas no desenvolvemento da historia? Quen coidaban da supervivencia de Nena?

Ligazóns

Escritora:

<http://ericaesmoris.com/gl/>

Revista Criaturas (sobre a autora): <http://www.criaturas.gal/a-voz-da-esperanza-unha-entrevista-a-erica-esmoris/>

Ilustrador:


<http://www.danipadron.com/>

Libro:

Brabádegos: <http://brabadegos.blogspot.com.es/search?q=Nena+e+o+mar>

Caderno da crítica: <https://cadernodacritica.wordpress.com/2015/12/22/nena-e-o-mar-de-erica-esmoris/>

O anano máis alto conta a historia de Brancaneves



Texto: Marilar Aleixandre

Ilustracións: Tesa González

Editorial Rodeira (Grupo Edebé), 2015

Colección Tucán

ISBN 978-84-8349-396-0

Sinopse

O anano máis alto, Álvaro, cóntanos a verdadeira historia de Brancaneves. Por todos é coñecida a versión do príncipe azul que dista moito da realidade...

Brancaneves fuxiu da nai e deu na casa dos sete irmáns. Quedou vivir alí, pero desde logo que non coma criada. A nosa protagonista era unha fervellasverzas e non tiña moito xeito coas tarefas dos fogar.

Pero iso non era un problema, na casa todos vivían felices e devecían por escoitar as historias de Brancaneves a carón da lareira.

Con todo a tranquilidade durou pouco. Como todos e todas sabemos, foi envelenada cunha mazá e ficou durmida. Os irmáns moi tristes puxérona nunha urna de cristal, até que o príncipe a roubou.

Álvaro foi na súa procura ao castelo e no medio da fuxida Brancaneves espertou. Coma na historia clásica o conto remata cun namoramento, pero será co príncipe azul...?

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Novas masculinidades.
- Linguaxe non sexista.

Temática e xéneros

- Novela fantástica.
- Reescritura dun conto clásico.
- Renovación dos contos tradicionais.
- Amizade.
- Amor.

Pequeno fragmento significativo

O que desde logo non é certo é que nós dixésemos iso que está escrito en todos os libros:

- *Podes quedar connosco a cambio de coidar a casa, cocíñar, facer as camas, lavar a louza, remendar a roupa e telo todo en orde.*

Vós credes que algunha rapaza aceptaría todo iso? Cocíñar, lavar e remendar para sete mozos? E moito menos Brancaneves!

Actividades

1. Elaborar unha táboa que recolla en que traballaba cada un dos irmáns.

Álvaro	
Estevo	

Igor	
Odilo	
Urbano	
Benetido	
Venancio	

Facer unha listaxe de todas as tarefas cotiás que se fan nun fogar e ao lado a persoa da familia que as realiza. Comentar se están distribuídas de maneira equilibrada.

2. Describir as principais diferenzas entre o conto clásico e esta versión.
3. Reflexionar conxuntamente acerca dos contos tradicionais. A *cincenta*, *A ratiña presumida*, *Rapunzel...* co obxectivo de que nenos e nenas entendan cales son os comportamentos que non debemos reproducir na realidade e os valores que non se poden defender.
4. Buscar outros contos clásicos que foron reescritos, como diferentes versións de *Carapuchiña Vermella* ou os libros *Cambiache o conto!* de Pinto e Chinto, e *Feroz, o lobo*, de Margarita del Mazo. Lelos e observar os cambios.
5. Ler *Teatro feroz*, de Gloria Sánchez, para ver se atopamos algunha outra historia tradicional transformada dentro do xénero teatral.
6. Un libro elaborado só por mulleres: Marilar Aleixandre no texto e Tesa González na ilustración. Realizar unha listaxe de libros que cumpran este requisito.

Ligazóns

Escritora:

<http://www.marilar.org/>


Ilustradora:

<http://tesagonzalez.blogspot.com.es/>

Libro:

<http://www.edebe.es/publicaciones-generales/libro-o-anano-mais-alto-conta-a-historia-de-brancaneves=3913=5=45>

O capitán Maimiño



Texto: Antonio Manuel Fraga

Ilustracións: Manel Cráneo

Editorial Luís Vives. Tambre, 2016

Ala Delta. Serie azul

ISBN 978-84-9046-146-4

Sinopse

Dentebrú, contacontos do rei, diríxese á rapazada para relatar a seguinte historia:

O capitán Maimiño, o temido xefe dos exércitos do rei Pousafoles V anda desesperado. Ao rei váiselle todo o empeño en comer e descansar, e non atende as súas demandas de guerra. Por riba, nin o fillo nin a filla cumpren as súas expectativas: Balleco non aspira a ser guerreiro coma el e prefire tocar o laúde e cantar. Chichanamoca non quere ser unha moza casadeira senón unha ecoloxista. Para remate, un día o bravo Maimiño esperta sen o seu longo dedo maimiño que era o terror dos exércitos. Daquela, Balleco e Chichanamocao tentarán buscarlle unha solución, que atoparán no bosque coa axuda duns ananos.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de roles tradicionais.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Feminismo.
- Novas masculinidades.
- Linguaxe non sexista.

Temáticas e xéneros

- Novela de aventuras.
- Fantasía.
- Relacións familiares.
- Pacifismo. Ecoloxismo. Eloxio da vida natural e tranquila.

Pequeno fragmento significativo

O capitán Maimiño ficou abraiado co doce cantar do seu fillo:

— *Así me coma a terra! –exclamou–. É ben fermoso iso que canta este mexeriqueiro. Quizais un rapaz poida facer cousas boas alén de guerrear. Se cadra alegrar o espírito cun cantar é tan útil ou máis que conquistar reinos e matar dragóns.*

(...)

— *Así me fenda un lóstrego! –dixo para si o capitán no alto da súa póla–. Hai que ver que boa maña se dá esta rapaza coa bicharía! Quizais axudar as criaturiñas que o precisan sexa máis importante que casar cun home rico.*

Actividades

1. Elaborar unha táboa que recolla as expectativas de Maimiño sobre Chichanamoca e Balleco. Comparalas coas ocupacións e desexos de cada un deles.

Expectativas de Maimiño para Chichanamoca	Ocupacións e desexos de Chichanamoca

Expectativas de Maimiño para Belleco	Ocupacións e desexos de Belleco

2. Describir cada un dos personaxes que nos semellan de máis interese, desde a perspectiva de xénero:
 - O capitán Maimiño.
 - Chichanamoca, filla do capitán.
 - Belleco, fillo do capitán.
 E, se apetece, continuar cos demais:
 - O rei Pousafoles
 - O narrador Dentebrú
 - Elpidia, a institutriz
 - ...
3. Recoller do libro aqueles parágrafos que nos resulten máis interesantes para o tratamento do tema sexista.
4. Posta en común acerca dos roles considerados tradicionalmente femininos e a súa permanencia ou transformación. Deterse nos contos tradicionais (*A cincenta*, *A bela dormente*,...) e noutros nos que as protagonistas adopten roles diferentes (*Titiritesa*,...).
5. Reflexionar acerca de como se van creando as expectativas dos demais e incluso os gustos propios coma a preferencia pola cor rosa ou azul, polos xoguetes dun ou outro tipo, polos diferentes xogos...

6. Cada un dos rapaces ou rapazas pode indagar cales son as expectativas da súa familia acerca do seu futuro e cales son os seus propios desexos, para concluír se existe ou non coincidencia.
7. No caso de ler e traballar este libro nun centro educativo ou biblioteca, realizar un debate acerca da vixencia ou non dos roles e estereotipos tradicionais. Comentar o sexismo da publicidade e os seus efectos sobre os propios gustos e aspiracións.

Ligazóns

Escritor:

<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/antonio-manuel-fraga>

Ilustrador:

<http://manelcraneo.blogspot.com.es/>

Libro:

<http://brabadegos.blogspot.com.es/2016/03/de-todos-os-guerreiros-o-capitan-maimino.html>

O corazón da maxia



Texto: Xavier Estévez

Ilustracións: Santy Gutiérrez

Edicións Xerais de Galicia, 2015

Colección Merlín

ISBN: 978-84-9914-819-9

Sinopse

Contado en 1ª persoa por Laura, de 12 anos e cunha grave doenza que a obrigará a permanecer no hospital moito tempo. A pesar da súa situación, non perde o ánimo nin o desexo de ser feliz. No hospital fai amizade con outros nenos e nenas con diversas doenzas.

Comparte cuarto con Mistre, unha pequena etíope adoptada en Galicia. Será o medo de Mistre o que a leve a inventar unha historia na que dúas nenas, semellantes a elas, terán que resolver o misterio da desaparición dos dragóns nas aldeas. A historia discorre paralela segundo se agrava a doenza dunha delas ata chegar ao desenlace. É nese mundo relatado por Laura onde as mulleres e nenas presentan máis afouteza, valentía, disposición e decisión.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilidade da muller.
- A muller noutras culturas.
- Os saberes das mulleres.
- Muller transmisora da tradición.
- Distintas tipoloxías de familia.
- Sororidade.

Temáticas e xéneros

- Novela de realismo social.
- Enfermidade.
- Relacións interxeracionais.
- Aventura.
- Perda.
- Sentimentos.

Pequeno fragmento significativo

- *Aulea non dixo nada. Cumprir ese desexo era doado e por veces decatábase do difícil que sería seguir sen a compañía da rapaza. Mística, cos seus poucos anos, era valente e decidida. Non falaba moito pero... vaía, ela tampouco! Cando vía difícil solucionar o problema dos dragóns, cando o desánimo lle bisbaba ao oído que non o lograría, alí estaba Mística para tirar dela cara adiante.*

Actividades

1. No libro hai dúas tramas paralelas, a que narra o que lle sucede a Laura e o conto que Laura inventa para Mistre. Buscar e seleccionar algún exemplo da diferenza de roles que se lle atribúen a nenos e nenas, homes e mulleres segundo sexa a vida real de Laura ou o conto de Aulea.
2. Reflexionar sobre as distintas personas que traballan no hospital onde está Laura ingresada, cal é a súa profesión, cal é a súa

función, como as describe o autor. Reflicte o que sucede na realidade?

3. Mistre foi adoptada cando era moi pequena. Naceu en Etiopía. Pescudar información sobre cal é a situación actual de nenas e mulleres en Etiopía. En que se parece e diferencia da nosa realidade?
4. Analizar cada situación do conto que inventa Laura. Con que perigos e adversidades se atopan Aulea e Místera? Como solucionan cada un deles? Que calidades teñen que lles axuden a solucionarlos?

Pódese cubrir unha táboa coma esta:

Situación á que se enfrontan (perigo, adversidade, proba)	Como deciden afrontala (acción, decisión...)	Calidades que amosan
Desaparece o dragón da aldea	Acudir ao castelo de Louro na busca de axuda e información	Afouteza, xenerosidade

Ligazón

Escritor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Xavier_Est%C3%A9vez_Ferreiro

Ilustrador:

<http://www.santygutierrez.com/>

Libro:

<http://www.criaturas.gal/critica-do-corazon-da-maxia-de-xavier-estevez-ferreiro/>

Ovella descarreirada



Texto: Marilar Aleixandre

Ilustracións: Óscar Villán

Edicións Xerais de Galicia, 2014

Colección Milmanda

ISBN 978-84-9914-763-5

Sinopse

Na presentación editorial dise: “Este libro contén trinta e tres poemas sobre unha ovella descarreirada, un polo no garaxe, abellas bailando sen descanso a louca danza da ledicia ou fanecas bravas que ollan en fite a balea azul... Poemas insinuados na casca dun ovo, gravados nunha cabaza seca ou nos relevos dunha noz, enrodelados nunha cana de bambú, ganduxados na muda dun lagarto ou en último caso caligrafados en papel de arroz. Carecen de maiúsculas e puntos, non sendo outra cousa que “coágulos de fala”.

Tres dos poemas xa foran publicados con anterioridade.

Os apartados dos que consta o libro son: ovella negra; valeime, pugas dos toxos; apañando a primavera.

Contidos relacionados ca igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Ruptura de prexuízos.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Reivindicación da diferenza, a autonomía e a liberdade.

Temática e xéneros

- Poesía.
- Xogo cos ditos, referencias literarias e científicas,...
- Animais.
- Topónimos.
- Medio ambiente.
- Lingua.

Pequeno fragmento significativo

eu son a ovella negra
e descarreirada

(...)

a que corrira en sentido contrario ao rabaño
a que renega das tradicións
e desafina no coro
a que esquiva o sol que máis quenta

(...)

a ovella que non vai á noite para a cortella
a que non é caladiña nin mira baixiño
e ri a destempo
a que lles conta ás nenas que os bicos con lingua
son máis saborosos
e anda a rolos no herbal
sen coidarse da súa reputación
a que non ten vergonza
de ser unha ovella
descarreirada

Actividades

1. No poema "Arrengo das pombas" constrúense anáforas repetindo este verbo:

(...)

arrengo das tradicións
arrengo das pombas
arrengo das flores relambidas.

Podemos continuar arrenegando de todas as lacras que impiden a igualdade de homes e mulleres:

arrengo da violencia de xénero
arrengo da dobre xornada de traballo das mulleres

2. Contestemos ás seguintes preguntas:
 - Por que é tan importante Rosalía de Castro para as mulleres galegas?
 - Por que teñen tanto valor os topónimos?
 - Que identificarías como "demo negro"?
 - De que poetas son as citas coas que comeza algún deles?
3. Trátase dun libro de poemas rebeldes, por iso, despois de lelos, debemos buscar cal é o motivo de resistencia de cada un deles.

Ligazón

Páxina da escritora:

<http://www.marilar.org/>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Marilar_Aleixandre

Páxina do ilustrador:

<http://www.agpi.es/ilustrador.php?id=51>


<http://ovillan.com/>

Outras ligazóns relacionadas co libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=3806217>

<http://www.criaturas.gal/critica-de-ovella-descarreirada-de-marilar-aleixandre-en-xerais/>

Quen dá a quenda?



Texto: Héctor Cajaraville

Ilustracións: Ignacio Hernández

Finalista do Premio Merlín de Literatura Infantil 2015

Colección Merlín

Edicións Xerais de Galicia, 2016

3ª edición

ISBN: 978-84-9914-997-4

Sinopse

Esta é a historia da meiga Divina que ten a súa consulta no medio do bosque. Non se sabe a súa idade; leva aí desde sempre e as xentes din que xa os seus avós a coñecían tal como agora é.

O que ela fai é atender a quen a visita e resolver os problemas que ninguén antes puido solucionar: os casos perdidos, os que xa se dan por imposibles. Ninguén pagará pola axuda máis alá de cumprir coa boa acción que Divina lles encomende e ninguén marchará sen remediar o seu contratempo. Os seus clientes non son só humanos ou animais senón elementos de todo tipo, desde ferverzas a barcos, pantasmas ou insomnios, libros, nubes, ceros ou ríos.

Ela conta coa axuda dos seus libros de conxuros, das apócemas e beberaxes, da colaboración dun moucho sabio e dunha cortina lingoreteira. O que si, non necesita ninguén na secretaría pois quen chega só ten que preguntar: "Quen dá a quenda?" para saber detrás de quen vai.

Esta narración, protagonizada por unha muller, recolle as tradicións das mulleres curadoras e a axuda entre as mulleres.

Contidos relacionados ca igualdade de xénero

- Símbolos e mitos femininos.
- Os saberes das mulleres.
- Visibilidade da muller.
- Distintas tipoloxías de familia.
- Empoderamento das mulleres.
- Saga feminina.

Temáticas e xéneros

- Novela fantástica.
- Tradición das mulleres meigas.
- Solidariedade.
- Relacións cos outros: persoas, animais, cousas...

Pequenos fragmentos significativos

- *Antes ca ela, nesa mesma casa exerceron a bruxería a súa nai, a súa avoa, e mais a nai e a avoa da súa avoa. Porque o oficio de bruxa vai pasando entre as mulleres da familia, case sempre por parte da filla maior, aínda que se teñen dado casos en que é a máis pequena, a benxamina quen recibe a maña. E ás veces tamén algunha de polo medio, mais sempre mulleres.*

(...)

- *Son xeneral nun cuartel, e nin o soldado raso, o cabo ou o coronel me fan nunca o menor caso...*
- *Xa vexo, ao darlles as ordes en verso, tómano a broma – deduciu Divina mentres o militar asentía de novo.*

(...)

- *Pido para este xeneral toda a forza do universo, que a vítima deste mal no volva a falar en verso!*

(...)

- *Se tivésemos raíñas ademais de reis, como teñen eles, non había ser a cousa así. Sabido é que as mulleres teñen outra*

sensibilidade –bisbou un dos catro incos–. Non habería estas diferenzas.

(..)

- Iso é que perdiches a confianza en ti –asegurou a meiga.
- E de onde saco eu a confianza esa que me falta, que se me debeu de ir desprendendo co paso dos séculos? – preguntou a pantasma.

(...)

- Non é propietario que é propietaria –berrou a cortina desde dentro–. Ten que esperar a que lle toque a quenda, como todo o mundo!
- Eu non teño nada que esperar –retrucou o home con voz de persoa afeitada a mandar–. Veño do Ministerio de Facenda e esixo falar coa persoa que está ao cargo deste negocio fraudulento.
- Aquí non hai negocio ningún –terzou a cortina–. A meiga Divina non cobra nada polo servizo que ofrece.
- Pois máis delito aínda! –atallou o individuo–. Exercer unha actividade económica sen percibir por ela a tarifa correspondente pode ser considerado competencia desleal- recitou de memoria.
- Divina só pide que se faga unha boa obra a cambio dos seus remedios –era de novo a cortina quen falaba–. E todos marchan encantados...
- Iso non é xeito de cobrar! –indignouse o home–. Que obtén o fisco de todo iso? Aquí ninguén tributa, nin se deduce o IRPF, nin se cumprimenta o IVE trimestral, nin se presenta a declaración da Renda. Isto é unha fraude en toda regra contra o erario público.

Actividades

1. Divina, a meiga, bruxa, compoñedora, amañadora, menciñeira, curandeira, sandadora... é o prototipo desas mulleres que gardaron a sabedoría popular, a non oficial ao longo dos séculos. Elas curaron cando non había médicas ou médicos titulados ou cando non era posible acceder a esa medicina. Este libro pode

considerarse unha homenaxe a estas mulleres. Busquemos outros que tamén as teñan como protagonistas.

2. Neste caso, a meiga Divina aparece moi ben tratada, é unha meiga boa que arranxa imposibles, pero seguramente coñeces outros contos onde este tipo de personaxes representan o mal. Busca algún exemplo. Por que cres que as bruxas e as meigas foron representadas e tratadas coma seres malévolos? Se cadra ten moita relación co interese en que as mulleres non tivesen coñecementos médicos.
3. Houbo épocas nas que as bruxas foron condenadas á fogueira por ignorancia ou por intereses económicos e políticos. Realizar unha investigación acerca destes temas.
4. Indagar acerca da posibilidade de que continúe a haber algunha compoñedora ou curandeira que atenda aqueles que teñen problemas de saúde.
5. Preguntar ás persoas maiores se coñeceron algunha bruxa ou que saben delas.

Ligazóns

Escritor:

<http://www.cajaraville.eu/>

Ilustrador:

<https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=ilustradores&id=100063046>

Libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=4288196>

Mulleres bravas da nosa historia. Rosalía de Castro



Texto: María Lado

Ilustracións: Eva Agra

Urco Editora, 2016

ISBN: 978-84-156991-98-9

Sinopse

Biografía da escritora narrada por unha lucecú, con certas doses de humor. Rosalía nace nunha casa de mulleres e cambia con frecuencia de domicilio. Con trece anos aséntanse en Compostela. Destaca a súa formación, inusual nunha nena daquela época, grazas ao interese da súa nai. Facía teatro, tocaba instrumentos musicais, cantaba, falaba tres idiomas... Asistía a faladoiros, recitais, concertos, teatro...

Moi nova, empeza a ter problemas de saúde e vivir de preto a morte de seres queridos. Viaxa con vinte anos a Madrid, onde publica o seu primeiro libro e coñece ao que será o seu compañeiro, Manuel Murguía. O 17 de maio de 1863 publica *Cantares gallegos*. Un libro de referencia na literatura galega, xa que foi o primeiro escrito totalmente na lingua galega, nesa época, comezando con el o Rexurdimento, e tamén de referencia na literatura escrita por mulleres, xa que Rosalía non publica con nome de home. Faino co seu propio nome.

Contidos relacionados ca igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Visibilidade da muller.
- Muller no espazo público.
- A muller no pasado.
- Empoderamento das mulleres.
- Linguaxe non sexista.
- Socialización de xénero.
- Mulleres senlleiras.

Temáticas e xéneros

- Biografía.
- Rosalía de Castro.
- Divulgación do idioma.
- Libro didáctico, con actividades.

Pequeno fragmento significativo

- *Como ía eu imaxinar que alí estaba a poeta máis senlleira de Galiza! Canto me ensinou o seu carácter bravo e loitador! (...), ela era moi teimuda en todo, no traballar e no vivir.*

Actividades

1. Enumerar os feitos que fan de Rosalía unha muller fóra dos estereotipos na súa época.
2. Buscar algúns poemas de Rosalía onde a muller teña un papel fundamental.
3. Elaborar unha listaxe de escritoras da época de Rosalía.
4. Imaxinar a Rosalía na actualidade. Que escribiría? Cales son os problemas da actualidade sobre os que escribiría? Pensaría que xa non hai inxustizas sobre as que escribir? Cal sería o seu rol como muller? Como escritora?

5. Buscar información sobre escritoras e os pseudónimos que empregaban para publicar. Por que cres que o facían? Podes atopar algún caso no que un escritor use un pseudónimo feminino?

Ligazóns

Ligazon á páxina da escritora:

<http://casatlantica.blogaliza.org/>

Ligazón á páxina da ilustradora:

<https://komorebiart.wordpress.com/>

<http://www.7hcoop.es/eva-agra-2/>

Ligazón a páxinas sobre Rosalía de Castro:

- Fundación Rosalía de Castro: <http://rosalia.gal/rosalia/biografia/>, <http://rosalia.gal/rosalia/obra/>, <http://rosalia.gal/rosalia/imaxes/> .
- Biblioteca Virtual Galega: http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?solapa=biografia&id=RosCastr
- Libro: <http://urcoeditora.com/titulos/mulleres-bravas-da-nosa-historia-rosalia-de-castro/>

Outras ligazóns relacionadas co libro:

Caderno da crítica: <https://cadernodacritica.wordpress.com/2016/12/21/maria-victoria-moreno-por-eli-rios-e-rosalia-de-castro-por-maria-lado-ilustracions-de-eva-agra/>

Na prensa:

<http://www.sermosgaliza.gal/articulo/cultura/mulleres-bravas-da-nosa-historia-rosalia-maria-victoria-moreno/20161020114551052107.html>

Imaxe tomada de: <https://www.verkami.com/projects/15892-mulleres-bravas-da-nosa-historia>

Sira e o robot

Adventures on Titan



**Texto: Mark Wiersma
e Miguel Mosqueira**

Ilustracións: Iván Sende

Edicións Xerais de Galicia, 2015

Edicións Singulares. Libro + CD

ISBN 978-84-9914-834-2

Sinopse

Sira é unha rapaza que vive na Galicia de 2050, onde o inglés se converteu, canda o galego, na lingua oficial. A súa vida transcorre entre unhas aburridas aulas e uns pais estresadísimos. O seu mellor amigo é William, un robot tirando a medorento, co que comparte a afección pola música. Levada polo fastío, un día olla por casualidade a propaganda dun festival intergaláctico da canción que se celebrará en Titan. Coa axuda do avó consegue os cartos para asistir ao certame e descobre, abraiada, que toda a xente fala alí unha morea de linguas diferentes, polo que debe enfrontarse ao reto de comunicarse. Despois de non poucos atrancos, terminará por vencer as propias inseguridades e coñecerá un monte de xente.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilidade da muller.
- A imaxe da muller na publicidade e medios de comunicación.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Empoderamento das mulleres.
- Reivindicación da diferenza, a autonomía e a liberdade.
- Ruptura de roles tradicionais.

Temática e xéneros

- Novela de ciencia ficción.
- Pluralidade lingüística.
- Amizade.
- Música.
- Respecto ao medio ambiente.
- Relacións sociais.

Pequeno fragmento significativo

I'm rebel schoolgirl,
Contra os deberes nauseabundos.
I don't want to do my homework,
Quero escapar do mundo!

Poder respirar o ar natural
Nunha terra sen horarios.
To feel the grass under my toes.
To smell flowers and see dust rainbows.

[...]
Son unha nena rebelde
E a clase de Twitter é un baixón.
History is never her story
And the torture never stops.

Actividades

1. Analizar as letras de cinco cancións que estean de moda. Describen comportamentos machistas?
2. Buscar cancións que poidan definirse como feministas.
3. Reflexionar sobre os celos nas relacións: son acaso unha forma de demostrar amor?
4. Na obra Sira ve nun anuncio da TV o festival de música. Ollemos a publicidade desde unha perspectiva de xénero. Realizar unha listaxe de anuncios que sexan machistas e explicar o porqué.
5. Feitos da vida cotiá actual non estaban permitidos para as mulleres até hai ben pouco: abrir unha conta no banco, poder separarse, denunciar unha agresión sexual, votar... Había unha serie de dereitos que non estaban recoñecidos para as mulleres. Que comportamentos igualitarios cres que aínda non son recoñecidos e que o serán no futuro?
6. Indagar acerca de cando foi a primeira vez que puido votar a muller en España.

Ligazóns

Páxina dos escritores:

<https://www.escola-estudio.com/profesorado/name/mark-wiersma/>

<https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=autores&id=100056105>

Páxina do ilustrador:

<https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=ilustradores&id=100014722>

Outras ligazóns relacionadas co libro:

https://www.xerais.gal/catalogos/proyectos_lectura/XG00240101_9999976455.pdf

Todo o tempo do mundo



Texto: David Pérez Iglesias

Ilustracións: Marcos Viso

Edicións Xerais de Galicia, 2016
2ª edición

Colección: Merlín

ISBN: 978-84-9121-102-0

Premio Merlín de literatura infantil 2016

Sinopse

Ao quedaren sen traballo, os pais de Ariadna deciden emigrar a Canadá e, mentres non resolven a estadía, envían a nena co seu avó, a quen non ve dende hai anos e co que seu pai non se fala.

Ariadna, que sempre viviu na cidade, marcha a Albariza, aldea do avó, enfadada; pero será ao seu carón onde aprenderá moito do que lle era alleo e que pasará a formar parte (xa para sempre) da súa forma de ser e pensar.

A historia é contada pola propia Ariadna, quen a escribe dende a súa nova vida en Canadá, tempo despois, a carón dos seus pais.

Unha historia contada e protagonizada por unha nena que recolle os valores de dignidade e amor á terra do avó, para facelos seus.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilidade das mulleres.
- Empoderamento das mulleres.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Socialización de xénero.

Temática e xénero

- Novela de corte realista.
- Relacións interxeneracionais.
- Relacións familiares.
- Mundo rural.
- Memoria.

Pequeno fragmento significativo

- *Eu era dona dun misterio que me apartaba das amigas. Todas querían saber que ía ser de min pero eu mesma non sabía nada. Un dicir, sabía que algo ía pasar, pero non exactamente que ía pasar. Entón, a curiosidade era máis e máis grande porque eu apenas podía contentalas cunha resposta. Eu era dona dunha aventura, ou a aventura dona de min, tanto ten. E esa é a inseguridade e o valor da xente coma nós. Somos valentes. Estamos ao que estamos, e se hai que ir, imos.*

Actividades

1. O libro está dedicado a unha nena e semella estar escrito pensando nela. Que outros libros coñeces dedicados a unha muller ou que levan o seu nome no título?
2. O avó de Ariadna vive só ata que ela chega. Pescudade no relato e facede unha listaxe das cousas que o avó lle aprende a facer. Cales delas son consideradas labores domésticos? E cales son as que teñen relación coa vida no rural? Cales seguen sendo, aínda hoxe, realizadas maioritariamente por mulleres?

3. Das cousas que Ariadna aprende co avó, cales sabedes facer vós?, como participades vós nas tarefas domésticas?, quen as realiza na casa?, por que?
4. Imaxinade atoparvos na situación de Ariadna. Escribide/contade como viviríades eses vinte días sen ningún medio tecnolóxico ao voso alcance.
5. Como cambia ao longo do relato a percepción que Ariadna ten do avó? A que se debe ese cambio?
6. Fai unha selección de títulos (libros, películas) que coñezas que relaten a relación entre un avó/avoa e a súa neta/neto. Completa a selección buscando na rede.
7. Anota que cousas aprendiches a facer coa túa avoa e/ou co teu avó. E que cousas poderías aprenderlle ti a ela ou a el.
8. Buscar "Ariadna" na rede ou nun dicionario de mitoloxía para comprender mellor a elección deste nome. Explicao, a continuación.
9. Galicia é un país de emigrantes, tanto que Rosalía de Castro fala das viúvas de vivos en relación ás mulleres que quedan soas mentres os seus homes emigran (e ás veces non volven). Pero tamén é certo que moitas veces foron as mulleres as que emigraron, coma neste caso no que a nai de Ariadna marcha co pai. Realizade unha pequena investigación acerca de mulleres emigrantes. Buscade información acerca da intervención da artista Luz Darriba que leva por título *Santas Migrantes*.

Ligazóns

Sobre o escritor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/David_P%C3%A9rez_Iglesias

Ligazón á páxina do ilustrador: <https://marcosviso.com/>

Outras ligazóns relacionadas co libro:


Revista Criaturas: <http://www.criaturas.gal/critica-de-todo-o-tempo-do-mundo/>

<http://cafebarbantia.barbantia.es/?p=6569>

Imaxe tomada de:

Xerais: <https://www.xerais.gal/libro.php?id=4261952>

Volvo! O regreso de Usha



Texto: María Reimóndez

Ilustracións: Iván Sende

Edicións Xerais de Galicia, 2014

Colección Merlín

Sinopse

Esta é a continuación de *Usha*. En primeira persoa, a mesma protagonista (unha nena galega) vai nos contando os seus días en Devastana (unha vila do estado de Karnata, na India) na que viven acompañando a súa nai, unha médica valente que non se para ante ningún tipo de inxustiza, especialmente aquelas relacionadas coa discriminación da muller. Usha ten doce anos e ante ela van aparecendo novas situacións: os cambios que se van producindo nos corpos das mulleres coa puberdade e as respostas sociais a estas modificacións nunha civilización diferente. A experiencia de súa mellor amiga cando lle aparece a menstruación provoca a sorpresa de Usha, a intervención da nai e dunha das profesoras para evitar a reclusión de Lakshimi, os silencios e a ignorancia das protagonistas acerca dese feito natural, pero tamén a festa na que se daría a coñecer que a rapaza xa pode ter fillos.

A aparición dunha nova amiga, enferma de polio, abre novos camiños para explicar situacións difíciles a partir de contos. E tamén para falar do papel das ONG no terceiro mundo.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Feminismo.
- A mulleres noutras culturas.
- Empoderamento das mulleres.
- Ruptura de prexuízos.
- Visibilidade das mulleres.
- Distinta tipoloxía de familias.

Temática e xéneros

- Novela da vida real.
- Outras civilizacións.
- O papel das ONG.
- Investigación con humanos.

Pequeno fragmento significativo

- *As mozas mouras non son guapas e non atopan logo un bo home –dixérame unha das veciñas un día que preguntamos por que tanta teima con ese asunto. Eu pensei en moita xente ben moura que coñecía, mozas e mozos, e non lles vía a feúra por ningures.*
- *Iso unha parvada –foi o único que contestei, cousa que se aplicaba a iso e ao de atopar un home. Parecía que de socate todo o mundo comezaba a facer comentarios sobre eses asuntos, como se a Lakshmi e máis a min nos interesase todo iso nin pouco nin moito, xa non só porque tiñamos doce anos, senón porque en xeral non entendiamos por que unha moza ten que botar todo o día pensando ter “un bo home” (...)*
- *Sabes que che digo? –comentou Lakshmi baixiño.*
- *Que?*

- Que xa non estou tan segura de querer dedicarme ao cine –a súa cara parecía mesmo enfadada.
- E logo?
- Porque, total, para facer de adorno...
- Asentín amolada. Nos libros aínda había outras cousas pero nas películas todas as mozas eran só iso. Pero eu fiven unha idea!
- Non te preocupes! Faremos nós as películas e nelas seremos heroínas salvadoras da humanidade.
Lakshmi botou unha gargallada desas que tanto me gustaban.
- *Ou científicas que descubrirán a cura dun tremendo andazo!*
—*dixo poñéndose en pé, malia a calor.*

Actividades

1. Contestar os interrogantes que aparecen ou poden aparecer no libro:
 - Por que as rapazas queren xogar aos xogos de rapaces pero eles non queren xogar aos de rapazas?
 - Por que non convidan os rapaces ás charlas sobre a menstruación?
 - Por que se considera tan importante o comezo da menstruación?
 - Por que non se fala abertamente da menstruación e se fai unha festa para conmemoralala?
 - Por que á menstruación se lle chama tamén regra?
 - Por que se di que as mulleres “están malas” cando a teñen?
 - Que diferenzas se observan entre o pai e a nai de Lakshmi en relación a este momento na vida da súa filla?
 - Por que determinados temas se convierten en tabús?
 - Por que a profesora de ciencias traballa as reaccións químicas en base ás comidas?
 - Por que é tan importante decidir por unha mesma, no caso das mulleres?

2. Analizar os seguintes dilemas morais:
 - A investigación con humanos.
 - Os bancos de semente e a inseminación artificial no caso das mulleres.
3. A menstruación non é algo que acostume aparecer nos libros de ficción. Busquemos información acerca deste proceso e a súa función en libros de ciencias.
 - Busquemos outros libros de ficción onde se fale dela.
4. Preguntar polos prexuízos que había antes en relación á menstruación, e localizar os que aínda prevalecen.
5. Gangamma pasa a contos ou cancións as historias que explican de maneira literaria o que sucede como no caso da pedra muller ou o conto dos bois. Coñecemos outros casos nos que se faga isto?
6. Nos libros de Usha, entramos directamente na perspectiva de xénero de aí, que debemos deles con moita atención, realizar clubs de lectura en torno a eles, reflexionar acerca de cada un dos aspectos que aparecen reflectidos...
7. A autora, María Reimóndez é unha das autoras a ter en conta no tratamento desta temática, polo tanto, ler os seus libros é unha garantía. Busquemos outros nos que poder continuar avanzando neste campo.

Ligazóns

Páxina da escritora:

<http://mariareimondez.com/>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Mar%C3%ADa_Reim%C3%B3ndez

Páxina do ilustrador:

<https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=ilustradores&id=100014722>

<https://www.tebeosfera.com/autores/sendevivan.html>


Outras ligazóns relacionadas co libro:

<https://blog.xerais.gal/2014/o-bo-momento-creativo-de-maria-reimondez-volvo-o-regreso-de-usha/>

<https://blog.xerais.gal/2014/da-nenez-a-pubertade-volvo-o-regreso-de-usha-de-maria-reimondez-critica-de-rodriguez-alonso/>

Un ronsel de ardora

Pequena biografía de Ángeles Alvariño



Texto: Enrique Mauricio

Ilustracións: Carlos Taboada

Editorial: Lela Edicións, 2016

Colección: Mulleres galegas

ISBN: 978-84-946043-0-0

Sinopse

Biografía ilustrada da oceanógrafa e bióloga ferrolá Ángeles Alvariño (Serantes, Ferrol 1916 - San Diego 2005), primeira científica que viaxou nun buque de investigación británico e descubridora de 22 especies de zooplancto, ás que nomeaba homenaxeando a persoas importantes para ela.

Oceanógrafa e bióloga mariña que conta con múltiples publicacións relacionadas co seu campo de estudo.

Unha muller case descoñecida fóra do campo científico e que resulta de grande interese como modelo para as rapazas galegas.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Visibilidade da muller.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Mulleres e ciencia.
- Modelos igualitarios.
- Mulleres senlleiras.

Temática e xénero

- Biografía.
- Oceanografía.
- Valores de solidariedade e respecto polo medio ambiente.

Pequeno fragmento significativo

Creatividade e imaxinación son os ingredientes básicos para as científicas, como na Arte, porque a Ciencia é unha Arte.

(...)

E agora será Eugenio quen a seguirá a ela á cidade onde traballa.

(...)

Escribiu un libro de Historia sobre a primeira expedición científica, a de Malaspina e Bustamante. Non quería parar de estudar e de aprender! Foi daquela cando tivo unha idea... Aqueles terreos que tiña preto da praia de Doniños, en Ferrol, regalaríallos ao municipio para que as nenas e nenos puidesen estudar as aves, a natureza...a "magnífica catedral natural", como fixera ela, cando era unha nena.

Actividades

1. Buscar información sobre científicas galegas e cubrir unha táboa coma esta:

Nome	Lugar de nacemento	Data nacemento	Especialidade	Logros

Unha vez localizada e organizada a información, realizar unha presentación sobre estas científicas galegas.

2. Debuxar unha liña do tempo cos datos sobre Ángeles Alvariño que achega este libro. Tentar buscar algunha información máis buscando noutras fontes.
3. Investigar un pouco sobre a vida das mulleres nas datas nas que Ángeles Alvariño era unha nena, adolescente, estudante... Era habitual o que ela facía? Pódese considerar unha pioneira?
4. En Massachusetts, Ángeles Alvariño coincide con outra gran científica, podes atopar máis científicas desta época noutros países?
5. Buscar mulleres que teñan recibido o Premio Nobel e observar en que categorías son premiadas.
6. Localizar biografías de mulleres na biblioteca.
7. Se buscamos no directorio dunha facultade de ciencias: Química, Física, Biolóxicas, Ciencias Exactas, Medicina... podemos observar o número de profesoras e comparalo co de profesores.

8. En menos de cinco minutos debemos acordarnos de mulleres famosas polos seus coñecementos científicos ou por ser creadoras (arte, literatura,...). A ver cantas conseguimos!

Ligazóns

Ligazón á páxina dos autores:

<http://polocorreodovento.blogspot.com.es/>

Sobre o ilustrador:


https://gl.wikipedia.org/wiki/Carlos_Taboada_%C3%81lvarez

Outras ligazóns relacionadas co libro:

<https://mujeresconciencia.com/2017/01/28/un-ronsel-de-ardora/>

Lecturas
expertas

A caixaña dos rancores



Texto: Héctor Cajaraville

Edicións Xerais de Galicia, 2015

2ª edición novembro 2016

Colección Fóra de Xogo

ISBN: 978-84-9121-127-3

Premio Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil, 2015

Sinopse

Chiruca, unha muller octoxenaria resulta atropelada por unha moto cando cruzaba un paso de peóns. Estevo, o condutor, menor de idade, ten que pasar dúas tardes á semana durante o mes de xullo coa prexudicada, como consecuencia da sentenza da xuíza que leva o caso. Entre o rapaz e a anciá vai xurdir unha empatía que propicia que Chiruca lle fale da súa vida. Na conversa saíran datos que levantan as sospeitas de Estevo de que algo non aconteceu como Chiruca lle conta en relación a un parto acontecido hai anos. Coa axuda de Paula, a súa noiva, irán atando cabos para tratar de destapar a realidade do acontecido.

Novela na que a presenza da muller é salientable pasando por todas as xeracións de idades. Dende a xeración de Chiruca con máis de oitenta anos, ata a máis nova coma Paula, de dezaioito, e polo medio as personalidades da xuíza Felpete, da nai de Estevo, de Aurora

ou mesmo de Carolina, todas elas na cincuentena e con profesións liberais. Mulleres que a pesar de recibir unha cultura e educación diferentes, son todas elas valentes, autónomas, libres das ataduras e con decisión propia á hora de afrontar o seu futuro.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilidade da muller.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Distintas tipoloxías de familia.
- A muller no pasado.
- Empoderamento das mulleres.
- Modelos igualitarios.

Temáticas e xéneros

- Novela de realismo social.
- Relacións interxeracionais.
- Relacións familiares.
- Amizade.
- Soidade.
- Nenos roubados.
- Misterio.

Fragmentos

- *A todo o mundo lle presta ter alguén con quen compartir as cousas cada día. As persoas non están para viviren soas. E menos as mulleres, que somos máis dadas a falar e a buscar o amparo dun home. E non esquezamos tanto as necesidades que teñen tanto os homes como as mulleres. (páx. 41)*
- *Acababa de quedar viúva, tiña vinte e tres anos, traballaba de criada nunha casa... Non me digas que non reúne todas as condicións para ser vítima dun caso deses. (páx. 44)*
 - Falouche de sexo a vella?!

- *Home, así directamente non, só fixo esa... esa insinuación – explicou Estevo .*
- *Díxome que ela nunca estrañou o que puido perder por vivir sempre soa, por máis que ás veces lle pasase pola cabeza levar outro tipo de vida.*
- *Si, pero ben che dixu que as mulleres sempre buscan a protección dun home, non? Todas as vellas da súa idade son unhas machistas de coidado –alporizouse Paula. (páx. 48)*

Actividades

1. Buscar información acerca dos casos dos bebés roubados en centros médicos rexentados por relixiosas na época franquista.
2. Na novela preséntanse tres xeracións de mulleres. Indicar cales son, os seus nomes e rango de idade.
3. Facer unha listaxe cos nomes das personaxes femininas e masculinas que aparecen na novela, indicando algún dato salientable da súa personalidade. Extraer conclusións ao respecto.
4. A visibilidade da muller na vida pública é salientable ao longo da historia. Dende a xuíza Felpeto ata a muller que conduce o taxi que collen os protagonistas (páx. 125). Indica a profesión das mulleres que aparecen na novela, os estudos que teñen e ponos en relación coa época que lles tocou vivir. Que conclusións podemos sacar?
5. Na época de Chiruca era habitual que a muller coidase dos seus pais enfermos, simplemente porque era a muller (páx. 30). Ata que punto pensas que isto mudou ou segue a acontecer?
6. A trama central está baseada no caso real dos bebés roubados ás nais solteiras, soas ou viúvas, de procedencia humilde (páx. 44). Ser nai de solteira era visto como unha desgraza. Hoxe en día hai moitas mulleres que optan por esta vía. Consideras que forman igualmente unha familia?
7. A familia de Paula e a de Estevo parecen ter maneiras distintas de educar ás súas crianzas. É o habitual que á moza se lle dea máis liberdade que ao mozo e que non teña que dar explicacións aos seus pais das súas saídas, etc...? Que opinas?

8. Paula é a que paga cada vez que collen o autobús ou o taxi. Nunha destas veces Estevo parece sentirse avergoñado. Paula chega a dicirlle que non o tome a mal que a seguinte vez ela lle dará os cartos para que sexa el quen pague diante da xente (páx. 108). Que pensas ao respecto?
9. Chiruca preguntalle a Estevo por dúas ocasións que lle gusta da súa moza. Le de novo as páxinas 131-132 e recolle a resposta que lle dá Estevo. Pensas que é o que Chiruca esperaba oír? Razona a túa resposta.
10. Nas páxinas 133-136, Chiruca cóntalle a Estevo como era no seu tempo andar a mocear. Recolle algunhas frases significativas que o expliquen e compáraas cos tempos actuais.
11. Das páxinas 179 á 187 recóllense cantigas de tradición oral nas que a presenza da muller é notoria. Párate na cantiga da páxina 183 e crea outra baseándote na mesma estrutura, pero cambiando o contido referido á muller nun sentido totalmente oposto. Anímate a poñerlle música, cantala e gravar un vídeo. Ten en conta que o resultado sirva de bandeira para unha campaña de sensibilización na igualdade entre homes e mulleres.

Ligazóns

Escritor:

www.cajaraville.eu/obras

Obra:

<https://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2017/09/A-caixinha-dos-rancores.pdf>

A cea das enaguas



Texto: An Alfaya

Editorial Tambre – Edelvives, 2016

Colección Catavento

ISBN: 978-84-9046-148-8

Gañadora da

XIII edición dos premio Frei Martín

Sarmiento

5ª categoría (3º e 4º ESO)

Sinopse

Un mozo, fillo de pais separados, frecuenta o avó materno, fareiro xa retirado, nunha vila case abandonada. Con el acostuma visitar unha anciá que vive illada e calada nunha casa grande, e a quen o avó coida, levándolle os produtos que necesita para a súa supervivencia.

Nunha das viaxes, ao neto tócalle asistir a acontecementos sorprendentes e facer descubertas inesperadas: as razóns polas que avó e filla case non se falan, polas que a vella da mansión permanece no medio da loucura e a soidade, polas que o avó a atende e algunha máis.

Tempos de contrabando e poder, de silencios cómplices, de amores non correspondidos e traizóns. Nun mundo dominado polos homes, ás mulleres quédanlles poucas oportunidades... a loucura é unha delas.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Amor romántico.
- A muller no pasado.
- Patriarcado.
- Distintas tipoloxías de familia.
- Violencia machista.

Temática e xénero

- Novela de cariz psicolóxico, de intriga e misterio.
- Relacións e conflitos familiares.
- Contrabando e cárcere.
- Traizón e vinganza.

Pequeno fragmento significativo

Cando o seu xefe ía visitar a miña nai, el non tardou en meterse na miña cama... Ti sabes o noxo que me daba? Nin o imaxinas! (...) O peor de todo foi que ela, a miña nai, miraba para outro lado, si, non poñas esa cara, Matías! Sabía o que pasaba pero facía a parva porque lle conviña, porque nos conviña, xustificábase cando eu lle suplicaba que lles pechase a porta aos dous desgraciados... E todo porque o barco do contrabandista chegaba moitas veces cargado de produtos que aquí resultaban moi difíciles de conseguir... Mira ti, vendeuse e vendeume por cobiza, por ter o bandullo cheo... Deixouse querer e deixou que Sito me quixese en contra da miña vontade.

(...)

- *Sito é un mozo leal, e para min a lealdade neste mundo noso é a mellor das virtudes que pode ter un home. Se te arrimas a el sempre estarás protexida. Dixéralle a Sara o seu pai, Amadeo.*

Actividades

1. Na novela establécese unha verdadeira trama de amores correspondidos e non correspondidos. Cómpre representalo a través dun mapa ou árbore.
2. Analizar os fragmentos recollidos e outros que resulten de interese para comentar desde unha perspectiva de xénero.
3. Na segunda das citas fálase da necesidade de protección que parecen precisar as mulleres. Algo que tamén aparece nas lecturas do ritual católico das vodas. Buscar eses textos e analízalos desde a perspectiva de xénero.
4. Observar e describir as relacións que nos resultan inaceptables.
5. Homes buscavidas e mulleres que deben ter relacións sexuais para sobrevivir. Analizar estas situacións que se presentan na obra.
6. A loucura como escape ante situacións realmente críticas na vida das mulleres semella ser unha constante na literatura de An Alfaya, que xa se presentara na obra que acadara o Premio Lazarillo, *A sombra descalza*. Tentar ler tamén ese novela e comparalas.
7. A falta de liberdade das mulleres para escoller a parella coa que queren estar aparece reflectida nalgunha das situacións. Realizar unha posta en común arredor desta problemática.
8. Revisar a produción literaria de An Alfaya e concluír cal é o papel que lle adxudica ás mulleres.
9. Na páxina 165 lese que Celia e o fillo aquéndanse para velar a Matías no tempo de internamento. Unha muller adulta e o seu fillo adolescente, porque a responsabilidade debe compartirse entre homes e mulleres, mozos e maiores. Tamén Matías coidaba de Sara, pero chámanos a atención porque segue a non ser o máis común. Establecer un debate acerca desta temática: quen coida normalmente, é xusto que recaia maioritariamente sobre as mulleres o coidado de nenos/as, enfermos/as e persoas maiores?...
10. A historia repítese, o que fixeron os avós con Celia ocultándolle a súa orixe, vaino facer ela con Eloi... aínda así, o rapaz semella máis comprensivo que ela e máis disposto ao perdón. Cal pode ser a razón?

Ligazóns

Escritora:

https://gl.wikipedia.org/wiki/An_Alfaya

Libro:

<https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/cgi-bin/koha/opac-detail.pl?biblionumber=1214162>

Alaia e a deusa



Texto: Tomás González Ahola
Urco Editora, 2014

Colección Urco xuvenil
 ISBN 978-84-15699-56-9

Sinopse

Alaia, a moza que protagoniza esta historia pertence á tribo dos ne-ríos. Debe abandonar o seu castro para traballar na cidade de Thaladé, unha construción case imposible sobre o Mar Poñente que se mantén grazas ao traballo incesante dos escravos. Unha civilización hedonista que sobrevive a conta da crueldade dos amos tanto coas persoas libres coma coas sometidas. Unha distribución de poderes civís, relixiosos, mercantís e militares mantén en pé unha cidade baixo a que permanece a deusa que percorre os labirintos interiores en forma de canles onde recibe ofrendas humanas para a súa supervivencia.

Alaia, unha adolescente de trece anos, cun espírito curioso e rebelde ha de pasar dunha certa liberdade na aldea da que provén a un sometemento absoluto na cidade. Aínda así, o seu gusto por coñecer fai que poida dominar as rúas e diques, que corra e nade ata atopar coa deusa e facerse a súa amiga. Na superficie tamén atopará outra amiga, unha thaladiana; entre as dúas establecerase un amor que

supera as barreiras sociais a través da clandestinidade e o disimulo, pero un malentendido acabará coa felicidade. Daquela, Alaia recluírase nas cabanas dos escravos e organizará con eles a fuxida que levarán a cabo cando a cidade se derruba. E ela perderase para sempre axudando a deusa a saír a mar aberto.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de roles tradicionais.
- A descuberta das experiencias sexuais e o amor.
- Visibilidade da muller.
- A muller no pasado.
- Identidades sexuais non predominantes.
- Sororidade.
- Violencia machista.

Temática e xéneros

- Novela de xénero fantástico.
- Distopía.
- Cultura castrexa.
- Atlántida.

Pequeno fragmento significativo

- *Ela era un espírito libre, demasiado libre, segundo os seus pais, e os espíritos libres son como os paxaros, que morren de pena cando os engaiolan. Desde moi cativa deixara claro que non quería ser unha neria máis, e coser redes e quentar o lar mentres agardaba a que os homes volvesen á casa. Alaia era boa amañando aparellos de pesca e prendendo o lume, máis aínda era mellor subindo ás árbores, espichando rodaballos cun arpón e loitando cos mozos da aldea con paus e pedras. De non ser porque a idade xa comezara a lle arredondar as formas e os rapaces do seu tempo xa tiñan unha sombra de lanuxe avermellada debaixo do nariz e do queixelo, calquera a confundiría cun nerio máis, mesmo cun dos máis afoutados da rexión. Pero como nacera muller e a súa xente lle esixía*

vestir, facer e existir como tal, a coitada tiña que reservar determinados xogos para o seu tempo de lecer, que moito non era. E así, sempre que estaba empoleirada nunha cerdeira roubando froita, dacabalo dun con pescando maragotas, ou facendo sangrar os seus amigo baixo o gume de madeira dunha espada de xoguete, podía ouvir na distancia o berro insistente e enrabechado da súa nai.

Actividades

1. Buscar e recoller outros fragmentos nos que se demostra o carácter activo e pouco convencional desta adolescente neria.
2. No texto hai outro personaxe feminino que tamén nos sorprende pola súa capacidade organizadora e de mando, de quen se trata? En que se demostra? Cres que esta muller tamén condena a relación entre as dúas adolescentes ou non?
3. A descuberta espontánea do amor; o paso da amizade e o xogo ás relacións sexuais semella contado dunha maneira natural. Pero a sociedade non acepta ese tipo de escolla, nin entre mulleres, nin entre unha neria e unha thaladiana. Busquemos os argumentos que defenden esa prohibición e aquel outros que defenden a opción das rapazas. Organicemos un debate entre ambos nos que cada grupo adopte unha das posturas.
4. O machismo aparece representado, especialmente, nun personaxe. Recollemos o seu perfil ao longo do relato. Ademais del, é toda a sociedade thaladiana quen discrimina a muller, como podemos demostralo?
5. O control social sobre un sexo, ou unha opción sexual, chega a facerse invisible, ata o punto de que moitas persoas permanecen alienadas e non son conscientes destas discriminacións. Analicemos, no día a día, en que as percibimos. Despois de descubrilas e reflexionalas, pode ser o momento de decidir tácticas para loitar contra elas.
6. Na obra tamén se mostra a violencia contra a muller. Fagamos o exercicio de descubri-la. Posteriormente, podemos comentar cando e como a percibimos na vida diaria.

Ligazóns

Escritor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Tom%C3%A1s_Gonz%C3%A1lez_Ahola

Ligazóns relacionadas co libro:

<http://urcoeditora.com/titulos/alaia-e-a-deusa/>

<https://biosbardia.wordpress.com/2015/01/27/alaia-e-a-deusa-amor-e-aventura-no-tempo-castrexo/>

Ámote Leo A.

Terminal de chegadas?



Texto: Rosa Aneiros

Edicións Xerais de Galicia, 2014

Colección Fóra de Xogo

ISBN: 978-84-9914-683-6

Sinopse

Terminal de chegadas é a terceira entrega da triloxía *Ámote Leo A.* A protagonista cumpre co seu obxectivo de estar seis meses de viaxe coñecendo diferentes países do mundo. Nesta ocasión cruza o charco e coñece diversos lugares da Arxentina e Perú sen Andrés, pero acompañada igualmente das pintadas de *Ámote Leo A.* que tanto a anoxan e que por fin descubrirá quen as fai.

Novela que segue os pasos das anteriores entregas cunha protagonista feminina que logra cumprir o seu obxectivo de facer unha viaxe soa polo mundo cunha cantidade de cartos gañados pola súa man e aforrados para tal fin. Todo un logro na súa convencional familia, que puxo todos os inconvenientes nun principio, pero que se vai tornar en orgullo colectivo unha vez rematada a viaxe.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilidade da muller.
- Empoderamento da muller.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- A muller noutras culturas.

Temática e xéneros

- Novela de iniciación.
- Viaxes.
- Misterio.
- Familia.
- Amizade.
- Amor.
- Lectura.
- Redes sociais.

Fragmento significativo

- *A ver... Sei que antes de marchar tiveches que aturar moita presión. Non fun nada xusta contigo, miña filla. (...) Indirectamente, sei que con todos os meus reproches fíxente sentir moi culpable, coma se todo o que sucedeu fose cousa túa. (...) Leo, síntoo moito. Sinto que marchases con esa carga e que tivese que aturarme. Estou moi orgullosa de ti e de que, así e todo decidises marchar. Era o teu sono e cumpríchelo. (Páxs. 319-320)*

Actividades

1. Le de novo as páxinas 17-18 e selecciona os nomes das mulleres que se citan. Infórmate sobre elas. Verás que entre elas hai unha galega. Quen é? Por que aparece citada nese grupo de mulleres importantes francesas? Crea un álbum con todas elas no que inclúas unha fotografía de cada unha, os seus datos biográficos, a súa obra máis representativa e a súa

repercusión na loita dos dereitos e liberdades das mulleres. Selecciona ademais algunha frase ou pensamento de cada unha delas que invite á reflexión. Comentádeo entre as persoas que formades o grupo.

2. Xa en Bos Aires, Leo volve a citar outra serie de autores e autoras arxentinas que lle poderían ofrecer unha ollada anovada sobre Arxentina. Entre eles, cita dúas poetas: Alfonsina Storni e a Alejandra Pizarnik. (Páx.80-81). Busca información sobre as mesmas e inclúeas no álbum anterior.
3. A nai de Leo abriu unha tenda de roupa. Le revistas de moda e está ao tanto das últimas tendencias a través das *it-girls* e as *coolhunters*. Que opinas das rapazas que parecen seguir como único modelo de vida este consumismo da moda? (Páx. 32)
4. A avoa Carmiña ten alentado de sempre a súa neta Leo da importancia de votar. Fálalle do sufraxio universal e do voto feminino. Infórmate do significado destes conceptos. Le de novo a páxina 120 e expresa a túa opinión ao respecto.
5. Adriana, a moza italiana que Leo coñece en Bos Aires, cóntalle a historia de dúas mozas arxentinas que se queren e que se trasladan a vivir á capital na busca do anonimato que lles faltaba na súa vila natal. (Páx. 164). Cres que esta é unha situación que se repite en moitos lugares do mundo? Que aspectos teñen que cambiar aínda, para que situacións semellantes non se repitan na actualidade?
6. Un lugar emblemático en Bos Aires é a Praza de Maio polas reivindicacións das que se coñecen como Nais da Praza de Maio. Infórmate sobre elas. Cres que se podería relacionar a busca da tía de Adriana con estas nais e avoas? Como explicarías o personaxe de Claudia na trama da novela?
7. Leo cita na páxina 184 a Sés, e recolle parte da letra dunha das súas cancións, *De catro a catro*. Sabes quen é esta cantante? Incorpóraa ao álbum de mulleres interesantes da actividade 1 e 2. Non deixes de escoitar esta e outras das súas cancións.
8. Leo tivo que enfrontarse aos seus propios medos para poder realizar o que era o seu soño. Tamén tivo que enfrontarse a súa familia, que se opoñía a esta viaxe. Pero, unha vez que logra o seu propósito todo o mundo sente orgullo pola rapaza e ven que é capaz de tomar as rendas da súa propia vida. Se Leo

fose un home, pensas que na familia o tería igual de difícil?
Razoa a túa resposta.

Obradoiro de creación

- Crea unha presentación a modo de diario de viaxe que recolla os lugares máis significativos que visita Leo. Detente unicamente naqueles nos que a presenza das mulleres sexa significativa.

Ligazóns

Escritora:

<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/rosa-aneiros>

Twitter:@RosaAneiros

<https://twitter.com/RosaAneiros>

Obra:

<https://trafegandoronseis.blogspot.com.es/2014/06/amote-leo-terminal-de-chegadas.html>

Ámote Leo A.

Estación de tránsito



Texto: Rosa Aneiros

Edicións Xerais de Galicia, 2014

Colección Fóra de Xogo

ISBN:978-84- 9914-623- 2

Sinopse

Estación de tránsito é a segunda entrega da triloxía *Ámote Leo A.* A protagonista continúa a viaxe que emprendera soa, unha vez acabados os seus estudos universitarios, por diferentes países. Nesta ocasión visita Istambul, Praga, Roma, Venecia e París. As idas e vindas de Andrés xunto coa aparición das pintadas co seu nome seguirana axecendo nos lugares máis insospeitados.

Novela con protagonista feminina: unha moza afouta que logra vencer os seus medos e toma a iniciativa de facer unha viaxe polo mundo soa. Racha co rol establecido na súa familia para ás mulleres, seguindo os pasos da súa tía Cris. Para empezar, ela realizou estudos universitarios de Ciencias Empresariais, ámbito tradicionalmente acaparado polos homes. Outros personaxes femininos arroupan a protagonista amosando unha visión emancipadora e moderna da muller

na sociedade actual. Por exemplo, a súa tía Cris, que alcanza un posto relevante como científica na universidade ou a súa propia nai, que a pesar de non poder estudar logra con éxito montar un negocio do que se sente orgullosa.

Por outra banda, a autora aproveita as viaxes da protagonista para achegarnos ao papel relevante doutras mulleres noutros países e culturas.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de roles tradicionais.
- Visibilidade da muller.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Empoderamento da muller.
- A muller noutras culturas.

Temática e xéneros

- Novela de iniciación.
- Viaxes.
- Misterio.
- Familia.
- Amizade.
- Amor.
- Lectura.
- Redes sociais.

Fragmento significativo

- *A rapaza estaba a descubrir de si mesma unha verdadeira capacidade de adaptación a cada espazo, e a vontade de residir en cada lugar que visitaba, indicaba que, realmente podería facelo. Si, se quixer podería comezar de cero en cada lugar que ía coñecendo. (páx. 38)*
- *Herdara tamén outras cousas: a teimosía. A tía Cris lograra algo que mamá nunca puidera soñar: arrepoñerse á vontade do avó Roque e ir á universidade. Dos tres irmáns ninguén apostaría que ela, a pequena e calada, o conseguise, pero non houbo maneira de detela. O tío Roque si que fora, claro,*

non había ir, porque era un home, o vinculeiro da familia. Mamá xa dera a batalla por perdida antes de sacar as armas e, para sorpresa de todos, nada máis acabar o bacharelato, apareceu Cris coa súa bolsa de estudos e a matrícula pagada na universidade de Barcelona. Ninguén ousou retrucarlle e alá foi para converterse nunha científica brillante. (...)

Non todos lle recoñeceron o mérito. O avó pensaba en voz ben alta que as mulleres non teñen nada que buscar nas universidades, que non albergan máis que paxaros na cabeza e poden tolear nas clases. Repetía constantemente que o seu mellor lugar era a cociña. (páxs. 113- 114)

Actividades

1. Redacta o perfil de twitter de Leo. Inclúe os seus posibles seguidores ao igual que a outras persoas ás que ela poida seguir segundo os datos que nos vai achegando a trama da novela.
2. Crea unha nube de etiquetas que identifique o contido do parágrafo que se seleccionou como fragmento significativo da novela (páxs. 113-114).
3. Elabora as preguntas para as seguintes respostas:
 - *Devorouno con beixos ruidosos e densos. (páx.16)*
 - *Pareces un limón. Estás guapísima. (páx. 22)*
 - *Porque odiaba os libros de Federico Moccia. (páx.181)*
 - *É Claudia, a irmá de Andrés quen sofre pesadelos polo que viviu en México. (páx.168)*
4. Mayra, unha das amigas que vai coñecer na súa viaxe, quere seguir os pasos da monxa Exeria, unha galega que no século IV peregrina ata Xerusalén. Crea o personaxe. Ponlle cara e voz. Podes utilizar recursos dixitais como VOKI.
5. A medida que Leo vai visitando países atopa unha serie de mulleres que chaman a súa atención. Busca a información no propio libro (páxs. 53; 159; 168) e comenta a importancia das súas reivindicacións ou da súa problemática.
 - Mulleres kurdas de Turquía.
 - As mulleres de Cidade Juárez de México.
 - As Virxes Vestais da antiga Roma.

6. Leo coñece en Praga unhas rapazas xaponesas que pertencen a unha tribo urbana moi popular no Xapón. Cal é o nome? Por que se caracterizan? Cres que Leo se sente identificada con este movemento? Razona a túa resposta.
7. Os libros acompañan a Leo na súa viaxe: a lectura tece fíos invisibles, independentemente da distancia xeográfica, di a protagonista. Escribe un texto de defensa da lectura, desde o teu punto de vista.
 - a. Fai a relación das escritoras, dos títulos e dos personaxes femininos citados por Leo e asócialle a cidade que lle corresponde.
 - b. Párate en Roma (páx. 181). Tiveches ocasión de ler algún dos libros de Federico Moccia? Se pertences a un club de lectura coma Leo, coméntao cos teus compañeiros/as. Cal é a túa opinión ao respecto? Coincides con Leo ou coa súa amiga Miriam?

Obradoiro de creación

- Elabora un guión para converter a historia narrativa nunha serie de TV que leve por título Leo polo mundo, unha mirada de muller, centrada exclusivamente nas cuestións de xénero. Pensa que actriz actual escollerías para encarnar a protagonista.

Ligazóns

Escritora:

<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/rosa-aneiros>

Twitter:@RosaAneiros

<https://twitter.com/RosaAneiros>

Obra:


Reseña de Rodríguez Alonso:

<https://blog.xerais.gal/2014/a-viaxe-como-aprendizaxe-amote-leo-a-estacion-de-tansito-de-rosa-aneiros-critica-de-rodriguez-alonso/>

Reseña de Carlos Mosteiro:

<http://cafebarbantia.barbantia.es/?p=3294>

Aram o armenio



Texto: Abel Alves

Ilustracións: María José González (Majox)

Prólogo de José Antonio Gurriarán

Demo Editorial, 2016

ISBN 978-84-943403-6-9

Sinopse

En 1915 o Imperio Otomán comeza unha sanguenta escalada de violencia contra o pobo armenio. No medio dese pesadelo a Tamar tócalle asistir ao asasinato da nai e á detención do pai. Soa e desamparada atopa auxilio nuns veciños que poñen a súa ética e a súa humanidade por diante da súa nacionalidade. Con todo, agochar unha armenia entraña un gran risco e deciden saír na procura de Aram, tío da nena e único familiar que lle resta. Será esta unha viaxe que, aínda chegando a bo porto, non estará exenta de dificultades.

Unha Tamar xa anciá transmitiralle aos seus netos a historia da súa trágica infancia sen rancor ningún, mantendo dese xeito vivo o legado dos seus antergos.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Violencia machista.
- Visibilidade da muller.

- As mulleres noutras culturas.
- Patriarcado.

Temática e xéneros

- Novela gráfica bélica.
- Relato de aventuras.
- Xenocidio Armenio.

Pequeno fragmento significativo





Actividades

1. A obra narra a odisea dunha nena armenia, Tamar, que vive en primeira persoa a traxedia do seu pobo. Lembrar outras historias protagonizadas por nenas testemuñas e protagonistas deste tipo de situacións.
2. Facer unha reflexión baseándose na lectura de Estela grita moi forte observando o paralelismo que existe entre este álbum e a historia de Tamara.
3. Na narración móstranse unha serie de vulneracións do dereitos humanos. Facer unha listaxe e reflexionar cales deses delitos foron cometidos polo feito das vítimas ser mulleres.
4. O guionista é un galego que residindo no Uruguai coñece a súa parella de ascendencia armenia, quen lle descobre este lamentable capítulo dun pasado demasiado descoñecido, razón pola que decide escribir o guión. Trátase, polo tanto dunha obra de denuncia. Busquemos outras novelas gráficas con esta mesma finalidade.
5. Para afondar nesta temática poderemos ler un capítulo de *El decálogo* (VV.AA., Planeta), *La gran catástrofe* (Paolo Cossi, Ponent Mon) ou *Sangre armenia* (Vidal y Clavé, Glénat).

Ligazóns

Páxina do escritor:

<http://demoeditorial.com/es/71-abel-alves>

Páxina da ilustradora:


<http://hoteldelasideas.com/autores/otros-autores/colorada-majox/>

Outras ligazóns relacionadas co libro:

<http://demoeditorial.com/es/fuera-de-coleccion/66-aram-el-armenio.html>

<https://www.youtube.com/watch?v=D11QUysxXAo>

Ari e o Minotauro



Texto: Ramón Caride Ogando

Tambre, 2015

Colección Catavento

ISBN 978-84-9046-084-9

Sinopse

Ari é unha adolescente moi curiosa e intelixente que vive tranquilamente canda a súa nai. A aparición na súa vida dun ancián que ficou acampado na praza despois dunha manifestación mudarao todo. As conversas entre ambos cambiarán a súa perspectiva das cousas, abrollando nela un novo xeito de ver a vida. A nai, profesora universitaria ateigada de traballo, considera o vello unha mala influencia para Ari.

Por simple coincidencia e tras a súa marcha, a nai caerá na conta de quen era aquel home e de que, non sendo por el, nunca se tería convertido na persoa que é.

Unha historia de mulleres e das súas dificultades no mundo actual.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilidade da muller.
- Conciliación familiar e profesional.
- Maternidade.
- Símbolos e mitos femininos.

Temática e xéneros

- Novela.
- Mitoloxía grega.
- Relaciona materno-filiais.
- Superación persoal.

Pequeno fragmento significativo

Reaccionara ao fin, medio sen saber como nin de onde sacara as forzas. Unha nai sempre saca as forzas. Fixérao a súa, e tamén Isabel. Seica un pouco tarde pero reaccionara.

[...]

Isto era hai moito, moito tempo. E era un neno moi, moi pequeno...

- *Un neno, dis, e por que non unha nena?*
- *De acordo, que sexa unha nena.*

Actividades

1. Comentar mitos gregos que teñan como protagonista unha muller.
2. Tanto Ari como Mariña, a protagonista dun dos contos do anciá, son dúas mozas intelixentes e afoutadas. Poderías dicir outras personaxes femininas que consideres que teñan estas calidades.
3. Un dos temas principais nesta narración é que no mito grego se lle resta importancia a Ariadna fronte a Teseo e o Minotauro. Reflexiona sobre esta cuestión. Débese a que é unha personaxe

feminina? Coñeces máis casos nos que á figura da muller se lle reste importancia por mor do seu xénero?

4. Co nome de Ari ou Ariadna atopamos máis dun personaxe dentro da literatura. Busquemos algunhas obras que cumpran esta condición.
5. Escribir un relato que leve por título *O fío de Ariadna*, podendo semellarse máis ou menos ao mito grego, porque as historias poden ser contadas desde diferentes puntos de vista, recreadas...
6. Nesta obra mestúranse historias do pasado e do presente da nai de Ari, Isabel. Algunhas delas derivadas da discriminación de xénero. Escribe unha carta a túa nai como muller, pero non a actual senón a rapaza que era cando tiña a túa idade. Que recomendacións lle darías para evitar ese tipo de situacións?
7. Na narración a relación entre nai e filla é un dos temas fundamentais. Nalgúns aspectos Isabel é sobreprotectora coa protagonista, e aínda que –non directamente– esa actitude está influenciada polo sexo da súa filla. Observa a reacción dos pais cos fillos e coas fillas para sacar conclusión ao respecto.

Ligazóns

Páxina do escritor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Ram%C3%B3n_Caride

Outras ligazóns relacionadas co libro:

<http://brabadegos.blogspot.com.es/2015/11/o-triangulo-maxico-ari-e-o-minotauro.html>

As aventuras de Margaret White

A balada do Solitario



Texto: Manuel Moledo

Ilustracións: David Fajardo

Contos Estraños Editora, 2014

ISBN: 978-84-943971-2-0

Sinopse

Tal como aparece na lapela: “A piques de rematar o século XIX, dous bloques, o Imperio e o Eixo Utopista, manteñen o mundo nun precario equilibrio que raia na guerra fría”. Trátase, polo tanto dunha ucronía, na que se nos relata unha reconstrución histórica elaborada baseándose en feitos posibles pero que non sucederon así realmente.

Comeza na gran cidade Ferrol – A Coruña (FerCo) na que o detective Alvarado e a súa axudante Margaret White, unha institutriz británica reconvertida en investigadora privada, son contratados para dar caza a un Jack ou sacaúntos que anda a matar mozas. A eles unirase a texana Crazy Lola, unha cazadora de fuxitivos. Un científico compostelán, un príncipe zulú e un lord inglés axudaránlles nesa persecución que terá continuidade en África.

A novela complétase co “Caderno de campo de Margaret White: a viaxe de catro ingleses, dous galegos, unha texana e un zulú ao corazón da África inexplorada” no que a narradora engade unha serie de notas a respecto de Galiza e os galegos, exército e gastronomía, diferentes adiantos técnicos, algúns aspectos da cultura lonami...

Margaret White, o personaxe protagonista e narradora, defínese como aventureira, sufraxista e feminista. Dolores Brown non precisa facer declaracións, a súa vida e actuación convértena nunha muller moi adiantada ao seu tempo.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Visibilidade das mulleres.
- Os saberes das mulleres.
- Muller no espazo público.
- Violencia machista.
- A muller noutras culturas.
- Empoderamento das mulleres.
- A muller no pasado.

Temáticas e xénero

- Novela de aventuras.
- Ciencia ficción.
- Ucronía.

Pequeno fragmento significativo

Non era cuestión de competencia. Demostráralle máis dunha vez que era útil e sabía defenderme. Aínda así, resistíase a meterme de cheo no submundo criminal da cidade; máis por afán protector que por desprezo á miña condición de muller, quería crer.

(...)

Lola é unha muller masculina na súa maneira de vestir, pero puntillosa. Adoita usar chaleco, camisa de home e lazo. E aín-

da que compartiramos cuarto toda a viaxe e de feito, volveríámolo a compartir nesta ocasión, xa que eran uns cuartos grandes con varios leitos, nunca a vira espida. Foi por tanto para min unha sorpresa cando ao dicirme que xa podía dar a volta, vin que máis arriba dos cóbados, así como nas pernas que apoiaba no bordo da bañeira e mesmo no seu escote, a súa pel atopábase completamente debuxada.

(...)

O meu pai fíxome aprender a disparar cando era nena. Coido que o fixo para compensar a falta dun fillo home. En calquera caso só o fixo mentres era moi nena e só se trataba dunha pequena excentricidade. Máis tarde arrepentírase amargamente, porque acabaría considerando que esa pequena concesión era a que me abocara ao camiño do sufraxismo e a converterme nunha marimacho. Isto, por suposto, era unha absoluta parvada.

(...)

Unha das miñas tías servira como enfermeira na India durante a rebelión dos cipaíos. Lembro que cando lle preguntei, coa miña admiración de nena, qué fora máis duro, ela non dubidara. Ver homes feitos e dereitos esnaquizados de tal maneira que xa non parecían homes. Iso e ouvilos berrar e chorar, e chamar polas súas nais. "Atendín homes de toda idade, condición e raza, querida Daisy. E aínda que moitos seguramente tiñan esposas ou noivas ou amantes, poucos me falaron delas ou as chamaban na súa dor. Case todos lembraban a súa nai".

Actividades

1. Na páxina 7 cando se describe o xentío da cidade aparece o termo "Malas mulleres". Explicar o significado, comparalo con "mal home". Buscar outras palabras que representen conceptos moi diferentes cando se refiren a homes ou a mulleres.
2. "Era unha aventura, se non había máis remedio tiña unha arma para me defender, e talvez, o que máis me incomodaba era o cinto de castidade que adquirira por correspondencia para protexerme dunha eventual violación". A partir deste texto, recollamos información acerca dos cintos de castidade e o seu uso en determinadas épocas.

3. Dolores Brown é unha muller á que confunden cun home cando a ven por primeira vez. As mulleres poden tentar pasar por homes para correr menos riscos e incluso poden asinar as súas obras con nomes de homes como sucedeu con certas creadoras. Comentar estas circunstancias e buscar casos nos que isto sucedese.
4. *“Alvarado pareceu asumir naturalmente que a tal Lola era un home, malia a súa obvia anatomía, e que ía tratala como tal. Iso amoloume. Eu esforzárame moito para que me considerase como unha compañeira e non como a un fráxil obxectos de cristal, e non o conseguira de todo.”* Dous modelos de muller, tal como se vai ver ao longo do relato, ante os que os homes teñen diferentes reaccións. Unha vez rematada a obra convén debater acerca delas, das posibles diferenzas e semellanzas.
5. Comentar o fragmento da carta pública da raíña Vitoria de Inglaterra, que aparece recollido na páxina 33.
6. *“Ao parecer declaráranse disturbios reclamando mellores condicións laborais, entre elas a xornada de 10 horas e o sufraxio universal, incluíndo o voto feminino e o dos estranxeiros residentes”.* Indagar acerca do sufraxio universal en diferentes países, loitas reivindicativas e época na que se consegue. Facer o mesmo coas reivindicacións do horario laboral.
7. Tratar de explicar da maneira máis argumental posible as seguintes citas e relacionalas coa situación actual:
 - *“O asasinato non é algo infrecuente, desafortunadamente, como tampouco o é o suicidio de mozas desesperadas, moitas veces degoladas pola súa propia man, no fero mundo dos barrios populares”*
 - *“Normalmente molestárame que Alvarado tentase reducirme simplemente á súa axudante e que me sacase da acción”.*
 - *“Deshonrada” repetinme para min. Tres home bébedos collen unha muller, maltrátana e humíllana. Fan con ela o que nin as bestas fan coas femias da súa especie porque mesmo os osos e as corzas teñen unha época de cría e saben facerse o amor. Contra o mandato divino, toda lei humana e todo sentimento de caridade, crúzanlle a cara, apárvana, e coucéana até que se rende por medo ou por forza. E cando terminan, déixana aí, espida e sen rastro*

de dignidade. Pero é ela a que queda deshonrada. (...) -- Non, Lola. Deshonráronse eles”.

- “Aquela ridícula loita polo status podía durar un anaco, e eu non estaba disposta a seguir vendo como dous homes adultos xogaban a “quen cuspe máis lonxe”.
- “Eu mesma participei en protestas en Londres, e fun golpeada pola policía. Detivéronme, e sei o que é un calabozo e o que é sufrir a humillación de ser tocada por un policía que busca minar a túa moral”.

* No capítulo XII podemos observar o diferente trato que lles dan os lonami ás mulleres e aos homes.

8. Analizar esta e outras lendas urbanas arredor do corpo das mulleres:

“Cando era unha mociña, andar en bicicleta era todo un acto de rebeldía; a xente aínda ragaba a fábula de que unha señorita podía ser danada “aí” se conducía esas cousas, sobre todo antes de casar”.

9. Contestar ás seguintes preguntas:

En que momento comezan a chamarlle Crazy Lola a Dolores Brown?

Quen foi Lady Godiva?

Ligazóns

Escritor:

<http://www.tiempo-de-heroes.com/2012/03/manuel-moledo.html#.WncqbieFkg>

Ilustrador:


David Fajardo. A Coruña (1984). Estudos de ilustración na Escola de Ates e Oficios Pablo Picasso. Entre os seus traballos cóntanse ilustracións, calendarios, convites e logotipos así como docencia en obradoiros de deseño de personaxes de cómic.

<http://airecentrodearte.es/aire/tag/david-fajardo/>

Obra:

<http://contosestranhos.com/product/as-aventuras-de-margaret-whitea-balada-do-solitario/>

As palabras poden matar



Texto: Marcos Calveiro

Editorial: Xerais, 2015

Colección: Fóra de Xogo

ISBN: 978-84-9914-811-3

Sinopse

No libro altéranse os capítulos impares, narrados en 3ª persoa, cos pares, narrados en primeira. A través deles cóntase o día a día de Seavia, unha colonia de casopas e choupanas sen electricidade nin auga corrente, dominada polo medo ao Chibo e aos seus sicarios, que controlan a vida e mesmo a morte dos seus habitantes. A chegada dun rapaz que non fala e ao que ninguén coñece, Silencio, servirá de revulsivo para empezar a cambiar as cousas.

Nos capítulos pares, algúns dos personaxes narran os seus motivos, os seus desexos, medos e anxeios, construíndo ao mesmo tempo esa historia do barrio marxinal.

Maisa, a nai de Efrém ou Daiara, a rapaza da que este está namorado, son mulleres que loitan nunha situación tan difícil na que non é difícil tolear como lle sucede a dona Rosa.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Patriarcado.
- Violencia machista.
- A muller noutras culturas.
- Maternidade.
- A dobre xornada laboral da muller.
- Ruptura dos estereotipos tradicionais.

Temática e xénero

- Novela realista e distópica.
- Favelas.
- Mafía.
- Relacións interxeracionais.
- Violencia brutal.
- Empatía e solidariedade.
- Valentía.
- Traizón.

Pequeno fragmento significativo

Todas rin ás gargalladas a ocorrencia da moza e deseguido as faces das mulleres tornan serias, duras coma riarengos do río. A algunhas, ademais, engrándaselles os ollos pola emoción ou a carraxe. Todas elas coñecen un veciño ou teñen un familiar morto por botar a lingua a pacer. Todas elas saben que o Chibo nin esquece nin perdoa. Xamais.

Maisa enxauga a roupa, escórrea retorcéndoa e métea na bañeira moi devagar. Coa pesada carga sobre a súa cabeza, inicia o regreso cobregueando polas canellas da colonia nun percorrido que podería facer cos ollos pechados, nun camiño que repite case a cotío e que os seus pés cansos saben de memoria. Poucas novidades acontecen en Seavia e todas as mulleres, como guiadas bestas de carga, seguen os carreiros marcados sen posibilidade ningunha de saíren deles. Algunha tentouno, rebelouse contra a tiranía do poder do seu home,

contra a pasividade do barrio, contra as rexoubas das mulleres e xa non fica entre elas para contalo.

Actividades

1. Elaborar unha relación das actividades que realizan as mulleres e nenas e outra das que realizan os homes e nenos neste libro. Reflexionar sobre o contido das listaxes e os posibles motivos para, posteriormente, tirar conclusións.
2. Nesta novela, aparecen moi marcados os roles considerados por tradición femininos e masculinos; pero tamén hai exemplos da afouteza das mulleres e rapazas nunha situación moi desfavorable. Descubriro e realizar un debate sobre quen amosa realmente valentía na colonia de Seavia.
3. Responder ás preguntas argumentando as respostas:
Cales son as expectativas de Efrém e Daiara? Son concidentes?
Hai esperanza en Seavia?
Por que se di que a beleza é pecado?
A rapazada é coidada polas mulleres, coma se os homes non existisen. Quen realiza as tarefas o coidado, aínda hoxe, nas familias?
4. Buscar a historia que hai detrás de cada unha destas palabras, dentro da novela: valentía, traición, empatía, invisibilidade, solidariedade, rebelión, esperanza, rebeldía, paternidade, maternidade, desaparición, poder...
5. En Suevia os nenos xogan a sicarios e laretas (da mesma maneira que noutras sociedades se fai a policías e ladróns) coma se non houberse outra alternativa posible, ningunha posibilidade de defender o ben. A que xogan as nenas?
6. Esta historia podería darse en moitas das bisbarras na periferia das grandes cidades, especialmente nalgunhas de Sudamérica, pero tamén noutras non tan afastadas. Coñeces algunha situación semellante? Busca información na rede e fai unha procura sobre noticias que fagan referencia ao tema.

Ligazóns

Escritor:

<http://alfaias.blogaliza.org/>

https://gl.wikipedia.org/wiki/Marcos_Calveiro

Libro:

Revista Criaturas: <http://www.criaturas.gal/critica-das-palabras-poden-matar-marcos-calveiro-edicions-xerais/>

Caderno da crítica: <https://cadernodacritica.wordpress.com/2015/09/23/as-palabras-poden-matar-de-marcos-calveiro/>

Imaxe tomada de:

Xerais: <https://www.xerais.gal/libro.php?id=3926342>

Cans



Texto: Carlos Meixide

Edición de autor, 2016

ISBN 978-84-16121-58-8

Sinopse

Continuación da novela anterior deste mesmo autor, *Ons*. As mesmas personaxes: Suso e Roi, Anabel e Fátima, e algunhas máis. Neste caso, os catro amigos vanse atopar o verán seguinte no festival de cine; están convidado a quedar na casa de Xoel (un novo director amigo de Anabel que é desta zona do Porriño e que participa cunha curta no festival. Neste caso, os desencontros amorosos dos mozos e mozas, as diferentes maneiras de entender o que sucedeu o verán pasado, as distintas formas de relacionarse cos sentimentos, experiencias sexuais que nos falan da indefinición de opcións distintas ou de facer visible que estas existen, os celos... van aparecendo suavemente mentres asistimos a unha nova aventura na que tres dos asistentes ao festival desaparecen. Unha carta que atopan nun dos cuartos da casa de Xoel, leva a Suso, Fátima e unha nova amiga a unha cova que se esborralla mentres buscan, coma nun mapa do tesouro, os restos da guerra civil.

A busca e rescate en situación límite alterna co desenlace do festival, a confusión e sentimentos encontrados dos mozos son os ingredientes desta novela.

Unha serie de preguntas arredor do feito amoroso e da amizade na adolescencia corren parellas ao amor na terceira idade que semella atopar a nai de Suso.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- A descuberta das experiencias sexuais e o amor.
- Amor romántico.
- Distintas tipoloxías de familia.
- Identidades sexuais non predominantes.
- Modelos igualitarios.
- Empoderamento das mulleres.
- Opcións sexuais diferentes.

Temática e xéneros

- Novela de aventuras.
- Cuadrilla.
- Relacións amorosas.
- As pegadas da guerra civil.
- Festival de Cans.
- A presenza de Luís Tosar.

Pequeno fragmento significativo

- Supoño que iso é normal, Roi. Eu tamén estou confuso. Ás veces penso que todos eses que presumen de ter as cousas claras son uns grandes impostores. O natural é estar confuso. O mundo é grande e complicado, cada persoa é diferente, e os nosos sentimentos son volubles de máis. Daquela, que certezas podemos ter? Eu atreveríame a dicir que o único certo nesta vida é a amizade, o amigos de verdade: ti, Fátima, Anabel... Eu deixei levar tamén e logo, cando rematamos, estaba feliz, deitado na area, coa marea a refrescarme a cada pouco os últimos raios de sol... Por iso logo me estrañou o teu cabreo, pero

supoño que tamén o entendín. Vivimos nunha illa demasiado pequena en que non están ben vistas determinadas cousas.

Actividades

1. Revisar outros fragmentos nas páxinas 43, 44, 70, 71, 72, 99 ou 146 e mantede un debate arredor dos temas que van aparecendo.
2. Observar a vea cómica do autor no tratamento de determinados personaxes aos que ridiculiza sen ningún tipo de límites e comentar que hai de clixés ou estereotipos neles.
3. Analizar a diferenza na visión das relacións entre os diferentes personaxes.
4. Establecer unha comparanza entre as relacións da nai de Suso e o seu acompañante e as da cuadrilla de mozos e mozas.
5. Na cuberta da novela aparece "O cinco de Ons chegan ao festival de Cans para gozaren dunha fin de semana de amor, humor e, sobre todo, moito cine. O que non saben é que un acontecemento inesperado vainos converter nos protagonistas dunha excitante aventura que nos atraparará ata o final...". Vaiamos analizando cada enunciado: Cales son os cinco? Onde vemos amor? E humor? E cine?...
6. Cans e Ons son dous topónimos con puntos en común. Unha boa achega ao título de dúas novelas que teñen máis en común que os títulos. Opinemos ao respecto.
7. Indagar sobre diferentes opcións sexuais e a súa presenza noutras novelas.
8. Hai algo que o autor oculta e que queda na imaxinación dos lectores e lectoras, a conversa entre o presidente Núñez Feijoo e Noela na entrega do premio.

Ligazóns

Escritor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Carlos_Meixide

Libro:

<https://lecturafilia.com/2016/05/30/ons-de-carlos-meixide/>

<http://www.festivaldecans.gal/es/cans-a-nova-novela-do-escri-tor-carlos-meixide/>

De domingo a domingo



Texto: Xosé Manuel Ogando Montes "Coco Montes"

Edicións Fervenza, 2016

Colección A Pinguela. Teatro escolar

ISBN: 978-84-945375-0-9

Sinopse

Son outros tempos. A acción ten lugar no lavadoiro comunal, un lugar de socialización das mulleres, antes de que as lavadoras chegasen ás casas. Xúntanse para lavar e de paso cóntanse as súas preocupacións e axúdanse a resolvelas. O conflito xorde cando os pais de Xulia deciden amañarlle o matrimonio cun bo partido sen ter en conta que ela está namorada doutro mozo.

Coa axuda da casamenteira, de dúas amigas e un amigo inventan un embarazo que non existe para que todos acepten ese matrimonio por amor.

A decisión de Xulia de non casar con quen deciden os demais por ela e o consello da casamenteira, unha muller con moita experiencia e coñecemento, son a clave para un final feliz. Unha historia que lembra o pasado nestas terras e tamén o que noutros países continúa a ser costume.

Contidos e etiquetas

- A muller no pasado.
- Sororidade.
- Matrimonio de conveniencia.
- Visibilidade da muller.
- Patriarcado.

Temática e xéneros

- Teatro.
- Mundo rural.
- Antigos costumes.
- Dúas linguas para representar dous estamentos sociais.

Pequeno fragmento significativo

XULIA.- (Triste, desolada, desesperanzada) Estou descorazonada. Desolada. Non sei que facer... (Ten moita tristura) Os meus pais acordaron un casorio entre Pepito Valdouro e máis eu... Entereime o outro día mentres ceabamos! Nin me pediron opinión. Aí estiveron convencéndome que se era o mellor partido para min que se ía vivir como unha raíña, que se é o mellor mozo de todos...

CLARIÑA.- Non podo crer o que estás contando.

GLORIÑA.- Pero tanto así, Xulia?

(...)

GLORIÑA.- *Tan mal esta túa nai?*

CLARIÑA.- *Boh. Foi dende o día que a meu pai se lle antollou facer el só o cocido. Eu xa rematei coas dores pero miña nai, ai, miña nai! Todo o que come bótao para fóra. Aínda estamos pensando que demo lle botou meu pai ao cocido.*

GLORIÑA.- *Vaia! Pois cando meu pai quere facer o xantar, sempre conseguimos que pense noutra cousa, o fútbol!, por exemplo, e así xa non entra na cociña.*

Actividades

1. Preguntar aos maiores acerca dos matrimonios amañados. Investigar en que países do mundo este costume segue en pé. Comentar se dentro do noso país puido seguir a suceder iso en determinados casos.
2. Sororidade ou axuda entre mulleres semella que é o que se dá nesta pequena obra. A casamenteira, cumpre ou non o seu papel?
3. Hai casos nos que o enfrontamento directo, a rebelión contra quen ostenta o poder semella non ser a mellor maneira de arranxar o conflito; neste caso, téndeselles unha trampa aos pais e a Pepito Valdouro para conseguir evitar o matrimonio de conveniencia. Nos roles tradicionais de xénero, o masculino propón o confrontamento directo, mesmo violento se é preciso, mentres que o feminino propón a negociación, a submisión ou o subterfuxio. Neste caso, Xulia desbota a submisión e opta polo subterfuxio. Que farías ti? Ata onde pasarías por enganar para conseguir facer valer a xustiza? Discutamos ese dilema moral.
4. Localicemos lugares públicos de encontro de mulleres que no pasado puidesen mitigar a súa soidade ou encerro.
5. Observemos a utilización das linguas baseándonos na situación social dos falantes e comentemos se iso continúa a producirse desa maneira. Tradicionalmente, as mulleres, como nais e educadoras, tiveron unha alta responsabilidade na aprendizaxe e transmisión da lingua (non por acaso, falamos de “lingua nai” ou “lingua materna”). Relacionemos este feito co papel que agora cumpren os medios de comunicación, as institucións e a escola na superioridade de linguas máis “fortes”, coma o castelán, sobre outras máis “febles” coma o galego.
6. A obra reproduce estereotipos e prexuízos respecto dos roles que poden desenvolver ou non os homes, por exemplo cociñando; son as propias mulleres quen non admiten que eles cociñen. Recollemos opinións ao respecto e tamén no papel das mulleres na reprodución dos roles e estereotipos.

Ligazóns

Escritor:

<http://www.farodevigo.es/opinion/2016/01/09/esmutelin-estrena-domingo-domingo-museo/1382556.html>

Libro:

http://www.edicionsfervenza.es/index.php?id_product=93&controller=product

Denébola a Roxa



Texto: Héctor Cajaraville

Ilustracións: Ana Pereira

Baía Edicións

Colección Meiga Moira

ISBN: 978-84-9995-210-9

Obra gañadora do
Premio Meiga Moira 2016

Sinopse

A obra sitúase no paso do século XVI ao XVII. A moza protagonista, Denébola, pertence aos Moumetáns, unha das familias máis poderosa das terras do Barbanza. O que máis lle gusta é ler os libros da biblioteca familiar; o saber científico é a súa paixón, pero, o día no que cumpre quince anos, o seu pai anuncia que vai ser monxa de clausura no convento de Santa Clara en Santiago. Entregar a súa filla á Igrexa é algo que considera necesario para que os seus negocios conten co apoio eclesiástico. Denébola non está conforme, mais os seus desexos non se teñen en conta, igual que non se tiveron, antes, os da tía Mencía, roxa coma ela e desaparecida da historia familiar.

Unha novela de aventuras na que unha muller, que leva o nome da estrela máis brillante que forma a cola da constelación do Leo, vai loitar por conseguir cambiar o destino que o pai escollera para ela. Nun mundo de homes, ha de sobrepoñerse ás máis difíciles situacións e ás circunstancias máis adversas ata converterse en pirata e posterior-

mente en capitá e dona de embarcacións dedicadas a un comercio non legal, pero si consentido, entre América e Europa.

Ela conseguirá que a superstición asociada á cor do seu pelo deixe de ser unha contrariedade para converterse nunha bendición que pode aproveitar ao seu favor.

Este relato demostra ata onde pode chegar a afouteza dunha muller disposta a cambiar o futuro.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- A descuberta das experiencias sexuais e o amor.
- A muller no pasado.
- Visibilidade das mulleres.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Empoderamento das mulleres.
- Identidades sexuais non predominantes.
- Modelos igualitarios.
- Ruptura de prexuízos.
- Muller e relixión.
- Patriarcado.
- Muller e ciencia.

Temáticas e xénero

- Novela de aventuras.
- Relacións familiares.
- Amizade.

Pequeno fragmento significativo

- Eu de maior quero ser matemático!
- Si, pero ben ves como van as cosas por aquí –dixo Denébola con certo pesadume–. Xa o noso pai se encarga de decidir por nós: Afonso será quen quede cos negocios del; Fernando

no exército. E vai ti saber o que xa ten preparado para nós os dous...

- Tanto me ten! Serei matemático! –berrou Fabián-. E astrónomo... –engadiu polo baixo.
- Denébola non puido disimular un sorriso.
- Así me gusta! Con esa disposición, has ser o que queiras!
“Oxalá puidese decir o mesmo de min”, murmurou mentres cravaba a vista no horizonte, alén mesmo de ata onde chegaban o predios da familia.

Actividades

1. Describir cada un dos personaxes que nos semellan de máis interese, desde a perspectiva de xénero, é dicir, desde o punto de vista de dar continuidade aos estereotipos ou cambialos:
 - Denébola
 - Fabián
 - O pai
 - A nai
 - A aia Estevaíña
 - A tía Mencía
 - Afonso
 - ...
2. Desde a propia dedicatoria, o autor concreta o seu obxectivo. Convén lela detidamente e comentala: “A todas as mulleres que renegan de que o seu destino estea escrito nas estrelas”.
3. Na páxina 95 e 96 podemos ler a historia de Grace O’Malley, unha nobre irlandesa convertida en pirata. Unha desas historias de mulleres que descoñecemos porque foron borradas do decorrer histórico. Denébola dubida de que sexa unha lenda, pero se buscamos información veremos que se trata dunha historia certa, coma moitas outras que podemos achegar.
4. Cómpre unha análise do papel do patriarcado en relación á súa crueldade non só coas mulleres senón tamén cos propios homes aos que obriga a cumprir unhas expectativas que poden non compartir.

5. Comparar o rol activo de Denébola fronte á actitude submisa e vitimista da nai, que non fai nada por cambiar a orde das cousas.
6. Busquemos datos para argumentar o papel secundario da muller na Igrexa, pero tamén para demostrar que aínda así, ao longo da historia houbo mulleres abadesas e monxas que a pesar de ter certo poder e coñecemento non foron recollidas para pasar á posterioridade ou facelo moitos anos máis tarde como sucedeu coa monxa Exeria ou con Hildegarda von Bingen.
7. Muller e bruxería é un clásico. Neste caso tamén se lle quere colocar ese cualificativo a Denébola debido á cor do seu pelo, pero ela é quen de sacar partido a esa ignorancia. Pensemos nalgún outro caso no que suceda ou poida suceder o mesmo.
8. Por moi difícil que sexa a situación sempre se pode tentar cambiala. Ese é o lema que motiva as melloras ao longo da historia da humanidade. Denébola anima a Fabián a loitar, e ela tamén o fai. Pensemos en que casos temos defendido cuestións xustas e en cales estamos dispostas/os a facelo.
9. O primeiro que sabemos de Denébola é que é unha moza interesada polo saber científico que coñece a través da biblioteca do seu pazo. Algo que no semella "normal" naqueles mundos nos que as mulleres non accedían á universidade. Indagar cando entraron as mulleres na Universidade de Santiago.
10. O feito de retirarlle o nome e poñerlle outro (de Denébola a sor Consolación) fainos pensar en como se pretende eliminar o pasado, na transformación dunha persoa noutra... algo que nos pode lembrar tamén aquelas sociedades onde a muller perde o seu apelido para pasar a utilizar o do seu home, de maneira que pasa dunha familia a outra. Opinemos ao respecto.
11. Leamos en voz alta e detidamente a páxina 63 para observar o efecto dos usos e costumes sobre a nosa maneira de pensar e actuar. "Amásannos ata converternos no que queren", dille sor Patrocinio a Denébola. Pensemos de que maneira actúan sobre nós os medios de comunicación, a publicidade, os costumes tradicionais... para que escollamos determinadas cores, formas de vestir, elección de profesións... de tal maneira

que conseguen que creamos que son decisións nosas cando veñen totalmente inducidas.

12. Cando Mauricio, o grumete teme que Denébola se sinta atraída por Marcus, o segundo de a bordo, Mustafá tranquilízao, asegurándolle que a el lle gustan os homes. Desta maneira aparece a homosexualidade, tratada con toda a normalidade nun lugar tan machista coma un barco. As preferencias sexuais son así... preferencias, sen máis. Estaría ben comentar se consideran que sempre teñen esa carta de naturalidade.
13. A elección dun grumete como parella por parte de Denébola, en lugar de buscar alguén do seu mesmo nivel ou superior, fainos pensar en que ten superados os estereotipos que a través dos contos e outras fórmulas de socialización se inculcan ás mulleres. Do mesmo xeito, Denébola vai deixar de navegar un tempo porque lle apetece quedar en terra coa súa filla, pero non desbota volver ao mar. Vexamos o poema de Xohana Torres arredor do verso "Eu tamén navegar" e comentemos todo o que hai detrás destas decisións.

Ligazóns

Escritor:

<http://www.cajaraville.eu/>

Ilustradora:

<http://anapedreira.tumblr.com/>

Editorial:

<http://baiaeditions.gal/denebola-a-roxa.html>

Outras:

<http://www.sermsgaliza.gal/articulo/cultura/hector-cajaraville-ganha-meiga-moira-2016-literatura-infantil-xuvenil/20161013144436051929.html>

As crónicas de Landereina

Feitizo de sangue

(Segunda entrega)



Texto: Sabela González

Ilustracións e mapas da autora

Editorial Galaxia, 2015

ISBN: 978-84-9865-580-3

Sinopse

Esta novela pertence á triloxía fantástica que comeza con *Bágoa de Lúa* e terá continuidade en *Sangue de Lúa*.

O mal pretende facerse co poder que outorga a Pedra de Lúa. Para iso ha de xuntar as diferentes partes da peza; atoparaas grazas ao sangue do príncipe de Landereina, Ohn, que mostra sobre o mapa os lugares onde estas se atopan. Un destes anacos é a Bágoa de Lúa que porta Berenguela, unha das descendentes dos Gheiroez.

Berenguela e a druída Güenaela comparten orfandade pois as súas nais foron asasinadas polas forzas malvadas neste retorno do horror.

Elas van na procura do feitizo que pode destruír para sempre a maxia do amuleto. O reino está sendo tomado polos monstros manexados pola traidora, unha amazona ambiciosa que enganou o home que tivo acceso ao libro do coñecemento. Día a día a presenza do mal é maior. Agora, só elas van poder paralos coa axuda dos seres que estean dispostos a axudalas, desde elfos, sabios ou guerreiros huntai. Unha viaxe chea de enganos e perigos.

Ao tempo que sucede esta acción que se desenvolve en 1227, un *feedback* paralelo lévanos ao 1034 no que o odio e sede de vinganza que sente Wiasmau o leva a converterse no bruxo máis malvado que poidamos imaxinar.

Triloxía protagonizada por Berenguela e onde as mulleres asumen un papel fundamental.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Símbolo e mitos femininos.
- Visibilidade das mulleres.
- Saga feminina.
- Sororidade.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Ruptura de roles tradicionais.

Temáticas e xéneros

- Novela fantástica.
- Amizade.

Pequenos fragmentos significativos

- Vaia, vaia, vaia -o home alosou mastigando as palabras, as pálpebras semellaban pesarlle, evidenciando a súa ebriedade-. Mirade que cousas guapas nos deixaron na porta! -berrou, ladeando lixeiramente a cabeza para se asegurar de que a súa información chegaba aos grupos do interior.

Previsiblemente, os homes da aldea fóronse erguendo e achegando á entrada, mentres as rapazas ían tensando a súa figura, nerviosas. Berenguela notaba como a brida lle esvaraba

na man suorenta e inclinábase cara a Güenaela, procurando apoio na calor do seu corpo, pero Güenaela parecía estar conxelada, non só pola temperatura exterior, senón no interior, coma se dun intre a outro puidese tanto saltar enriba do home como saír correndo. Os guerreiros huntai foron chegando á entrada formando un coro estridente. Algúns semellaban irados e dipostos a botalas da súa entrada dunha couce. Outros rían e asubiaban. A Berenguela custábale decidir que reacción lle daba máis medo. (A chegada de Berenguela e Güenaela á terra dos hutai)

(...)

- *Güen, es humana. É normal sentir carraxe e rabia e frustración. Viches feble e parece ser que iso é algo que non podes soportar -os ollos de Güenela absorberon as súas palabras-. Tes que aprender a tragar o orgullo, supoño. Pero, sobre todo, tes que aprender que precisamente eses sentimentos, e máis a culpa que sentes agora, son o que fai de ti unha persoa e non un monstro. (Berenguela fala con Güenaela)*

(...)

As amazonas erguéronse e abandonaron a área central de gabaia deixando só as tres rexentes. Cátaba e Bunm pousados no chan. Cátaba deixou caer a cabeza, exhausta pero aliviada pola resolución. Bunm axudoulle a erguerse con coidado, ante a atenta ollada das rexedoras. Cando por fin estivo dereita e sen acenos de dor no rostro, unha das rexentes achegouse e, pousándolle unha man no ombreiro, falou con suavidade.

- *Atoparemos a nena de Sastia, Cátaba -os ollos da amazona brillaron cunha esperanza que Cátaba pensara que xa nunca sabería recoñecer-. Faremos o que estea na nosa man polo reino. (Os pais adoptivos de Berenguela ante as amazonas)*

(...)

Willamar, acabouse -díxolle un día ao espectro que sentaba á mesa removendo as lentellas sen interese. Villamar ergueu a vista en silencio, agardando unha explicación con absoluta incompreensión-. Non podes seguir así, xa está ben. Cando morreu o teu pai -Willamar remexeuse, incomodo ante o pensamento do que sabía que ía escoitar-, tampouco foi fácil, pero eu non vos deixei ir. Fixen das tripas corazón e púxenme a

traballar. Xa está ben de choromicar, podes sufrir canto queiras, pero non esquezas que es un pai e que tes unha familia, unha casa e unhas leiras que manter.

(A nai tenta facer entrar en razón a Willamar)

(...)

- Entón, dime -falou ela, garatuxeira-, quen es ti e por que debo confiar en ti?

Gan sorriu e abriu as mans para dar comezo a un momento de sinceridade. Xunto ao crepitar das ondas contra o casco da nave, os dous contáronse as cousas que non tiñan que ver cunha aventura nin cunha guerra e puderon sorrir como se facía antes de que ninguén morrese asasinado, confesándose ideas que só se contan a quen che esperta bolboretas entre as costelas. (Berenguela e Gan coñecéndose)

Actividades

1. Realizar a listaxe das personaxes femininas que aparecen no libro e anotar cal é o rol que representan.
2. Argumentar a razón pola que se di que o libro forma parte dunha saga feminina.
3. Indagar sobre outras sagas nas que as mulleres teñen un papel importante.
4. As amazonas forman parte dunha mitoloxía de mulleres guerreiras. Buscar información acerca delas noutros textos.
5. Comentar cal é o papel das amazonas nesta saga.
6. Unha druída acompaña a Berenguela nesta aventura. Indaguemos acerca do seu cometido e que a une á moza protagonista.
7. Cada un dos fragmentos recollidos do libro achega un aspecto a ter en conta en relación ás mulleres. Pódense comentar e buscar outros que resulten de interese entre os lectores e as lectoras para achegar outras visións.
8. Realizar unha posta en común acerca do papel das mulleres nesta obra:
 - Dúas mulleres dispostas a todo para loitar contra o mal.
 - O grupo das amazonas comprometidas en salvar o reino.

- Mulleres guerreiras e decididas, pero tamén mulleres dispostas ao afecto e á comprensión, a reflexionar acerca do comportamento e das emocións, a facer entrar en razón un home ávido de vinganza...
9. Homes e mulleres que representan o ben e o mal na obra. Elaborar unha táboa que recolla os personaxes que poderíamos colocar en cada un dos bloques.

Personaxes que representan o ben	Personaxes que representan o mal

Ligazóns


Autora:

<http://www.sabelagonzalez.com/>

Libro:

<http://editorialgalaxia.gal/produto/feitizo-de-sangue/>

Maelström, Maelström



Texto: Manuel Sánchez Gálvez
Galaxia, 2016

Colección Costa Oeste

ISBN: 978-84-9865-721-0

Finalista do Premio de Novela por
Entregas de La Voz de Galicia 2015

Primero Premio do Certame da Lonxa
Literaria de Moaña

Sinopse

Amanda é unha muller separada que ten unha filla pequena. Encántalle pasar tempo coa nena pero debe conciliar a súa vida familiar cun estresante traballo no que vén de ser ascendida. A protagonista conta coa inestimábel axuda de súa nai, que comeza a cuestionarse até onde chega o pracer de coidar a nena e onde comeza a ser a crianza da neta unha obriga. Todo comeza a mudar cando Amanda merca un piso e dá cun caderno no que está escrita a verdadeira historia do Capitán Nemo (moi diferente da contada por Julio Verne...). A trama fantástica comeza a se entrelazar coa vida das protagonistas e fai que Amanda reflexione sobre as súas prioridades.

Nesta historia atopamos tres xeracións de mulleres dunha mesma familia, e ollamos tres roles moi diferenciados, algúns marcados pola complexidade de conciliar a vida laboral e familiar. As dúbidas da protagonista acerca de como harmonizar o coidado e atención da

filla e manter un traballo de responsabilidade marcan unha das claves da contemporaneidade.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de roles tradicionais.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Maternidade.
- Sororidade.
- Muller no espazo público.
- Distintas tipoloxías de familia.
- Conciliación familiar e profesional.

Temáticas e xéneros

- Relacións familiares.
- Julio Verne. Capitán Nemo. Referencias literarias.
- Inmortalidade.
- Relacións interxeracionais.

Pequeno fragmento significativo

Doeulle nese momento esa avoa de conto que deseñara o seu maxín. Unha avoa á que lle encantaba recoller a neta ao frío, para que Amanda puidese ser alguén importante na empresa, para que puidese gañar máis cartos e demostrar a todo o mundo que ela non necesitaba o pai de Xiana para nada. E todo iso o facía a súa nai por amor.

Actividades

1. Reflexión conxunta da rapazada acerca de quen os atende e os coida. A continuación, trátase de ver cantas, desas persoas, son homes e cantas son mulleres.
2. Responder ás seguintes preguntas:
 - Como adoitamos chamar os profesionais que coidan dos nenos e nenas cando os seus pais non poden facelo? Hai máis homes ou mulleres neste grupo?

- Como adoitamos chamar os profesionais que limpan, cociñan ou organizan a casa cando os pais non poden facelo todo? Hai máis homes ou mellores neste grupo?
 - Quen acostuma levalos ao médico cando se poñen enfermos: o pai ou a nai? Quen queda con eles, na casa, acompañándoos cando non poden ir á escola?
 - Se hai un avó ou avoa na casa ou alguén que haxa que coidar, quen lle presta máis atención, o pai ou a nai?
- 3.** Debate acerca das razóns polas que, normalmente, hai máis homes que mulleres nos postos de máis responsabilidade profesional, relacionándoo co compromiso de coidado que as mulleres asumen na vida persoal e familiar.

Ligazóns

Escritor:

<http://editorialgalaxia.gal/autor/manuel-sanchez-galvez/>

<http://www.elcorreogallego.es/galicia/ecg/escribir-supuxo-min-unha-gran-axuda-momentos-dificiles/idEdicion-2016-08-10/idNoticia-1011703/>

Libro:

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/cultura/2016/07/12/maelstrom-maelstrom/0003_201607G12P37992.htm

<https://revoltadafreixa.blogspot.com.es/2016/09/manuel-sanchez-galvez-maelstrom.html>

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2016/09/02/maelstrom-maelstrom-de-manuel-sanchez-galvez/>

Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta



Texto: Leticia Costas

Ilustracións: Andrés Meixide

Edicións Xerais de Galicia

Colección: Fóra de Xogo

Premio

Lazarillo de Creación Literaria 2015

Sinopse

Violeta, protagonista desta historia ambientada no Vigo de finais do século XIX, terá ocasión de coñecer en persoa o afamado novelista francés Jules Verne, que acude á botica do seu avó para tratar de descubrir o segredo das mulleres planta, estirpe á que pertencen as mulleres da súa familia.

Protagonista feminina que rompe cos estereotipos. Boa lectora desde a nenez, curiosa e pertinaz chegará a ser botánica, ocupando un espazo no ámbito das ciencias, reservado no século XIX, ao masculino.

Contidos e etiquetas

- Ruptura de roles tradicionais.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Visibilidade da muller.
- Distintas tipoloxías de familia.
- Muller e ciencia.
- Distintas tipoloxías de familia.
- Prevención da violencia de xénero.
- Modelos igualitarios.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Novela fantástica.
- Referencias históricas e literarias.
- Natureza.
- Amizade.
- Importancia da lectura.
- Supervivencia.
- Misterio.
- Relacións interxeracionais.

Fragmento significativo

Pierre observaba a Violeta con certa fascinación. Tratará con rapazas, máis ningunha coma esta. Era lista e espelida. E sabía ler. Aquelo era o que máis o sorprendía de todo (...)

Ás veces, a intelixencia de Violeta desconcertábo. E certo, que tanto el coma Melisa se preocuparan de que estivese rodeada de cultura desde ben pequena. Criárase entre plantas medicinais, libros de botica e fórmulas químicas. Mais Philipot non deixaba de sorprenderse coa sagacidade daquela rapaza que medraba demasiado rápido.

Actividades

1. Localizar as obras de Jules Verne e as de Leticia Costas. Realizar unha relación dos títulos e dos nomes de quen as protagonizan. Cuantificar as personaxes femininas. Extraer conclusións ao respecto.
2. Buscar información sobre Jeanne Baret, botánica do s. XIX e as dificultades coas que se atopa na súa profesión por ser muller.
3. Informarse sobre a carga simbólica dos nomes das plantas e flores como Melisa, Violeta e Azucena asociada a nomes de muller.
4. Describir a protagonista da novela. Crear o seu perfil nunha rede social.
5. Elaborar a árbore xenealóxica da familia de Violeta, cos datos de cada unha das persoas. Que característica común identifica as tres mulleres da mesma estirpe? Que semellanzas hai entre as plantas e a fortaleza da muller como sostén da familia?
6. Sinalar algunha actividade ou comportamento de Violeta que sexa atribuído normalmente aos homes. Por exemplo, na súa relación con Pierre. Quen dos dous ten o papel máis activo na relación?
7. O personaxe da nai de Violeta está rodeado dun certo misterio por ter abandonado a súa filla cando esta era unha cativa. Como se xulga o papel desta nai na novela? Como o ves ti?
8. Outro personaxe feminino é Lola, a costureira, unha das amigas da avoa de Violeta. Móstrase desconfiada, irritada e indignada porque Philipot (marido de Melisa) non lle permite visitala. (páx. 86–87). Que tema importante introduce a autora, Leticia Costas neste capítulo? Xustifica a túa resposta e comenta o comportamento das dúas mulleres.
9. A importancia da indumentaria para sentirse cómoda coas situacións vividas está presente en varios momentos da historia. Comentar as opinións ao respecto.
10. Comentar a relación que pode existir entre esta novela e estoutras: *A expedición do Pacífico*, de Marilar Aleixandre, e *Herba moura*, de Teresa Moure.
11. Obradoiro de escritura.

Imaxina como será a vida na Fraga das Mulleres Planta. Redacta un breve diario que recolla a estancia durante unha semana dende a chegada de Melisa, poñendo especial atención nas sensacións olfactivas das que está impregnada toda a novela. Que non falten tampouco na Fraga!

Ligazóns

Escritora:

<http://lediciacostas.com/gl/>

Twitter da escritora: @LeticiaCostas

Ilustrador:

<http://andresmeixide.com/>

Libro:


Sobre a estancia de Jules Verne en Vigo:

<http://www.vigoempresa.com/html/es/cronicas.php?id=111587>

Recensión de Montse Pena Presas:

<https://blog.xerais.gal/2016/a-escrita-planta-texto-de-montse-pena-presas-sobre-jules-verne-e-a-vida-secreta-das-mulleres-planta-de-ledicia-costas/>

Non hai luz sen escuridade



Texto: Andrea Barreira

Ilustracións: José Ángel Ares

Urco Editora, 2015

ISBN: 978-84-15699-68-2

Sinopse

Lea, seguindo as indicacións dos seus pais, debe emprender unha viaxe na procura de conseguir todos os seus poderes para poder converterse nunha feiticeira completa. No camiño atoparase cunha variedade de personaxes que lle permitirán descubrir os claroscuros do mundo que a rodean á vez que coñecerse mellor a si mesma.

Historia con protagonista feminina que encarna unha heroína de ciencia ficción rebelde e inconformista, que cuestiona as bases da cultura patriarcal da que procede, desafiando o papel autoritario do seu pai, poñéndoo en cuestión para logo tomar por si mesma as decisións que cre lle corresponden. A súa imaxe non resulta idealizada, máis ben amósase ante o lector coma unha rapaza fría, desconfiada, descoidada no seu aspecto físico... pero que, pola contra posúe un forte carácter e afouteza.

Por outra banda, ao longo da viaxe, coñeceremos da man da protagonista toda unha galería de personaxes femininos que permiten a autora facer visible a presenza da muller nos distintos ámbitos dese mundo imaxinario. Os papeis masculinos, porén, quedan relegados a un segundo plano, coa excepción de Eume, mentor de Lea.

Cómpre destacar a presenza de Amadeo, príncipe azul ou cabaleiro andante nun papel totalmente ridiculizado, conseguindo a autora darlles volta aos estereotipos dos contos tradicionais de príncipes salvadores na busca da princesa en perigo. A heroína, amosarase sempre autosuficiente e capaz de enfrontarse por si mesma ante as adversidades.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilidade da muller.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Muller e mitoloxía.
- Empoderamento da muller.

Temáticas e xéneros

- Novela fantástica.
- Formación da identidade.
- Rebeldía. Inconformismo.
- Mocidade. Viaxe iniciática.
- Aventuras.
- Mitoloxía.

Fragmento significativo

Lea nunca soportara a gaiola de pedra en que vivía. Desde nena enxeñárase para escapar unha e outra vez. Nunha das fugas, unha brillante bóla de lume achegárase a xogar con ela. (...) A luz atravesou a codia e unha porta abriuse tras ela. Sempre orgullosa, ocultou o seu temor e empurrouna con coído.

(...)

Sentíase afogar como un peixe sacado á forza da auga. Xa non podía máis, non o resistía. Nese momento decatouse de que non estaba disposta nin a que seu pai nin a súa dragoa de cinza a asustasen nunca máis. (...) Tiña que destruílos antes de que se apoderasen dela.

(...)

Lea, ao ver a cortesía excesiva coa que a trataba, non podía crer que el non se decatase de que viña de loitar cunha muller. (...)

- *Ves que precise axuda? A cara de Lea amosaba escepticismo.*
- *Tes todas as características dunha dama en perigo.*
- *Nin son unha dama nin corro perigo. Máis ao mellor estalo ti.*
- *Non temo a nada! A miña educación non mo permite! Darei a miña vida por ti se é preciso.*
- *Non creo que cheguemos a ese extremo. Podes ir en busca doutra... princesa. Douche o meu permiso e as bendicións de todos os deuses -dixo Lea, desesperada*

Actividades

1. Algúns dos trazos que definen a Lea, protagonista da novela son: ollos fríos e grises, pel branca, despeiteada, cun moño negro, mans tatuadas, vestida de negro ata os pés... A súa personalidade está marcada polas dificultades para controlar o seu carácter, por ser desconfiada, descoidada, testana, pero tamén decidida, inconformista, autosuficiente, rebelde... Con estes datos creamos o seu perfil en Instagram.
2. Relacionar os seguintes nomes cos personaxes da novela e a súa simboloxía:

Lea	Sarxa	Carola	Sombra	Elia	Eume	Amadeo
-----	-------	--------	--------	------	------	--------

Quen é?

1. Fada da luz.
2. Druída branco, adestrador nas artes máxicas.
3. Ladroa, vestida de home.
4. Feiticeira nova e inexperta.
5. Príncipe e cabaleiro andante.
6. Harpía, ser alado.
7. Loba que acompaña a Lea.

Simboloxía

- a. Planta de propiedades medicinais.
 - b. Muller forte.
 - c. Afluente do río Miño.
 - d. Río principal e nome da fraga que baña as súas augas.
 - e. O que ama a Deus.
 - f. Presenza protectora.
 - g. A que resplandece coma o sol.
- Lea, ao longo da súa viaxe vai atopándose cun variado abano de seres míticos e personaxes da cultura popular galega: meigas, fadas, druídas... Facer a listaxe destes personaxes e caracterizalos brevemente salientando os trazos que mellor os definen. Na listaxe aparecen máis personaxes femininos ou masculinos? Que razóns levarían a autora da novela a tomar esta decisión?
 - Na novela cuestiónase a validez dos roles clásicos e apóstase por unha renovación das condutas. O caso máis claro vézmo-lo na actuación do príncipe Amadeo. Explicar as razóns. Sinalar algunha outra escena da novela na que se presenten personaxes masculinos que resultan ridiculizados e incluso humillados ante unha dama altiva, prepotente e fría.

- A viaxe de Lea, ademais de ser unha fonte de aprendizaxe, permitirlle coñecerse máis a si mesma. Indicar algún parágrafo do libro no que se aprecie.
- O papel da nai de Lea apártase do estereotipo convencional das nais protectoras. Como é a relación coa súa filla? Buscar unha frase na novela que xustifique a túa resposta.
- Ao longo da historia houbo mulleres que tiveron que vestirse de home para poder realizar unha encomenda que estaba reservada ao ámbito masculino. Que personaxe na novela se fai pasar por home sendo muller? Por que razóns? Como reacciona Lea? Que tipo de complicidade se establece entre elas? Citar algún outro caso real de mulleres que tivesen que pasar polo mesmo.
- Obradoiro de escritura. Imaxina que es director/a de cine e queres converter a historia de Lea en imaxes. Indica o nome da actriz que mellor encarnaría o papel da feiticeira. Deseña o cartel da película. Non esquezas incluír algunha frase que invite a ver a película.

Ligazóns

Escritora:

<http://urcoeditora.com/autor/andrea-barreira-freije/>

Twitter: @A_Freije

Ilustrador:

Twitter: @JoseAngelARES


Instagram: <https://www.instagram.com/arescomic/>

Libro:

Recensión de Ramón Nicolás

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2015/07/04/non-hai-luz-sen-escuridade-de-andrea-barreira-freije/>

Norteáns



Texto: Mar Guerra Cid

Edicións Xerais de Galicia, 2016

Colección Fóra de Xogo

ISBN 10: 8491210695

ISBN 13: 978-84-9121-069-6

Sinopse

Tres mulleres, Banda, a súa filla Leta e Cances, a filla menor de Neixón, señor dos Norteáns, desafían as leis de Nola cando intentan asistir ao ritual de iniciación de Berobris, irmán xemelgo de Cances, e herdeiro do pobo norteán. Mulleres que aman saltándose os convencionalismos da época e que conviven con homes que loitan pola xustiza, nalgúns dos casos, ou que se vingan das traizóns noutros, na sociedade da Galicia castrexa do século I antes de Cristo.

Novela coral, onde o peso do papel da muller é relevante. Estamos diante dunha sociedade patriarcal sostida polas mulleres-nais. Os personaxes son nomeados, en moitas ocasións como fillos dunha muller. Así, Forca é o fillo de Reva, a meiga; Leta, a filla de Banda, a tecelá; Berobris, o fillo de Armeá; Áser, o fillo de Anera; Golán, o fillo de Cala... Así mesmo, a presenza e sobre todo a ausencia da nai na infancia

dos personaxes é determinante na súas traxectorias vitais. Vémolo por exemplo en Vite, o cartago.

A novela reconstrúe a sociedade castrexa do século I antes de Cristo cos valores e piares que a sustentan, conservadores dos roles tradicionais e non favorables para as mulleres. Porén, a través dalgúns trazos significativos da personalidade das personaxes femininas, como son a súa curiosidade permanente e a súa afouteza desafiando as leis impostas, pódese afirmar que das páxinas de Norteáns se desprende unha visión feminista na que a loita pola igualdade xa estaba presente.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Patriarcado.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Maternidade.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Violencia machista.

Etiquetas

- Novela histórica.
- Epopea.
- Sociedade castrexa.
- Amor.
- Amizade.
- Aventuras.
- Revolución social.

Fragmentsos

Nunca desafiaba a autoridade do Silio. Nin sequer cando lle impoñía normas caprichosas, como o feito de non poder saír da contorna do lar baixo ningún concepto, ou ese empeño que puña en que tomase baños a miúdo na choupana da auga, e se peitease ben, e fose sempre ben vestida como para asistir a un cerimonial.

(...)

A norteá abandonara a rebeldía que a caracterizara, tamén a vontade de ferro e a súa afouteza...

(...)

Ania era a súa muller, propiedade de seu, coa que podía facer o que lle petase, mesmo matala a golpes. Bastaba con que dese unha razón para xustificalo diante do Consello. Non ocorría con frecuencia, emporiso. As mulleres supuñan no Mangual, un ben precioso, por escaso e non estaba ben visto desbaldilo. Era o que salvaba a moitas.

(...)

Unha femia de calquera clase -vaca, ovella, cabra, cocha ou mesmo muller-, non dá creado vida por máis que o amo llelo pregue aos ceos noite e día, e faga sacrificios arreo. Precisan un macho que as cubra e lles pouse un abroche no ventre -ben un boi, un carneiro, un cabrón ou un varón...

(...)

Sempre estivera orgullosa de Banda, da súa resolución, do seu xeito de enfrontar os problemas e resolver os atrancos; da súa teima en ficar libre de ataduras, sen deixarse asoballar por ningún, fose home ou deus.

Actividades

1. Buscar información sobre a cultura castrexa, a súa iconografía, costumes, tipo de sociedade, o papel da muller.
2. Relacionar cada personaxe coa súa descrición na historia:

Leta	Cances	Reva	Banda	Runa	Entena
------	--------	------	-------	------	--------

- a. Testalana, leva a contraria ao Consello. A súa curiosidade sería considerada unha grave transgresión, unha infamia (páx. 26-28)
- b. Muller brava e decidida que mataron despois de forzala diante do fillo (páx. 170)
- c. Boa e agarimosa, unha rapariga incapaz de facer dano a propósito. Rebelde e deslinguada, pero cun corazón nobre e xusto (páx. 34)

- d. Parteira, depositaria das artes ancestrais (páx. 303)
 - e. A viúva máis cotizada da contorna; unha das mulleres máis ricas de Nola (páx. 34)
 - f. Meiga con sorriso amplo e branquísimo, goíños nas meixelas, nariz recto e pequecho, ollos de lume (páx. 37)
3. Ler de novo a páx. 31. Leta afirma que a lei non é igual para todos. A que se refire? Opinar sobre se na actualidade as mulleres seguen excluídas dalgunhas facetas da vida en sociedade xustificando a resposta.
 4. Forca, o fillo de Reva, tolea por Leta. Unha moreniña espelida, traste, mesmo irresponsable malia ser unha moza en idade de emparellar (páx. 34). Completar a descrición que o ourive fai da moza e opinar acerca de se responde ou non a un estereotipo razoando a resposta.
 5. Ao longo da historia é frecuente a caracterización das mulleres polos atributos referidos á súa beleza física. Buscar algún exemplo. Responde a un estereotipo que talvez xa non se dá na nosa sociedade? Xustificar a resposta.
 6. Na páxina 125 Bris séntese moi orgulloso dos seus atributos virís. De igual maneira, cres que este estereotipo masculino está superado hoxe en día?
 7. Banda e o Luso manteñen unha relación en segredo e fóra da lei (páx. 47 e 48) Leta e Bris tamén. (páx. 125-126) Cales son os motivos? Pódense dar na actualidade relacións que sexan mal vistas pola sociedade? Xustificar a resposta.
 8. O tema da violación das mulleres está tamén presente na novela. Curiosamente Vite ve de neno como mallan e forzan a súa nai (páx.125-126). Xa de mozo, confesa (páx. 320) que abusou de Leta e séntese avergoñado. Cres que é suficiente para reparar os danos cometidos?
 9. Outro tema tamén presente é o da violencia machista. Na sociedade castrexa parece aceptarse que o home poida mallar na muller. Así Leta o afirma cando dá por ben feito que Sillio era rudo e desagradable, pero menos fero do que daba a entender. Nunca mallara nela, por exemplo. (páx. 278). Outro exemplo é o home de Ania, a filla de Runa (páx. 327). Recolle ese fragmento. Cres que somos demasiado permisivos con este tema que aínda hoxe segue vixente?

10. A referencia ás nais é unha constante ao longo da novela. Moitos dos personaxes aparecen nomeados como fillos dunha muller. Busca algúns exemplos e explica a que motivos cres que obedece.
11. Silio non acepta o fillo que Leta acaba de parir, porque se decata que non é o seu pai. O tema da honra luxada (páx. 345). Como cualificas este sentimento?

Ligazóns

Escritora:


https://gl.wikipedia.org/wiki/Mar_Guerra

Obra:

<https://bretemas.gal/onte-1827/>

O camiño da Estadea

O regreso de Sheila e Said



Texto: Ramón Caride

Ilustracións: Miguelanxo Prado

ISBN: 978-84-9121-092-4

Xerais, 2016

Sinopse

Sheila viaxa a Bambari, na África central en compañía do seu irmán Said e a moza deste, convidados a participar na inauguración dun gran centro comercial. Alí coñecerá a Enu que acaba de perder o seu pai a causa dun estraño accidente. A partir deste suceso e dun encontro un tanto enigmático coa avoa de Enu, inician unha investigación que os levará a destapar toda unha armazón corrupta na que os que ostentan o poder parecen ser inmunes.

Novela con protagonista feminina. O papel de Sheila toma relevancia e visibilidade na trama da historia, a pesar de formar equipo co seu irmán Said e manter con el unha relación igualitaria. A presenza feminina na novela é constante, tanto no ámbito privado como no

público. Aí temos a Irina, moza do seu irmá, a Anahí e Kitwe, moza e avoa de Enu, respectivamente, Sandra e Alicia Vicedo, nai e filla, xornalista e historiadora lucenses, e Zainaab, presidenta de Bambari quen aparece acompañada dunha muller fiscal...

A historia de amor que xorde entre os protagonistas está formulada como unha relación entre iguais, rachando cos estereotipos tradicionais na conquista entre home e muller. Por outra banda, asistimos tamén a un cambio de roles no papel masculino cando vemos por dúas ocasións chorar a Enu.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilidade da muller.
- Muller no espazo público.
- Ruptura de roles tradicionais.
- A imaxe da muller na publicidade e medios de comunicación.
- A muller no pasado.
- A muller noutras culturas.
- Modelo igualitarios.
- Novas masculinidades.
- A trata de mulleres.

Temática e xénero

- Novela de ciencia ficción.
- Amizade.
- Amor.
- Denuncia social.
- Corrupción.
- As relacións de poder.
- Trata de mulleres.
- A procura das orixes. Aventuras.
- Ecoloxía.

Fragmento significativo

Clans desapiadados, formados por individuos sen escrúpulos, uns de orixe sudamericana, outros de procedencia africana fan de intermediarios neste tráfico clandestino en complot con redes delituosas da comunidade europea. Maila as súas singularidades, o método delictivo é moi semellante. Captan mulleres novas en barrios periféricos ou contornos pobres dos países desfavorecidos coa promesa dun traballo doméstico ben remunerado en Europa. (...) Tras gañaren a confianza e a das súas familias, a fin de que acometan a tan ansiada viaxe, facilítanlles o diñeiro para a pasaxe legal ou clandestina, o pasaporte -no primeiro caso- e os cartos e os enderezos precisos para pasaren a alfándega cun visado de turista. Unha vez no seu destino retíranlle os cartos, féchanas en clubs ou mantéñenas en guetos arredados da poboación local obrigándoas a prostituírse para saldar a débeda.

Actividades

1. O camiño da Estadea. O regreso de Shaila e Said é a última obra publicada por Ramón Caride que forma parte dunha pentaloxía que comezou coa obra *Perigo vexetal*. Completar o nome das outras obras que forman parte desta saga e sinalar se hai protagonismo feminino.
2. A trama da novela sitúase en Bambari, unha república centroafricana. Sitúaa nun mapa. Fai unha relación dos nomes dos presidentes que tivo a finais do século XX ata a actualidade. Hai algunha muller que ostentase este cargo? Comprobar se noutros países do continente africano hai ou houbo mulleres gobernando.
3. Cos datos que sabemos de Sheila pódese crear un perfil en twitter para ela. Hanse de incluír algúns seguidores ao igual que outras persoas ou entidades ás que ela quixese seguir. Escribir varios chíos no twitter de Sheila que leven a etiqueta #nuncamáismulleresexplotadas.
4. Na novela denúncianse, entre outros temas, a explotación sexual de mulleres traídas doutros países. Le de novo a páxina 81. Sabes que hoxe en día segue ocorrendo isto? 6. Que medidas cres que se terían que tomar para poder erradicar este problema? A Operación Carioca destapou unha trama de

prostitución e corrupción en Lugo; pódese buscar información sobre a mesma.

5. Enu séntese avergonzado cando descobre que a súa bisavoa practicou a prostitución. Porén, Sheila, dille que foi unha muller enganada, violentada e explotada (páx. 83). Opinar sobre esta resposta.
6. Na novela asistimos a unha ruptura amorosa entre Enu e Anahí ao mesmo tempo que ao inicio dunha nova relación entre Enu e Sheila. Comentar estas dúas situacións que vive Enu coas dúas rapazas. Poderías dicir que son personaxes antagónicos?
7. O comportamento de Anahí, resulta un tanto soberbio e racista en varias ocasións cando fala co seu mozo Enu, a pesar de que a trama está situada nun futuro con grandes avances tecnolóxicos. Neste sentido, podemos afirmar que o autor é pesimista respecto aos valores éticos da sociedade avanzada? Razoar a resposta.
8. Os homes non choran é un dito moi estendido que se lles di aos nenos para que se fagan fortes, pero non ás nenas. Porén na novela vemos por dúas ocasións chorar a Enu. Ler de novo as páxinas 151 e 171 do libro e recoller os motivos polos que se sente tan desolado.
9. Obradoiro de escritura. Escribe varios chíos no twitter de Sheila que leven a etiqueta #nuncamáismullereseexplotadas.

Ligazóns

Escritor:

<https://www.xerais.gal/autores.php?tipo=autores&id=202159>

Ilustrador:

<http://www.miguelanxoprado.com/>

Libro:

Comentario de Xosé M. Eyre:

<https://blog.xerais.gal/2017/aventuras-ecoloxia-e-denuncia-do-rascismo-o-camino-da-estadea-de-ramon-caride-critica-de-xose-manuel-eyre/>

Ons



Texto: Carlos Meixide

Edición de autor, 2015

ISBN 978-84-16121-35-9

Sinopse

É verán na illa de Ons. Dous adolescentes, Suso e Roi, amigos case obrigatorios porque na illa hai pouca xente da súa idade coinciden con dúas rapazas que veñen de veraneo: Anabel, que aparece cada ano cos seus pais, e a súa prima Fátima, que os acompaña nesta ocasión.

Vanse amigando e experimentando os primeiros asuntos amorosos e sexuais ao tempo que asisten a unha verdadeira aventura na que eles serán os protagonistas. Un cadáver atopado na praia, unha fa-reira que aparece morta semellando un suicidio, un garda que vai agachando probas e ameazándoos mentres o resto dos habitantes viven alleos ao problema.

Os asuntos sucios da política e a corrupción que veñen de tempos pasados fanse presentes, cando os fillos dos sindicalistas do 72 en Vigo tentan investigar que pasou coa morte dos pais, acabarán atopán-

dose coa súa. Fronte a toda esa mafia, dous insulares e dúas veraneantes investigan e descubren a verdade.

En *Cans*, a seguinte obra deste autor, ten continuidade a novela.

A liberación sexual das rapazas e a súa autoestima é parella á deles, talvez provocada polos diferentes lugares de residencia, pero trae un ar fresco e un novo modelo que está na rúa e non sempre no libros.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- A descuberta das experiencias sexuais e o amor.
- Empoderamento das mulleres.
- Distintas tipoloxías de familia.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Modelos igualitarios.

Temática e xéneros

- Novela de aventuras.
- Cuadrilla.
- Relacións amorosas.
- Asasinados dentro das forzas da orde.
- Asasinatos encubertos de sindicalistas.
- As mafias do poder.

Pequeno fragmento significativo

- *Horrible. O colar máis atroz que vin na miña vida –as dúas rapazas estouparon nunha sonora gargallada.*
- *Eu tamén o penso. Pero, oes, di ti quen o fixo el coas súas mans. Foi un detalle superriquiño, non?*
- *Non che digo que non. Con todo, era mellor que che regalase un poema, polo menos non tiñas que levalo todo o tempo á vista da xente!*
- *Non sexas mala. O importante é o detalle. Encantoume. O problema é que logo ao Roi non sei que lle pasa pero nótolle*

certa falta de despexo. Eu esperaba que me entrase... en cambio ficou calado toda a noite. Quedei a dúas velas!

- *É tímido.*
- *Ben o sei. Pois vai ter que espelirse! Está claro que terei que tomar eu a iniciativa porque gustar ben se ve que lle gusto, coma a todo o mundo. Peor dálle vergonza, meu pobre, e é normal (...) Por certo, ti non perdes o tempo, eh? Onte collícheslle a man a Suso e non lla soltastes en toda a noite!*

Actividades

1. Localizar textos nos que se observa a liberación sexual das rapazas.
2. Observar o humor do autor no tratamento dos personaxes. Definir cada un deles e apuntar aqueles nos que se descubren estereotipos e roles machistas, razoando a escolla. Fixarse tamén nos que responden a estereotipos esaxerados ata o punto de converterse case en caricaturas.
3. Analizar a diferenza na visión da "primeira vez" ou iniciación sexual por parte da rapaza e o rapaz. Opinar acerca das diferentes formas de afrontala entre eles e as posibles causas, pero tamén entre esta xeración e as pasadas, atendendo ao que levan escoitado ou ao que preguntan aos maiores.
4. Outro punto no que pode haber diferenza coa xeracións anteriores pode ser a idade das rapazas e rapaces á hora da iniciación sexual ou a idade da parella (ela máis maior ca el). Opinemos ao respecto.
5. O libro permite falar de sexualidade adolescente de maneira clara e sen tabús facilitando a resolución de dúbidas convertendo en normal algo que por razón de prexuízos nos empeñamos en ocultar. Trataríase de aproveitalo para debater.

Ligazón


Páxina do escritor:

https://gl.wikipedia.org/wiki/Carlos_Meixide

Outras ligazóns relacionadas co libro:

<https://lecturafilia.com/2016/05/30/ons-de-carlos-meixide/>

Os que levan o lume



Texto: Álvaro López

Ilustracións: Álvaro López

Editorial Demo, 2015

Colección: Hainös

ISBN: 978-84-943403-5-2

Sinopse

Dous relatos paralelos, ocorridos en espazos temporais diferentes, que rematan por confluír, amosan a historia de Oksana e Lem, nun tempo no que unha grave epidemia de peste vai rematando coa poboación.

Oksana é axudada por un personaxe enmascarado logo de que unha araña-lobo mate os seus compañeiros, os que levan o lume.

Ao longo da historia amósanse a crueldade e a violencia tanto dos señores das poboacións coma das bandas adicadas á pillaxe.

A violencia coa que son tratadas as mulleres é moi evidente, así como o seu papel na defensa dos fillos.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Violencia machista.
- Sororidade.
- Visibilidade da muller.
- Cambio de roles.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Maternidade.

Temática e xénero

- Banda deseñada.
- Fantasía.
- Peste.
- Civilización salvaxe de cazadores.

Pequeno fragmento significativo

- Teño herba de pogk e son boa curandeira.
Toda a vida me preparei para isto.
Servir o meu mestre, ser unha curandeira.
E quizais, algún día, ser quen de levar o lume.
Agora sinto como se aquel soño tornase nun pesadelo.
(...)
- *Cando cheguemos á miña aldea casaremos. Terás que traballar duro para gañar o teu sitio entre as outras. Pero eu coidarei de ti, serás a miña preferida.*

Actividades

1. Elaborade unha listaxe con títulos de banda deseñada nos que as protagonistas sexan mulleres afoutas: guerreiras, loitadoras, heroínas, donas do seu destino... prestade atención ao ano de edición. Podedes tirar algunha conclusión?

2. Eliminando os trazos fantásticos deste relato, a que época histórica se asemellaría máis? Cal era a situación da muller nesa época?
3. O remate deste relato narrado en viñetas pode consideralo aberto? Elaborade en equipo un *story-board* no que imaxinedes diferentes finais para a historia. Como continua o relato para Lem?, para Oksana?, volven cruzarse os seus camiños?
4. Observade con atención o personaxe de Oksana. Da primeira viñeta na que aparece (pax.14) ao remate do libro, hai un cambio substancial na súa actitude e no seu xeito de enfrontarse á vida. Comentade entre vós. En que credes que consiste? A que é debido? Tería outras alternativas?
5. Como se pode observar, as mulleres son cazadas en campo aberto, coma animais, para converterse en esposas escravas. Por outra banda, na cidade Sir Gregor xa non só non as escoita senón que non admite que poidan pensar pola súa conta, pero a nai toma a decisión de irse para buscar algún futuro para a súa filla. Ademais, as nenas tamén poden levar o lume. Semella algo improbable, mais, somos conscientes de que moitas mulleres no mundo son secuestradas por mafias para ser tratadas coma escravas sexuais?

Ligazóns

Ligazón á páxina do escritor:

<http://jardinatomicozine.blogspot.com.es/>


Outras ligazóns relacionadas co libro:

Kómic: <http://komic.es/gl/lecturas/553-os-que-levan-o-lume-alvaro-lopez-demo-editorial.html>

Qadriños: <http://qadriños.prazapublica.com/post/130501648247/a-destruci%C3%B3n-do-tempo>

Imaxe tomada de: <http://demoeditorial.com/gl/haeinoes/56-os-que-levan-o-lume.html>

Penúltimas tendencias



Texto: Carlos Negro

Edicións Xerais de Galicia, 2014

Colección Fóra de Xogo

ISBN 978-84-9914-607-2

Sinopse

Libro de poesía xuvenil centrado no mundo que a publicidade dirixe ás mozas. Despois de *Makinaria* que falaba do universo masculino, este volume vai dedicado "A todas as mozas / que non admiten / costuras nos labios". Varias citas (Amy Winehouse, Emma Pedreira, Yolanda Castaño e Lupe Gómez) serven de pórtico de entrada. O poemario está dividido en diferentes apartados (algún deles dun só poema): *It girl*, *Barbie girl*, *Es unha chica chic* (Autocuestionario), *Casual look*, *Non teño ganas de ti*, *A que sabe o amor?* e *Post it*. En primeira persoa, unha moza toma a palabra para repasar ese imaxinario e rebelarse.

A presentación editorial non pode ser máis significativa: "Este é un libro de versos que rompen as costuras do silencio; un álbum secreto para todas aquelas mozas que procuran unha fenda nos valos,

máis alá da gaiola rosa dos contos de princesas; un diario onde unha adolescente convulsa e opaca atopa a voz que nunca tivo. Porque medrar é aprender a fuxir da ditadura dos espellos.

Non agardes máis, entra nun universo onde non todo vai ser *fashion & cool & chic & sexy*".

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Feminismo.
- Visibilidade da muller.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Prevención da violencia de xénero.
- Feminismo.
- A imaxe da muller na publicidade e medios de comunicación.
- Socialización de xénero.
- Loita contra as expectativas publicitarias e dos medios de comunicación.

Temática e xéneros

- Poesía xuvenil.
- O mundo das mozas: tradición e *mass media*.
- A repercusión no imaxinario feminino.
- Rebelión contra o imperio da moda.
- Préstamos na lingua.

Pequeno fragmento significativo

Fóra de control

A quen chamo, como visto, onde andabas metida...

En canto valoras, my boy, este corte de mangas?

Areas movedizas

Advírtenme outra vez do perigo.

*Que teña coidado ao saír de noite,
 que non estrague ese lindo vestido
 ao que lle din un futuro por diante.
 Repiten en conxunto o mesmo rito,
 Poñen caras e acenos protectores, ton de voz fundamentalmente
 preocupado.
 Contesto axiña, actriz esaxerada:
 Non vou ser tan parva, xa sabedes.
 Non quero ser a bonequiña rota.
 Pero no fondo non estou tan segura.*

Actividades

1. O mundo das Barbies, das bonecas sexuadas e que propoñen un modelo de moza, delgada, con curvas e mozo, cun roupeiro e xoieiro de vertixe... Sería interesante escribir sobre a propia experiencia con ese tipo de bonecas, pero tamén investigar en que momento aparecen e como se manteñen ao longo do tempo, cales son os modelos que están a construír, as expectativas que crean, a posible relación con algunhas enfermidades alimenticias ou cos corpos anticipadamente sexuados das nenas.
2. Reflexionar sobre as prisións nas que se introduce as mulleres: gaiolas de ouro de talles, cores, medidas, formas, beleza física... a partir dos poemas e a experiencia persoal.
3. Revisar o mundo Disney e as súas adaptación dos contos tradicionais analizando os papeis femininos e se responden a estereotipos de xénero.
4. Pensar con sinceridade ata que punto nos vemos reflectidas ou non neses poemas e no mundo ao que se refiren.
5. Buscar poemas nos que se traten aspectos como a menstruación, os micromachismos, embarazos non desexados, as prisións internas polo que temos interiorizado, a adolescente gótica, a popularidade, o traballo de construción da nova muller que non atura os machismos,...
6. Desaprender o que se nos ensinou para aprender a ser a nova muller que se autoafirma nun imaxinario propio, para evitar

calquera tipo de violencia machista, camiñando ao lado das novas masculinidades e construíndo un mundo máis igualitario e xusto. Ese podería ser o obxectivo que nos propón o autor. Debatamos acerca da súa posibilidade, dos pasos a dar, dos avances percibidos nos últimos tempos...

7. Para aqueles e aquelas que queiran seguir profundando recomendamos os outros libros do autor *Makinaria* e *Masculino singular*.

Ligazóns

Escritor:

http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=CarNegro1

Libro:


<https://biosbardia.wordpress.com/2014/03/05/penultimas-tendencias-clixe-contra-clixe/>

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2014/03/03/penultimas-tendencias-de-carlos-negro/>

As crónicas de Landereina

Sangue de Lúa

(Terceira entrega)



Texto: Sabela González

**As crónicas de Landereina
(terceira entrega)**

Ilustracións e mapas da autora

Editorial Galaxia 2016

ISBN: 978-84-9151-012-3

Sinopse

Esta novela pertence á triloxía fantástica que comeza con *Bágoa de Lúa* e continúa con *Feitizo de Sangue*, para rematar con *Sangue de Lúa*.

O mal pretende facerse co poder que outorga a Pedra de Lúa. A dinastía dos Gheiroez divide a Pedra en varios anacos que distribúe por lugares afastados para que nunca máis se volvan unir os seus poderes. A encargada deste traballo non o dá rematado antes de que unha traidora da Tríade das Amazonas sexa quen de enganar ao home que tivo acceso ao libro do coñecemento. Neste libro cóntase toda a historia deste amuleto de poder.

Despois de matar os reis, a traidora axudada polos kaihunn secuestra o príncipe de Landereina, Ohn, que lle servirá de ferramenta porque o seu sangue sobre o mapa mostra os lugares onde se atopan as partes da Pedra. Un destes anacos é a Bágua de Lúa que porta Berenguela, unha das descendentes dos Gheiroez.

Berenguela e a druída Güenaela, dúas rapazas afoutas, comparten orfandade pois as súas nais foron asasinadas polas forzas malvadas neste retorno do terror. Elas van na procura do feitizo que pode destruír para sempre a maxia do amuleto.

O reino está sendo tomado polos monstros manexados pola que fora rexedora das Amazonas. Día a día a presenza do mal é maior. Agora, só elas van poder paralos coa axuda dos seres que estean dispostos a axudalas, desde elfos, sabios, centauros, ananos ou guerreiros huntai. Unha viaxe chea de enganar e perigos que rematará cando poidan destruír a Pedra dúas persoas descendentes dos Gheiroez que teñan compartido unha traxedia.

Ao tempo que sucede esta acción que se desenvolve en 1227, un feedback paralelo lévanos ao 1034 no que o odio e sede de vinganza que sente Wiasmau o levan a converterse no bruxo vingativo e máis malvado que poidamos imaxinar.

Triloxía protagonizada por Berenguela e onde as mulleres asumen un papel fundamental.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Símbolos e mitos femininos.
- Visibilidade da muller.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- Saga feminina.
- Soronidade.
- Ruptura de roles tradicionais.

Temáticas e xéneros

- Novela fantástica.
- Triloxía.
- Amizade.
- A loita do ben contra o mal.

Pequenos fragmentos significativos

- As traducións dos centauros teñen estas cousas. Trabucámonos tanto... Non sei por que non mo advertiron, Non son dous Geiroez calquera, son "dúas" Gheiroez, e sodes vós. Vós sodes as elixidas para acabar coa Pedra de Lúa, vós sodes as portadoras do Sangue de Lúa.

(...)

Muin tusiu con disimulo e empuxou a Cataba co cóbado. Que lle gustase ou non, ela erixírase na líder daquel novo exército e sería tarefa súa promover a misión á que se dirixía. Cataba sorriulle ao centauro e deu un paso adiante.

- A nosa filla e unha compañeira foron a Ghekla nunha importante misión. Sabemos que alí as sorprendeu unha trampa... E non sabemos se se atopan ben.
- O centauro abriu un enorme sorriso no rostro.
- *Falas de Berenguela e a druída!*
- *Falo, si –sorprendeuse Cataba. Bunm, ao seu carón, apertouna instintivamente cun brazo.*
- *Dúas rapaciñas ben afoutas. Seguro que están ben, non temades.*

(...)

Bunm, que correu canto puido para ir socorrer os feridos que se espallaban pola fraga, contou máis de vinte kaihunn mais, a maiores, viu que na loita tamén había outros moitos homes de negro, co rostro cuberto cun pano, coma os que recordaba da visita de Maëriß ao seu fogar da praia. Como puido, cargou cos feridos e agrupou a toda xente débil que puido lonxe do perigo. A súa ollada escapaba cada poucos segundos para se asegurar de que Cataba estaba a salvo. Nun extremo do que se podería considerar o campo de batalla, Cataba defendíase con axilidade dun home de negro, a pesar do xesto de dor que amosaba a súa face.

(...)

Paseniño e de xeito incrivelmente ordenado para a cantidade de huntai que conformaban o grupo, todos se dirixiron ao acubillo elixido, tomaron asento e escoitaron con atención os plans das líderes primeiro de botar o último sono antes da guerra.

Actividades

1. Realizar a listaxe das personaxes femininas que aparecen no libro e anotar cal é o rol que representan.
2. Argumentar a razón pola que se di que este volume forma parte dunha saga feminina.
3. Indagar sobre outras sagas nas que as mulleres teñen un papel importante.
4. As amazonas forman parte dunha mitoloxía de mulleres guerreiras. Buscar información acerca delas noutros textos.
5. Comentar cal é o papel das amazonas nesta saga.
6. Cada un dos fragmentos recollidos do libro achega un aspecto a ter en conta en relación ás mulleres e o seu rol no desenvolvemento da historia. Pódense comentar estes e buscar outros que resulten de interese entre os lectores e as lectoras para achegar outras visións.
7. Dúas mulleres dispostas a todo para loitar contra o mal. Mulleres guerreiras e decididas, pero tamén mulleres dispostas ao afecto e á comprensión, á reflexión acerca do comportamento e as emocións... Realizar unha posta en común acerca do papel das mulleres nesta obra.
8. Berenguela e Gan están namorados, ela é valente pero el ten moito medo ata o punto de que nun momento determinado os inimigos o aproveitan para poder enfeitizalo. Por outra banda, podemos observar a parella de Cátaba e Bunm, mentres ela dirixe a tropa de combate, el preocúpase de coidar dos feridos. Nestes dous casos, os roles e estereotipos de xénero semellan non ser os tradicionais. Opinar ao respecto.

Ligazóns


Escritora:

<http://www.sabelagonzalez.com/>

Libro:

<http://editorialgalaxia.gal/produto/feitizo-de-sangue/>

Tártarus



Texto: Antonio Manuel Fraga

Edicións Xerais de Galicia

Colección Fóra de Xogo

ISBN: 978-84-9914-980-6

Sinopse

Na cidade de Audierna os distritos ricos están reservados para os güendos e os pobres para os mallumás, dúas comunidades afastadas polo odio e a discriminación.

Unha güenda, Guiomar, lembra as clases de klavia recibidas durante a súa adolescencia na casa da Mastrina Xaovén, unha vella profesora de música. A inicialmente difícil relación coa súa mestra cambia cando a Mastrina lle propón un trato: contaralle unha historia a cambio de que Guiomar aprenda a tocar a klavia. A partir de entón, despois de cada clase, a Mastrina nállalle unha fantástica aventura que comeza cando Átika, unha rapaza güenda, asiste de incógnito a un concerto nun distrito mallumá. Átika perde o tren de volta á casa e

vese na obriga de ir canda Fuco, un neno da rúa empeñado en saber por que a cidade está inzada de alacráns. As súas pescudas lévaos a descubrir a existencia dun mundo soterrado, Nigrofe, onde un gran perigo ameaza con destruír todo canto coñecen da man de seres crueis e confusos.

Un final aberto para esa historia na que a moza Átika vai disposta a recuperar o neno Fuco ao prezo que sexa. Un relato dentro doutro relato.

Unha e outra historia protagonizada por mulleres que adoptan papeis activos en relación á propia vida e ao mundo no que viven.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Ruptura de roles tradicionais.
- Ruptura de estereotipos machistas.
- Sororidade.
- Visibilidade da muller.
- Empoderamento das mulleres.
- Modelos igualitarios.
- Muller no espazo público.
- A muller transmisora da tradición.

Temáticas e xéneros

- Novela fantástica.
- Discriminación por etnia.
- Solidariedade e compromiso.
- Amizade.

Pequenos fragmentos significativos

- De verdade pensades convencerme de que o destino de Audierna depende de min e deste rateiro –preguntou sinalando a Fuco—. Eu só son unha rapaza que veu a Bragunde a un concerto. Non teño nin idea de como acabei mesturada en toda esta historia. Nin este é o meu sitio, nin estes son os meus problemas.

- Sinto estar de acordo coa chioná –apuntou Fuco-. Esta empresa precisa doutros heroes.
- Ongá fitounos coa profundidade dos seus ollos escuros.
- *Daquela todo está perdido, todo –sentenciou-. Non hai outros heroes, os arcanos foron ben claros. Mais sodes vos os que tedes que elixir o voso destino, e non ao revés.*
- (...)
- *Dicídenos o que debemos facer –dixo por fin a moza; a súa determinación callou en Fuco, que inchou o peito disposto a aceptar o seu destino.*

(...)

Atika achegouse a Fuco e pousoulle unha man no ombreiro.

- Boa xogada –díxolle.
- *Ti tampouco estiveches mal, chioná –riu o rapaz-. Aínda que deberíamos reformular quen é o cerebro e quen a forza bruta.*

(...)

Coloqueille a Mastrina a almofada de modo que puido incorporarse. A anciá fechou os ollos para escoitar mellor a música. Na cociña o seu irmán continuaba a fregar os cacharros. Agarrei un guecho da súa melena e comecei a peitealo co cepillo procurando evitar os tiróns.

(...)

Cada chaveiro contiña unhas corenta chaves, polo que non resultou un labor sinxelo abrir todas as portas. No interior de cada unha das enormes celas encontraban a mesma desoladora imaxe: decenas de mulleres ordenadas por idades amoreadas e famélicas, descalzas e vestidas só cun camisón branco de liño. Arrimadas ás paredes había algunhas liteiras, insuficientes para tantas persoas, que repousaban deitadas sobre a fría pedra do chan.

Tardaron case dúas horas en liberalas a todas. Cando Átika chegou ao patio encabezando o seu derradeiro grupo, o das mulleres máis vellas, resultoulle imposible localizar os seus compañeiros entre aquel bulicio de ósos e teas brancas. Algunhas choraban, abrazando a familiares ou amigas ás que levaban anos sen ver. Outras berraban nomes ao aire, coa esperanza de atopar resposta á súa desesperada chamada. Non obs-

tante, a maioría choraba en soidade, co rostro desencaixado polo medo, gritando de pavor con cada nova sacudida do chan.

(...)

Despois dirixiuse cara á porta da muralla. Cando a atravesou, as dúas sentinelas saudárona inclinando as súas cabezas, permitiéndolle o paso sen facer pregunta ningunha. Era toda unha celebridade. Mesmo acadara sona de bruxa entre algúns dos homes que retornaran das montas, debido principalmente á súa intranspección e ao seu estraño cabelo louro.

Actividades

1. Comentar os textos seleccionados pola súa relación co tema da igualdade entre homes e mulleres.

Elaborar unha táboa cos personaxes e as características de cada un deles, deténdonos nos aspectos máis relacionados co xénero.

Nome de personaxe	Descrición
Guiomar	
Mastrina Xaovén	
Nivardo	
Átika	
Fuco	
Ongá	

2. Estamos ante unha historia dentro doutra historia. Relacionar os personaxes de ambos relatos.
3. A feiticeira Ongá semella representar esas mulleres cunha sabedoría intuitiva, popular ou marxinal que existiron ao longo da historia. Comentar o que entre unhas e outros saibamos ao res-

pecto. Explicar que pode haber detrás deste título: “As bruxas, vítimas da Ilustración”.

4. Realizar a enumeración dos aspectos nos que se fai patente o cambio que Guiomar sofre ao longo da novela.
5. Elaborar un texto no que se recolla o que podemos chamar “historia das mulleres” nesta novela.
6. Reflexionar acerca de como as mulleres, igual que os nenos e nenas, son a parte da poboación sobre a que se desata máis violencia. Buscar algún dato no texto para apoiar esta afirmación.

Ligazóns

Escritor:

<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/antonio-manuel-fraga>

Libro:

<https://www.xerais.gal/libro.php?id=4261135>

Xa non estou aquí



Texto: Iria Misa

Edicións Xerais de Galicia

Colección: Fóra de Xogo

ISBN: 978-84-9121-103-7

Premio Jules Verne
de Literatura Xuvenil 2016

Sinopse

Ánxela pasa por un período da súa vida un tanto convulso despois de que o seu mozo a deixase. Ten que repetir curso; os estudos perdéronlle interese, ao igual que as recomendacións que lle dan na casa. A incompreensión parece ser o máis norma nos seus días ata que coñece a María e o seu grupo de amigos que teñen uns hábitos ben diferentes aos que ela estaba afeita.

A medida que transcorre a trama da novela percibimos a evolución da protagonista. Preséntasenos nas primeiras páxinas coma unha rapaza que se sente visible para os demais, só a través dos ollos do seu mozo Xurxo. Séntese eloxiada como muller por ser escollida por Xurxo entre todas as súas amigas. Unha vez que el a deixa, atópase perdida. A situación parece virar cando Ánxela decide vingarse do mozo ao querer ligar este con María diante dos seus ollos. Este feito resulta revelador do cambio de carácter de Anxela, que xa non está disposta a deixarse humillar por ningún home. Historia de amizade entre

dúas mozas adolescentes que buscan a súa propia identidade. Mozas que loitan pola súa independencia, por atopar o seu lugar e por ser comprendidas nun mundo que se lles amosa hostil.

Historia fóra de convencionalismos e estereotipos que se poñen de manifesto tamén nas familias das protagonistas. A de Ánxela, que a pesar de sufrir os problemas típicos dunha familia en crise, trata de educar os fillos en liberdade e igualdade. Mariña, a nai, afirma de forma explícita disentir do que fan as cuñadas con respecto ao seguimento das fillas. A familia de María preséntase a través dun pai que a educou sen prexuízos de xénero. Non hai dogmatismos, nin xuízos de valor, a pesar do final tan pouco afortunado para a protagonista, que para algúns podería entenderse como castigo merecido, dada a deriva do comportamento de Ánxela.

Contidos relacionados coa igualdade de xénero

- Visibilidade da muller.
- Ruptura de roles tradicionais.
- Distintas tipoloxías de familia.
- Identidades sexuais non predominantes.
- Ruptura de estereotipos sexistas.
- A imaxe da muller na publicidade e medios de comunicación.

Temática e xénero

- Novela de iniciación e aprendizaxe.
- Misterio. Suspense.
- Amor.
- Relacións familiares.
- Aceptación e pertenza ao grupo.

Fragmento significativo

- Ti es unha broma! Que tiveses o papo de vir aquí é de traca! Que tiveses a santa cara de intentar ligar a miña mellor amiga, nos meus fociños, é de chiste total! Dásme un noxo que non te podo ver de diante!

- De verdade pensabas que estaba disposta a deitarme contigo? –preguntoulle María. Mira que es parvo!

El fitounos moi serio, sen defenderse sequera. A verdade, teño as miñas dúbidas que aquel mamalón fose capaz de sentir nada de remordemento. Só pensaba nel. Como fixera sempre. Comezou a tremer co frío. Buscou coa mirada a súa roupa, máis María xa se encargara de recollela mentres eu estivera falando.

(...)

- Que pretendes? Que volva espido á casa? (...)
- Así has aprender como se sente un cando lle rouban a dignidade –berreille.

Actividades

1. Recolle os trazos máis salientables da personalidade de Ánxela.
 - Elabora un retrato robot para ser publicado na prensa e na televisión.
 - Tras a súa desaparición nos medios publican fotos sacadas do seu perfil de Facebook. Que opinas ao respecto? Consideras ético que se poida acceder a contidos que teñen un carácter máis privado?
2. María é a única muller que forma parte dos Murnios, antes de que Ánxela entrase tamén no grupo. Cres que pode ser unha razón de que non haxa máis mulleres no grupo o feito de que vivan as súas experiencias ao límite? Razoa a túa resposta.
3. Coñecemos a familia de Ánxela dende as primeiras páxinas.
 - Observa o comportamento do pai e comenta a frase: Custoulle, pero o home xa se encarga dalgunha que outra tarefa sen que ninguén lle diga nada. (páx.14)
 - Comenta a reflexión da nai de Ánxela cando afirma sentir pudor ao ler o diario da súa filla e discrepa abertamente do que fan as súas cuñadas. O medo e a desconfianza, a necesidade de protexer ante perigos externos, parecen estar presentes sobre todo cando se trata de educar as nenas... (páxs. 15-19) Que pensas ao respecto?
4. Ánxela conta o que lle acontece, o que sente en cada momento. Así na festa de disfraces comenta: Non sabía moi ben por que, pero aquel cumprido non parecía tal. Sentínme igual

ca unha nena cursi, desas que sempre queren vestir de prince-
sas. (páxs. 70- 71)

- Pensas que quedan aínda moitas rapazas ás que lles gusta que as traten como princesas?
5. Gabriel, un dos rapaces do grupo dos Murnios é anoréxico. A propia Ánxela sorpréndese porque sempre se asocia esta enfermidade ás rapazas. (páx. 86)
 - Infórmate sobre as causas e a problemática da anorexia. Cita casos que o recoñeceran publicamente. Hai algún nome de home?
 6. Ánxela emprega a expresión “por causa de mulleres” coma un eufemismo e ante adultos. Paréceche oportuno que estas expresións se continúen utilizando nas conversas ou se deberían cambiar por outro tipo de léxico? (páx. 120)
 7. María láíase da ausencia do seu pai que a levaba ao fútbol e lle regalaba camisetas dos xogadores, no canto dos vestidos de lazos que lle mercaban a nai e a avoa e aos que ela cualifica de horripilantes (páx. 145). Cal é a túa opinión? Hai unha maneira distinta de educar as nenas e os nenos?
 8. Como cualificarías a vinganza que planeou Ánxela coa complicidade de María contra Xurxo? Resulta merecida, inmerecida, cruel, excesiva... tan só unha broma pesada? (páx. 187). Argumenta a túa resposta.

Ligazóns

Sobre a escritora:

<http://www.aelg.org/centro-documentacion/autores-as/iria-misa>

Twitter: @imisshapes

<https://twitter.com/imisshapes>

Instagram: (@iriamisa)

<https://www.instagram.com/iriamisa/>

Sobre a obra:

https://blog.xerais.gal/wp-content/uploads/2016/11/Xanonestou_MNavarro.pdf

<http://www.farodevigo.es/comarcas/2016/10/14/iria-misa-peralba-desaparicion-agueda/1550693.html>

 Xacobeo 2021

galicia



VICEPRESIDENCIA
DEL GOBIERNO
MINISTERIO
DE LA PRESIDENCIA, RELACIONES CON LAS CORTES
E IGUALDAD



XUNTA DE GALICIA